



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 65

Sesión plenaria
21 de marzo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.5 26821 (10/PNP-001896)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e cinco deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.6 27000 (10/PNP-001911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.7 27014 (10/PNP-001915)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

4.8 27161 (10/PNP-001929)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 26404 (10/INT-000852)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 267, do 27.02.2018

5.2 27038 (10/INT-000870)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e catro deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

5.3 27145 (10/INT-000878)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e trece deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 27786 (10/POPX-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante das reclamacións sociais contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

6.2 27787 (10/POPX-000080)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego de políticas públicas á altura do que merecen as persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

6.3 27789 (10/POPX-000081)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as reclamacións da cidadanía galega, expresadas nas rúas durante as últimas semanas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 24210 (10/POP-002925)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas reivindicacións laborais do persoal da Administración de xustiza, despois da ruptura das negociacións co comité de folga e tendo en conta o acordo parlamentario ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.2 27753 (10/PUP-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da implantación de medidas eficaces para contrarrestar todas as desigualdades denunciadas polas mulleres galegas nas manifestacións do 8 de marzo de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.3 26127 (10/POP-003105)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe e rexe-neración do fondo da ría de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

7.4 26804 (10/POP-003185)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.5 24021 (10/POP-002909)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e sete deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León en materia educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.6 26967 (10/PUP-000151)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

7.7 23557 (10/POP-002874)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.8 27774 (10/PUP-000155)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos medios humanos e materiais suficientes ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.9 27095 (10/POP-003221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación e o funcionamento das casas niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.10 27773 (10/PUP-000154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018.

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante das reclamacións sociais contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as reclamacións da cidadanía galega, expresadas nas rúas durante as últimas semanas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 13.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 14.)*

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)*

Réplica dos autores: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 19.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 20.)*

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 21.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego de políticas á altura do que merecen as persoas maiores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 24.)*

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 26.)*

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 27.)*

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 28.)*

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional en relación co Día Mundial da Síndrome de Down que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 30.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P). (Páx. 32.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 36.) e *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 40.)

O señor González Vázquez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pérez Seco (S)*. (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 46.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 48.) e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx.49.)

Nova intervención do señor Pérez Seco (S). (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 52.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 56.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 59.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 60.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 62.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx.62.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 68.) e Sr. González Vázquez (P). (Páx. 70.)

O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 72.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido: *aprobada por 40 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 73.)*

Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións: *rexeitado por 19 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións. (Páx. 74.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións, excepto o primeiro punto: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 75.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafiuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 75.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 76.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos, a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado: *aprobada por 40 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións. (Páx. 78.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Declaración institucional

O señor presidente lee unha declaración institucional en relación coa defensa do porvir do Centro Galego de Bos Aires, que a Cámara aproba por asentimento. (Páx. 78.)

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 83.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM).* (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 88.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 94.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 97.)

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 106.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica que foi solicitado polo propio Goberno o aprazamento da pregunta que figura en décimo lugar na orde do día. (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas reivindicacións laborais do persoal da Administración de xustiza, despois da ruptura das negociacións co comité de folga e tendo en conta o acordo parlamentario ao respecto. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 108.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 109.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 112.)

Pregunta de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da implantación de medidas eficaces para contrarrestar todas as desigualdades denunciadas polas mulleres galegas nas manifestacións do 8 de marzo de 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 117.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx.121 .)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx.125.)

Réplica do autor: *Sr. Casal Vidal (EM)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León en materia educativa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 129.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 130.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 131.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído). (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 140.)

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos medios humanos e materiais suficientes ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 141.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 142.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación e o funcionamento das casas niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 149.)

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión. *(Pausa.) (Murmurios.)*

Bos días outra vez.

Reiniciamos a sesión.

Comezo xustificando a inasistencia a este pleno da señora Barahona Martín.

E tamén saúdo os nosos invitados e, especialmente, saúdo tamén os alumnos do Instituto Enrique Muruais, de primeiro e segundo de bacharelato, da Pontenova. Benvidos ao Parlamento.

Comezamos cun debate acumulado no turno de preguntas ao presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia diante das reclamacións sociais contra a discriminación das mulleres, as baixas pensións ou os recortes na xustiza

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as reclamacións da cidadanía galega, expresadas nas rúas durante as últimas semanas

O señor PRESIDENTE: Comeza, polo tanto, preguntando dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día e moitas grazas, señor presidente.

Señor Feijóo, a democracia é moito máis que ir votar unha vez cada catro anos. E a cidadanía galega está facendo un exercicio de democracia real cando lle di nas rúas que nin a vostede nin ao Partido Popular ninguén lle asinou un cheque en branco para gobernar en contra das maiorías sociais. E ante o malestar que se expresa nas rúas, ¿cal é a súa resposta como presidente da Xunta de Galiza?, ¿escoitar?, ¿tomar nota?, ¿iniciar un proceso de diálogo con eses sectores? Nada diso, señor Feijóo, fai xusto o contrario, responde con máis prepotencia e chulería: manifestación histórica da sanidade pública, e vostede responde aprobando a súa contrarreforma sanitaria; os traballadores e as traballadoras da xustiza manteñen unha folga indefinida, e vostede é incapaz de chegar a un acordo e colapsa un servizo básico para a cidadanía. Pero é que é curioso, o señor Rajoy si consegue acordos con outros traballadores

con incrementos de até 720 euros ao mes dos seus salarios. As mulleres protagonizamos un 8M masivo, pero vostede segue financiando os centros que segregan por sexo, amparándose nesa Lei Wert que vén de avalar o Tribunal Constitucional. ¡Menuda contribución á igualdade! Lémbrolles que tamén era legal no seu momento que as mulleres non puideramos votar ou que non puideramos divorciarnos. Todo, desde logo, moi legal, un machismo legalizado. *(Aplausos.)*

Queremos saber cal vai ser a súa aportación despois deste 8M: ¿seguir con ese machismo legalizado ou defender un ensino coeducativo?

E, por último, as persoas pensionistas tamén reclaman pensións dignas. Pero o Partido Popular pola mañá dilles que non hai cartos para as pensións, pero pola tarde anuncia que van gastar 10.000 millóns de euros máis en armamento militar. ¡Unha auténtica burla ás e aos pensionistas deste país que xa teñen a segunda pensión máis baixa do Estado!

Nesta Cámara hoxe mesmo vostede vai votar en contra de subirles as pensións non contributivas aos 40.000 galegos e galegas que teñen que vivir con 377 euros ao mes. E despois de votarlles que non, sairá pola porta, subirá no seu coche oficial e quedará tan pancho; porque, en fin, a vostede isto non lle preocupa. Unha vez máis, prefire defender a Rajoy antes que á xente deste país e vota en contra dunha iniciativa do BNG que só pretende defender pensións dignas para o noso país.

Pero mire, señor Feijóo, non se equivoque, porque esta prepotencia e este desprezo co que vostede trata a quen pensa diferente vai volverse contra vostede, porque non pode desprezar a todo o mundo todo o tempo.

E por todo isto desde o BNG preguntámoslle: ¿que medidas vai adoptar ante o clamor social que hai no noso país para defender igualdade real, unha xustiza sen discriminacións, pensións dignas e, desde logo, futuro para a nosa xente?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Pregunta de don Luis Villares Naveira, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, hai quince días propuxémoslle —con esa retransa que a vostede tanto lle gusta— que nomease a Jordi Évole deputado honorario deste Parlamento, a ver se así tiñamos máis sorte e as preguntas que vostede non lle contestaba á oposición polo menos llas contestaba a ese xornalista. Porque os xornalistas e as xornalistas do noso país non teñen mellor sorte que os grupos da oposición, e non a teñen porque a mesma semana pasada vostede lles dixo que non tiña categoría para contestar as súas preguntas e para darlles explicacións se non eran simplemente membros do xornalismo que tivesen programas de televisión en Madrid.

Estábanlle preguntando por algo moi sinxelo de contestar, e era: ¿que delegado de goberno lle dera a vostede a información?, ¿que delegado de goberno lle dera a vostede as fotos que tiña con Marcial Dorado? A pregunta é ben fácil. Pode vostede contestala aquí, se o desexa, e pode contestala porque, ademais, os Servizos Xurídicos da Cámara dixeron, nun informe que emitiron onte, que vostede podía contestar cousas diferentes das preguntas que se lle fixesen. Polo tanto, está perfectamente lexitimado xuridicamente para facelo. A vostede fál-tanlle explicacións e sóbralle indiferenza, e por iso isto debera cambiar desde este momento nesta mesma Cámara porque nos debe moitas explicacións.

Para empezar, tamén outra pregunta que quedou no aire o outro día: se vostede se ía desculpar ou non por ter chamado a todos os galegos e a todas as galegas contrabandistas. Porque foi algo que fixo tamén nun medio de comunicación e que na Cámara —sede da soberanía popular de Galicia— debería vostede explicar. Seguramente non quixo dicir iso, seguramente non o quixo dicir, seguramente non. Pero, se foi así, debera vostede explicalo, debera vostede, nese caso, rectificar ou ratificarse, o que vostede escolla. Ten vostede moitas preguntas que deixa sen contestar, moitas preguntas.

Vimos aquí preguntarlle por un clamor cidadán que se expresa nas rúas —moitos clamores ultimamente—, entre eles, o clamor pola igualdade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de milleiros de mulleres que saíron o 8 de marzo manifestarse pola igualdade entre mulleres e homes. Vostede mofouse da folga que ían facer, e elas contestáronlle a vostede, e a todos os que son coma vostede, que non hai nada que poida parar hoxe en día a igualdade das mulleres e que había, ademais, moitos motivos para clamar pola igualdade, para empezar, unha fenda salarial do 29 % entre mulleres e homes; a seguir, uns teitos de cristal que impiden que xente como investigadoras, como María de la Fuente, non poidan seguir a súa progresión científica polo simple feito de ser nais; reclamaban non ser invisibilizadas por máis tempo durante os coidados familiares; e ademais reclamaban tamén poñer dunha vez por todas fin a todas as violencias machistas e a toda a complicidade machista.

¿E que está facendo o Partido Popular? ¿Que fai vostede para acabar con esas situacións de desigualdade? ¿Por que suprimiu aínda non hai nin dous meses os servizos de atención psicolóxica nos xulgados do noso país para as vítimas, utilizado no 95 % polas vítimas de xénero? ¿Por que o ano pasado vostede encubriu actitudes como a de Baltar, que todas e todos escoitamos nos medios de comunicación como ofrecía un posto de traballo na Deputación a cambio de sexo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostede non ten opinión e a vostede iso resúltalle indiferente..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...na loita pola igualdade... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que as mulleres e homes deste país manifestaron? (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Perdoe.

Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Recórdolle, señor Villares, que o asunto do señor Baltar, que vostede menciona, xa foi tramitado pola xustiza e foi arquivado. (*Murmurios.*) E vostede disto debería saber. (*Murmurios.*) ¡É que volver sobre este asunto! (*Murmurios.*) ¡Por favor! É que volve... (*Murmurios.*) Eu non é que me queira meter nisto, pero hai algunha cousa que ¡vállame Deus! (*Murmurios.*) ¡Por favor!

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Pontón, a democracia consiste en algo máis que en votar cada catro anos. A democracia consiste tamén en respectar o que os galegos din durante catro anos. É importante, en consecuencia, saber que a democracia consiste en respectar os resultados, e iso creo que a todos nos debe influír no momento de tomar postura e decisións. (*Aplausos.*)

Señoría, hai quince días contesteille na mesma liña en que o vou facer hoxe. Cada vez que hai unha manifestación ou un conflito na sociedade galega, o que debe facer calquera goberno é escoitar a toda a cidadanía galega que se manifesta na rúa e, por suposto tamén, ser respectuoso coa maioría da cidadanía galega que decide non manifestarse na rúa.

Xa lle dixen na sesión anterior que nós respectamos os dereitos constitucionais, o dereito de folga e o dereito de manifestación. Nós somos un goberno constitucional, respectamos os dereitos constitucionais, a pesar de que haxa grupos na Cámara que respectan só a parte da Constitución que lles interesa. Por suposto, imos seguir escoitando os argumentos da cidadanía, todos, os argumentos da cidadanía que nos parecen correctos. Se nos parece posible atender as súas demandas, facémolo. Para aqueles que non nos parece posible atender as súas demandas, damos a cara e explicámoslos. Niso consiste a democracia, señora Pontón, e non en pensar que sempre teñen a razón os nosos e que teñen a senrazón os seus. Para iso xa están outros partidos políticos —por certo, no que vostede milita—.

Señoría, o que fixemos en materia de igualdade, en primeiro lugar, foi aprobar a primeira Lei de igualdade que tivo Galicia, e ser o goberno pioneiro a nivel nacional de moitas das decisións en materia de igualdade. Por exemplo, o primeiro Plan de conciliación e corresponsabilidade aprobouno este goberno. Por exemplo, o primeiro Plan de igualdade da Administración xeral aprobouno este goberno. Por exemplo, a formación en igualdade do persoal ao servizo da Administración autonómica aprobámolo o Goberno. E, por exemplo,

este goberno é o primeiro que decide personarse en todas as causas xudiciais, sempre que haxa violencia machista con resultado de morte.

Este goberno vai seguir traballando dende o principio, dende a educación. O primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos aprobouno este goberno. A primeira asignatura de configuración dentro da igualdade de homes e mulleres, tanto en formación profesional como en educación secundaria, plantexouna este goberno. E agora estamos traballando con outra asignatura de libre configuración no ámbito do bacharelato. Comentamos e comprometemos volver presentar un novo plan, o Plan galego de conciliación e responsabilidade 2018-2020. Isto é o que fai o Goberno.

Por certo, señoría, tráeme vostede a sentenza do Tribunal Constitucional. Por unha parte, exige que cumpramos os dereitos constitucionais, pero, por outra parte, cando hai unha sentenza do Tribunal Constitucional que a vostedes non lles gusta, simplemente é algo impropio. Pois, mire, a Sentenza do Tribunal Constitucional dos colexios aos que os pais libremente levan os seus fillos e as súas fillas está nalgúns países que non son dubidosos desde o punto de vista democrático. Son os mesmos dereitos que están en Francia, en Alemaña, no Reino Unido, nos Estados Unidos de Norteamérica, en Australia, en Nova Zelandia, en Irlanda... E, por certo, tamén no BNG e no PSOE, porque o BNG e o PSOE, cando gobernaban en Galicia, estaban a favor deses colexios, e por iso sempre puxeron diñeiro nos presupostos para concertalo. *(A señora Pontón Mondelo négao e pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, ¿verdade que non é correcto manipular de forma constante e continuada os galegos ocultándolles esa información das súas propias decisións? Cando vostedes gobernaban, a fenda laboral era superior á de agora; cando vostedes gobernaban, as mulleres ían ao paro e cando gobernamos nós hai 7.000 mulleres menos en paro e 7.000 mulleres máis afiliadas á Seguridade Social. *(Aplausos.)* Señoría, eses son os datos. *(Aplausos.)*

Por suposto, señoría, que quedan moitas cousas por facer, claro que si. En materia de xustiza, di vostede que nós non aceptamos as propostas. Nós aceptamos todas as propostas. Melloramos as condicións laborais, melloramos as condicións económicas, dialogamos e amosamos unha postura flexible. Estamos cumprindo estritamente o que acordamos no Parlamento. No Parlamento acordamos que os funcionarios da Administración de Xustiza en Galicia cobraran por riba da media das comunidades autónomas. Neste momento, a oferta laboral da Xunta os sitúa dentro das cinco primeiras comunidades autónomas de maior salario. E ademais ofrecémoslles aos sindicatos unha cláusula de seguridade e de garantía para que se nalgún momento hai outras que empezan a cobrar máis, en Galicia incrementaremos esas retribucións. Señora Pontón, ¿por que non está de acordo nin sequera co que vostedes votan? ¿Cal é o problema, señora Pontón? O problema é que se vostedes fan unha cousa é correcta, e se a facemos nós non é correcta.

Señora Pontón, vostede estivo durante moito tempo valorando e pulsando a tecla «si» dos presupostos do Estado. Neses presupostos do Estado nada máis e nada menos que por primeira vez se conxelaron as pensións. E agora resulta, señoría, que nós chegamos ao Goberno con dúas garantías: primeiro, garantir a viabilidade das pensións; segundo, incrementar as pensións; e terceiro, señoría, as propostas que neste momento estamos barallando son: para

o 56 % dos galegos incrementar as pensións por riba do 0,25 % e para o 10 % dos galegos baixar os seus impostos para que non teñan que pagar o imposto da renda das persoas físicas. É dicir, que o 66 % dos galegos no ano 2018 ou cobren máis pensións que os anos anteriores ou paguen menos impostos que os anos anteriores. Cando vostedes gobernaban, conxelábanse as pensións. *(Aplausos.)*

Mire, comprenderá, señor presidente, que é moi difícil contestar e tomar en serio un portavoz dun grupo que simplemente non me fai ningunha pregunta; simplemente, sesión tras sesión, o que me fai é unha serie de imputacións. ¡Alá el e a súa forma de entender! O que ocorre é que hai algunhas persoas aquí que cren que son portavoces da maioría do pobo e nin sequera son portavoces do seu grupo, e iso, como é natural, produce algúns problemas.

Señor Villares, se o seu grupo non o admite de portavoz, ¿que quere que faga eu? ¿Sabe por que non o admiten de portavoz? Porque se avergoñan das súas intervencións. ¿E sabe o que ocorre no Parlamento galego? Que o Parlamento galego ten unha cámara cun pouco de respecto cara aos seus compoñentes. Si, señor Villares. Eu comprendo que vostede fale de clamores nas rúas e que non escoite os clamores nas rúas. Dende logo, nós imos condenar sempre o vandalismo na rúa, sen ningunha dúbida. Os cidadáns teñen dereito a manter as súas propiedades —vehículos ou outros— na rúa de forma segura. E nós temos dereito, señoría, a que cando a policía queira identificar unha persoa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...esa persoa non utilice o seu carné de parlamentario para exercer o seu labor parlamentario durante os actos de vandalismo. É así, señor Villares.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, ten vostede unha posibilidade: ¿vai tomar algunha decisión como portavoz do seu grupo?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Vai recuperar a dignidade desta Cámara despois do que ocorreu cunha deputada do seu grupo?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, déixese de clamores nas rúas e actúe, se quere...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...como deputado que teña un mínimo de prestixio.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu turno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu, desde logo, creo que é vostede quen se confunde en relación co que significa a democracia, porque a democracia non significa que os cidadáns lle deran a vostede un cheque en branco para facer o que lle pete no seu goberno e ir socavando cada vez máis e máis dereitos da cidadanía. Está claro que vostede non quere escoitar o que as persoas lle están dicindo na rúa, e cando hai un clamor social, unha eferescencia social como a que estamos vivindo neste país, significa que as cousas non están ben, e o seu goberno ten a obriga de rectificar e de escoitar.

Xa nos dixo vostede como concibe a igualdade: falseando a realidade da situación laboral das mulleres. Porque vostede, señor Feijóo, que é un experto en manipular e torturar as estatísticas, debería saber que hoxe hai menos mulleres ocupadas que cando vostede chegou á Presidencia da Xunta e que, sen embargo, hai máis mulleres en paro e moitas máis mulleres precarias. Polo tanto, non sei que motivo teñen as mulleres deste país para confiar en alguén que falsea a realidade. E debería tamén saber por que se produciu un cambio nesa brecha salarial: non porque mellorara a posición laboral das mulleres, senón porque houbo unha devaluación de todos os salarios. E un presidente responsable coa igualdade estaría moi preocupado ao ver que nestes tres últimos anos volve medrar a brecha salarial das mulleres. Pero xa sabemos que iso a vostede nin lle ocupa nin lle preocupa porque ten a cabeza noutro lado e non, desde logo, na situación que viven as mulleres dese país.

Tamén nos acaba de demostrar que a súa cabeza non está en como mellorar a situación das e dos pensionistas que temos en Galiza, que teñen as segundas pensións máis baixas. Temos a moitas persoas que sobreviven cuns ingresos que están por debaixo do umbral da pobreza. E a todos eses o que vostede lles ten que dicir é que o que propón Rajoy é o que propón Feijóo e que a vostede lle parece suficiente un miserento 0,25 nun país no que a maioría dos nosos pensionistas teñen unhas pensións que están nuns niveis que os sitúan por debaixo do umbral da pobreza. Creo que os galegos e as galegas merecen un presidente a tempo completo, que teña a súa cabeza neste país e que, desde logo, antes de apertar o botón, pense nas súas consecuencias.

Hoxe neste pleno presentamos unha proposta do BNG, unha proposta coa que queremos mellorar as pensións, e mellorar as pensións significa dicir que todas as reformas que fixo o Partido Socialista e o Partido Popular, que están precarizando o mercado de traballo e roubando dereitos, son un problema de futuro. Pero tamén ten na súa man mellorar aquelas pensións máis baixas, como son as pensións non contributivas. Estamos falando de 40 millóns nun orzamento que supera os 9.000. Creo que é un problema de vontade política; é un problema única e exclusivamente de ter xestos que permitan recuperar ese poder adquisitivo das pensións.

Vostede, señor Feijóo, decide que botón quere apertar, se o «non» de seguir mantendo unhas pensións inxustas, ou o «si» de dicirlles ás pensionistas que están na rúa que escoitamos, tomamos nota e imos defender o seu dereito a unhas pensións dignas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, vese que está vostede moito máis cómodo preguntando que contestando, pero esta é a sesión de control ao Goberno; polo tanto, nós preguntamos e vostede contesta. Pode non contestar, pero non se desculpe e non se esconda detrás das súas propias preguntas para non contestar as que lle facemos nós.

Di vostede que non lle facemos ningunha pregunta. Aquí lle vai unha pregunta ben clara: ¿que delegado do Goberno ou que membro da Delegación do Goberno lle pasou a vostede a información do sumario das súas fotos con Marcial Dorado? *(Murmurios.)* ¿Tan fráxil ten vostede a súa memoria que non pode contestar esa pregunta? ¿Non sabe a resposta ou non quere dar a resposta? Pero hai unha pregunta ben clara, ¿verdade?, e está formulada; e ademais os Servizos Xurídicos da Cámara din que pode contestala sen ningún problema, que non existe ningún tipo de incompatibilidade co Regulamento que vostede conteste iso.

Tamén vostede pode contestar, porque lle fixen unha pregunta ben clara, se vostede ratifica ou rectifica as súas palabras onde chama contrabandistas a todas as galegas e a todos os galegos. É unha pregunta ben clara que podería ter unha resposta ben clara: ratifico ou rectifico. Polo tanto, é ben sinxelo, ¡é ben sinxelo! Se vostede non o quere facer, será porque está incómodo contestando as preguntas.

Cando falamos de explicacións, si, pedímoslle explicacións por moitas máis cousas derivadas da súa posición como xefe do Executivo e presidente do Partido Popular, claro que o facemos. Non lle gusta que lle preguntemos por determinados casos; preguntémoslle por outros, porque, afortunadamente, o Partido Popular, de casos, anda sobrado para que nós lle preguntemos. Por exemplo, caso Campión, foi condenado hai apenas dous meses un deputado do Partido Popular que non se sentaba lonxe de onde está hoxe vostede sentado, por prevaricación; aínda vostede non nos deu a súa opinión sobre o tema. O alcalde de Palas está condenado por prevaricación e por acoso á secretaria do Concello e segue hoxe de alcalde grazas ao apoio do Partido Popular e dos seus concelleiros no Concello de Palas de Rei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

En nome da igualdade da que vostede dixo tomar nota das manifestacións do 8M, ¿vai vostede facer algo para mudar esa situación?

Grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Turno de peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A grandeza da democracia, señora Pontón, é que queda reflectido o que cada un di en cada momento. (*Murmurios.*) Si, señora Pontón, si. Vostede acaba de acusarme de que falseo os datos do paro e de cando eu cheguei había menos paro feminino que agora. Voulle dar os datos. Xa sei que a vostede lle dá igual, pero aos galegos, e ás galegas sobre todo, lles vai interesar. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Mire, o número de mulleres en paro cando eu cheguei ao Goberno era de 113.955; agora son 106.174; é dicir, 7.781 mulleres menos en paro. Volveu vostede dicir que había máis afiliadas á Seguridade Social que agora. Cando chegamos ao Goberno o número de afiliadas á Seguridade Social eran 465.000; agora hai 472.000; é dicir, 7.126 afiliadas máis á Seguridade Social que agora. Señora Pontón, deixe de manipular a todo o mundo; incluso manipula os datos da Seguridade Social e os datos do paro. Señora Pontón, é moi difícil tomar en serio algunha proposta das que vostede trae.

Señora Pontón, ¿que se cre, que nós non temos pensionistas na casa? ¿Cre que nós somos un conxunto de marcianos que chegamos aquí, ao Parlamento, pola mañá e que —os que tiñamos pais ou os que temos nais— non sabemos o que cobran e como se mobilizan as súas pensións? Parece que soamente vostedes teñen pensionistas na casa, señora Pontón. Entón, ¿de que está a falar? ¿Está a falar de que o maior número de mulleres e de homes maiores que votan a este partido non saben como viven, como vive a nosa xente, como viven as nosas familias? Señora Pontón, deixe de utilizar a demagogia de forma continua.

Señora Pontón, claro que nos gusta que a xente poida cobrar máis as pensións, por suposto, pero o primeiro que tivemos que facer foi blindar as pensións. O 29 % do total do gasto de España é de pensións públicas, o 29 % de todo o que se gasta de todas as administracións públicas. ¿Sabe este ano canto se incrementaron as pensións soamente para atender os novos pensionistas? 3.000 millóns de euros, sen imputar a revalorización. ¿Sabe canto pagamos de pensións cada mes? Máis de 10.000 millóns de euros, máis do presuposto que ten Galicia para todo o ano. (*Murmurios.*)

Señoría, ¿sabe cal é a situación coa que me atopei eu cando cheguei ao goberno que vostede apoiaba? No ano 2009, por cada novo pensionista, en Galicia se destruían 7 empregos; agora, por cada novo pensionista, en Galicia se crean 6 empregos. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza entre as súas políticas e as nosas políticas.

¿Por que manipula tanto pensando que a xente non ten información nin formación? A pensión de xubilación media en Galicia incrementouse dende o ano 2009 un 28,6 %; de 698 euros a 900. E o conxunto das pensións, é dicir, xubilación, viuvez, orfandade e incapacidade, se incrementaron en Galicia un 26,7 % dende o ano 2009. ¿Por que vostede non pide desculpas por apoiar un goberno que por primeira vez na historia democrática española conxelou as pensións? (*Murmurios.*) Diso probablemente seguiremos falando na seguinte pregunta.

Señora Pontón, lamentablemente, non estivo moi afortunada en ningún dato. Non deu unha soa verdade á Cámara, ¡nin unha! É curioso que unha deputada poida vir á Cámara a dicir

estas cousas. Ata os rapaces e as rapazas deste instituto estarán a falar: ¿pero como é posible que diga que o paro feminino sobe, cando o paro feminino baixa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Volvemos outra vez a non distinguir as subas e as baixadas, as sumas e as restas, e nos institutos isto xa se leva aprendido dende primaria, señora Pontón. (*Aplausos.*)

En todo caso, cando falamos de clamores sociais, ¿por que non atenden vostedes o clamor social da prisión revisable? (*Murmurios.*) ¿Por que non o atenden? Ese clamor social non interesa. ¿Verdade que non interesa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) señorías das Mareas de Podemos e do BNG? Ese clamor non interesa. ¿Por que non atenden o clamor social de Cataluña en defensa da lei, da Constitución e do Estatuto? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que, en vez de ir de socios coa CUP, non atenden ese clamor social? ¿Por que non atenden o clamor social dos pais e das nais que simplemente están pedindo xustiza? Nós, dende logo, imos atender todos os clamores sociais.

«*Hacemos un llamamiento a toda la ciudadanía a una primavera de movilizaciones. Es fundamental que se dé la batalla en la calle.*» Señor Villares, o seu líder, o señor Echenique, pide isto. Probablemente a súa compañeira, a señora deputada, entendeu perfectamente o que quería dicir o señor Echenique (*Risos.*) e o sábado pola noite, en Santiago, saíron á rúa unha serie de persoas simplemente co interese do vandalismo puro, do cal me avergoño como deputado nesta Cámara. (*Aplausos.*)

Señor Villares, ¿que vai facer en relación con esa deputada? ¿Que decisión vai tomar para devolver a dignidade a esta Cámara, señor Villares? Comprendo que vostede non ten ningunha capacidade para responder, pero eu, por se acaso, lle contesto.

Mire, comprendo que cando hai 2.500 inscritos e acoden 250 é moi duro. Señor Villares, imaxine vostede que convocamos o Partido Popular e me vén un 10 % dos membros que conforman o órgano, e ademais nin sequera me veñen os meus compañeiros deputados a ese órgano de goberno que eu presido. Señor Villares, nin os deputados desta Cámara nin os deputados de Madrid o toman en serio como portavoz, e preocúpame. Preocúpame, señoría, que non poida exercer de portavoz nin sequera dos deputados e das deputadas que ten ao seu carón. Agora ben, non é de estrañar que se mesture todo, a xustiza, a sanidade, a igualdade, as pensións..., o que faga falta. O importante é exclusivamente montar un lío tras outro lío. Mire, nós respectamos moitísimo máis as manifestacións do que vostedes respectan as súas. E, dende logo, imos seguir traballando para que así sexa. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non siga vostede burlándose dos traballadores da xustiza. Deberían ter vostedes un respecto cara aos traballadores da xustiza, que van incrementar as súas retribucións entre 3.000 e 4.000 euros máis ao ano. Iso é para moita xente dúas mensualidades máis. Comprendo, señoría, que iso a vostede lle dea igual; está instalado no plantexamento de...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que máis dá como vaia o pobo se vostede non é capaz nin sequera de conectar con el.

Señor Villares, con todos os respectos, mire que poño todo o interese en atendelo, o problema que vostede ten cada día é que cada vez ten menos xente que o atenda. Non se preocupe, o presidente da Xunta, namentres vostede siga de portavoz, polo menos de si mesmo, vaino seguir atendendo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pasamos á pregunta do señor Leiceaga.

(Interrupcións.) (Murmurios.)

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio! Tranquilidade, imos saber cal é a cuestión.

¿Cal é a cuestión, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: En exercicio dos dereitos democráticos que este Regulamento nos concede e que, polo tanto, forman parte do marco que todos os deputados e deputadas temos que respectar, hai unha previsión no artigo 77.2 que di que en calquera momento do debate se pode pedir ao presidente que lea algún documento para aclarar algunha cuestión.

Entón, como aquí se nos acusa de mentir e os datos da EPA din que hai máis paradas e máis ocupadas, pídolle á Presidencia do Parlamento que lea este informe onde constan...

O señor PRESIDENTE: Iso terei eu...

A señora PONTÓN MONDELO: ...os datos da EPA sobre mulleres ocupadas, mulleres paradas e actividades.

O señor PRESIDENTE: Iso recollereino eu.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque é moi grave que o presidente se dedique a difamar alegremente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...sesión tras sesión. Polo tanto, pídolle que lea estes documentos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Coñezo ese artigo. Grazas.

Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, do Grupo Parlamentario Socialista... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! ¡Perdón! O Regulamento di que en calquera momento se pode pedir esa observación. E o único que fixen foi recollela. Dío o Regulamento. *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, perdón, non imos discutir este tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Isto non é ningunha administración, é o Regulamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non. Non vou discutir ese asunto. Eu o único que collín foi un papel, un documento que a min se me entrega. A valoración dese documento faina despois a Presidencia. Pero, en principio, eu atendo o Regulamento, e o Regulamento contempla iso e punto. Acabouse o tema. Non ten outra discusión este asunto. *(Aplausos.)*

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego de políticas á altura do que merecen as persoas maiores

O señor PRESIDENTE: Señor Leiceaga, a súa pregunta, cando queira. *(Murmurios.)*

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non sei se teño que pedirlle tamén permiso ao señor Tellado para empezar. *(Aplausos.)* Pero, en todo caso, gustaríame aclararlles aos alumnos do instituto que a primaria non se fai nos institutos, para que queden tranquilos. *(Aplausos.)* Non, non.

Señor presidente, hai 670.000 persoas en Galicia de máis de 65 anos, e seguramente a maioría, segundo indica o CIS, votou por vostede. Pero tamén ten que saber que están enfadados. Están moitos mobilizados; en todo caso, molestos, perplexos, porque, nun contexto de recuperación económica continuada desde hai máis de tres ou catro anos, as súas necesidades non son atendidas. As pensións precisan ser sustentables financeiramente a medio e longo prazo, sabémolo todos, pero tamén teñen que ser sobre todo sustentables social e politicamente, e para iso teñen que ser xustas e teñen que ser dignas; teñen que facer xustiza a unha vida de esforzo e teñen que permitir vivir dignamente os últimos anos de vida. E iso é o que fai que sexan tamén sustentables.

Os pensionistas están enfadados co señor Rajoy porque resulta que, ano tras ano, despois de vender a recuperación económica que está tendo España —que é innegable—, a súa pensión sobe un 0,25 %, ano tras ano. ¿E sabe que significa iso, señor Feijóo? Que se un pensionista empeza a cobrar mil euros con 65 anos, cando chega aos 85, cunha inflación do 2 %, a súa pensión sería de 700 euros reais; é dicir, que ten unha perda de poder adquisitivo do 30 %, no momento en que máis o necesita. Iso para nós é absolutamente inaceptable. E en

Galicia esta deriva é máis preocupante, porque as pensións medias, como é ben sabido, están entre as máis baixas de España.

Lugo e Ourense son as únicas provincias españolas en que a pensión media, a 1 de febreiro de 2018, está por debaixo de 700 euros. E para os pensionistas que teñen máis de 80 anos a pensión media ronda os 600 euros por mes, e para as mulleres, menos aínda.

A nós esta situación parécenos inaceptable. Gustaríame que o presidente da Xunta de Galicia nos dixera tamén que é unha situación inaceptable e que vai facer todo o posible para que se revaloricen as pensións de acordo co IPC e que nos explicase tamén que pensa facer para que esa posición poida ser maioritaria no seu partido e, polo tanto, garantir que o Goberno que el apoia vai estar nisto.

Pero falemos tamén das súas responsabilidades directas en relación coas políticas para os maiores. Os pensionistas en Galicia o que nos din, cando falamos con eles —nós tamén temos persoas maiores que están no noso partido, que son familiares de moitos de nós—, é que é imposible atopar praza nunha residencia; dinnos que, despois de oito anos, é moi difícil conseguir praza nunha residencia aínda privada. Pode dicirlle a este Parlamento cantas prazas públicas de titularidade autonómica hai en residencias en Galicia; pode dicirlle que as listas de agarda para residencias públicas, ou de financiamento público, en Galicia, superan o número de prazas que están dispoñibles; pode dicirlle que temos prazas concertadas ou públicas en media por debaixo das comunidades autónomas españolas; e pode dicirlle que necesitaríamos 12.000 prazas máis, incluídas as privadas, para estar na ratio que recomenda a OMS, do 5 %; e esta ratio, por certo, está cuberta nalgunhas comunidades autónomas, como Castela-León, gobernada polo Partido Popular, pero tamén en Asturias, en Extremadura ou en Castela-A Mancha. Polo tanto, é posible facelo, señor presidente.

Atopar praza nunha residencia pública é hoxe, na Galicia autonómica, unha quimera; atopar praza concertada é unha misión imposible; e nunha privada é caro e moi difícil. Polo tanto, este é o horizonte que lles está ofrecendo aos pensionistas galegos na súa responsabilidade. Depende de vostede, despois de oito anos de goberno.

Vostede prometeu hai un ano sete novas residencias nas áreas urbanas de Galicia. ¿Pódenos explicar tamén que sucedeu no 2017 e que ten previsto facer no 2018?, porque nos orzamentos non vemos ningún euro para isto, e iso preocúpanos terriblemente.

Polo tanto, señor Feijóo, ten que dicirnos como fixo avanzar as sete residencias públicas prometidas hai un ano no tempo transcorrido até agora e que pensa facer nos próximos meses.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Claro que antes da secundaria está a primaria, señor Leiceaga, e antes incluso están as escolas infantís; por iso, o que fixemos foi pasar de 12.000 prazas de escolas infantís a 24.000 prazas de escolas infantís. *(Aplausos.)* Iso foi exactamente o que fixemos.

Señoría, empeza ben a pregunta, primeiro un socialista acepta que a recuperación económica é evidente, o cal quere dicir que tivemos que recuperar a economía despois dos gobernos do Partido Socialista. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* E despois tamén vén dicir, señoría, que se vén preocupar vostede polos maiores, o cal tamén é, sen ningunha dúbida, algo moi interesante, porque a esquerda neste país —perdoe, porque vostede non debería escoitar isto como directo implicado—, sobre todo a esquerda nacionalista e rupturista, o que sempre di é que o Partido Popular gaña as eleccións porque nos votan os maiores, e agora resulta que á esquerda lle preocupan os maiores. ¡Benvidos! Falemos dos maiores. Falemos do 24 % da poboación galega, que para nós, sen dúbida, é clave nas nosas políticas, económicas e sociais.

Falemos diso, señoría. Temos máis recursos para as políticas de maiores que nunca en ningún presuposto da Xunta de Galicia en trinta anos. Hai unha cifra récord de atención a maiores en dependencia que nunca tivo Galicia dende que se aprobou a Lei de dependencia. Temos a maior rede de prazas públicas ou financiadas con fondos públicos dende que existe a comunidade autónoma, e imos seguir fomentando o envellecemento activo. Señoría, soamente cun dato podería contestarlle: ¿que fan vostedes polos maiores? Cando vostedes gobernaban, en plena bonanza económica, presuposto, 213 millóns de euros. Agora, aínda saíndo da crise, 413 millóns de euros; é dicir, un 93,5 % máis que cando vostedes gobernaban. *(Aplausos.)* Esta é a primeira resposta, señoría.

Prazas atendidas: cando vostedes estaban no Goberno, 14.000 dependentes; agora, 55.593; é dicir, catro veces máis. *(Aplausos.)* Ratio de cobertura da media nacional: señoría, temos unha ratio de cobertura en dependencia do 83,5 %; en España, do 75,9. E na prioridade nos servizos profesionais fronte ás prestacións económicas: case 12 puntos máis que a media de España; teleasistencia, Axuda no fogar, Xantar na casa, Programa dixital. ¿Sabe vostede que non hai lista de espera, por exemplo, para teleasistencia? ¿Sabe vostede que hai gobernos das Mareas de Podemos e do Partido Socialista que non utilizan as horas que financiamos no Fogar na casa, que simplemente nos as utilizan, nin as piden, nin as solicitan, nin atenden os seus maiores cos cartos da Xunta?

Mire, señoría, residencias —que vostede me fala delas—. Pois incrementamos un 59 % máis as prazas. Cando chegamos ao Goberno, 6.900; agora, 11.100; un 59 % máis. Antes de xullo, imos abrir 180 prazas máis e nesta lexislatura temos o compromiso de 900 prazas máis. Ese é o resultado, señor Leiceaga.

¿Que fixemos durante este tempo? En primeiro lugar, poñernos de acordo cos concellos para poder edificar. ¿Sabe vostede que hai concellos que nin teñen plan xeral de ordenación urbana? E o seguinte que imos facer é licitalas este ano 2018.

Polo tanto, señoría, claro que me preocupan as pensións, sobre todo as pensións máis baixas, e por iso as pensións máis baixas —como as de viuvez— teñen que subir por riba do que propón o Goberno. Pero onte vostede votou «non» ao presuposto do Estado onde se van incrementar as pensións por riba do 0,25 %. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Si, señoría, nin sequera a que se aproben os presupostos do Estado, con independencia de como se presenten. Esta Cámara é sorprendente, antes de coñecer os presupostos do Estado, a resposta é votar non.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Poderían vostedes absterse, poderían vostedes dicir: mirarémolo na seguinte sesión. Non, o que queremos facer neses presupostos é, para o 56 % dos galegos, incrementar por riba do 0,25; é dicir, para o 56 % dos galegos, incrementar arredor do IPC e para o 10 % dos galegos que están pagando o imposto da renda coas pensións —o 70 % xa non o pagan—, baixarlles os impostos.

Señor Leiceaga, agora seguro que vostede me pode explicar por que vostedes conxelaron as pensións no ano 2011.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Verdade que vostede no 2011 non faría a pregunta que vostede acaba de formular?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Algúns señores deputados e algunhas señoras deputadas: ¡Ooooh!*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, vive vostede demasiado aceleradamente, porque aínda non votamos as PNL, (*Risos.*) non sei se o sabe. Imos votar hoxe, e teñen vostedes oportunidade de transaccionar connosco a nosa emenda, que o que di é que presente o Goberno do Estado un orzamento ao Congreso dos Deputados que recolla boa parte das cousas que lle estamos demandando, entre elas a revalorización automática das pensións e un compromiso de investimento para Galicia de 1.300 millóns de euros. (*Aplausos.*) Pacte vostede connosco esa PNL e votámola a favor.

Pero o que non nos pode pedir é que apoiemos un orzamento que descoñece todo o mundo, porque aínda non foi aprobado polo Consello de Ministros, e temos a impresión de que vai supoñer un recorte substancial nas pensións da maior parte dos pensionistas, cunha revalorización do 0,25 %. Non nos pode pedir iso.

E, señor Feijóo, das prazas de residencia non nos dixo cantas hai de titularidade autonómica nestes momentos. Doulle eu a cifra que nos facilitaron na súa resposta: 1.397 prazas. Iso é o que di a Xunta oficialmente na súa resposta. *(O señor Fernández Leiceaga mostra un documento.) (Aplausos.) ¡1.397!* Pero iso non é o importante, o importante é que vai facer. Dende hai trece meses prometeu esas prazas de residencia, e resulta que no orzamento deste ano non hai ningunha praza máis, excepto a ampliación en Cerdedo-Cotobade; non hai ningunha outra referencia no orzamento do ano 2018.

E os maiores, os maiores sen recursos, dependen do seu patrimonio ou dos familiares para poder pagar as prazas de residencia privada, que son as únicas dispoñibles e que están moi por encima das súas pensións.

Por iso, para evitar ese imposto aos maiores non declarado que vostede ten con esa política de residencias, temos que chegar a un acordo. Eu o que lle pido é que presione o señor Rajoy para que acepte a revalorización de todas as pensións e cree un marco no Pacto do Toledo adecuado que permita soste o sistema de pensións público a medio e longo prazo e que impulse un plan de construción de residencias, con 50 millóns cada ano. Por certo, esa décima de endebedamento que o ano pasado non ían usar e ao final usaron este ano permitiría construír esas 900 prazas de residencia —as sete—, manter ese esforzo catro anos e impulsar rapidamente unha concertación adicional de 1.000 prazas, o que significa 12 millóns de euros ao ano, para baixar a lista de espera rapidamente e para atender as necesidades daqueles que teñen menos recursos como pensionistas. Iso é o que ten que facer, señor Feijóo.

E agora non me veña dicir que non sei que pasa no ano 2011. Fíxese, no Goberno Zapatero, a revalorización das pensións superou moi amplamente todo o que fixo o Goberno Rajoy nos últimos cinco anos; moi amplamente; moi, moi amplamente. E iso é o que hai que facer e o que hai que medir, señor Núñez Feijóo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Leiceaga, dado que vostede defende o señor Zapatero, eu simplemente vou explicarlles aos galegos o que fixo o señor Zapatero. O primeiro que fixo o primeiro presidente do Goberno dunha democracia española foi conxelar as pensións —primeira decisión—. *(Murmuros.)* A segunda decisión foi aumentar a idade de xubilación de 65 a 67 anos. E o terceiro, incrementar o período de cálculo das pensións de 15 a 20 anos. Comprenderá vostede que todas estas medidas de política económica eu non as vou criticar, pero, dende logo, vostede comprenderá que se isto realmente é do que se sente orgulloso o Partido Socialista, pois con todos os respectos... ¡Menos mal que non o fixo o Partido Popular! ¿Sabe por que, señoría? Porque daquela había políticos que tomaban en serio as pensións e había políticos que discutían as pensións no Pacto de Toledo. Debería vostede escoitar o que dixo o seu compañeiro

Almunia onte, que algo de pensións debe saber. Se o escoita vostede agora, a súa intervención, diría: este señor non é daquel Partido Socialista que tomaba en serio os asuntos de Estado. Si, señor Leiceaga, lamento dicilo, pero na súa intervención os asuntos de Estado vostede non os está tomando en serio. Non os está tomando en serio, porque vostede oculta que cando o IPC baixaba, a pesar diso, as pensións seguían subindo —modestamente, sen dúbida—. Pero no ano 2014 o IPC baixou un punto e as pensións subiron un cuarto. E no ano 2015, o IPC foi cero e as pensións seguiron subindo un cuarto. E no ano 2013, señoría, o IPC subiu 0,30, e as pensións subiron entre un 1 % e un 2 %.

Todo isto, ¿por que o Partido Socialista o oculta á Cámara? ¿Por que oculta que a pesar de baixar o IPC, as pensións seguiron incrementándose, aínda que fora un cuarto de punto? ¿Por que oculta á Cámara, señoría, que por cada pensionista que ingresaba había 7 parados máis cada día? ¿Por que, señoría? Cando nós chegamos ao Goberno, foi ao contrario, por cada pensionista, hai 6 empregos máis. Esa é a política das pensións, esa é a política para mirarlles aos galegos á cara e aos ollos e non enganalos, señor Leiceaga. (*Murmurios.*) E vostede non os debe de enganar, non os debe de enganar, señor Leiceaga, porque as pensións son un tema moi serio, e o Partido Socialista, ata que chegou o señor Sánchez, era un partido moi serio coas pensións. Lamentablemente, agora xa non o é, e láméntoo, porque crin que vostede aínda participaba da cultura socialdemócrata dun partido que foi clave para manter as pensións en España.

Lamentablemente, señorías, con vostedes cada día se pode falar de menos. Se por cada novo pensionista, cando vostede apertaba o botón de «si» aos presupostos, se perdían 7 empregos e agora por cada novo pensionista se crean 6 empregos en Galicia, ¿vostede non cre que o que estamos facendo é xustamente viabilizar o sistema de pensións? (*Murmurios.*)

Señor Leiceaga, non debe vostede intoxicar os galegos dicindo que os galegos, por ser de Ourense e Lugo, cobran menos pensións que o resto. Sabe vostede que iso é impropio dun economista coma vostede. As pensións non teñen nada que ver co territorio, señor Leiceaga, as pensións teñen que ver coas cotizacións da xente, viva onde viva, e creo que iso non o merecen os galegos de boa fe, señor Leiceaga.

Señor Leiceaga, con todos os respectos, a min non me importa falar de pensións, ao contrario, creo que hai que subir as pensións aproximadamente o IPC, as pensións máis baixas e as pensións de viuvez, e iso é ao 56 % dos galegos. Creo que hai que baixar o IRPF nas pensións; o 70 % dos galegos xa non o pagan, e agora será o 80 % dos galegos os que non o paguen.

No ano 2018, señoría, para a maioría dos galegos subirán as pensións aproximadamente o IPC. Esa é a resposta. Haberá outras pensións moi altas que non van poder subir de acordo co IPC. ¿A vostede parécelle que as pensións moi altas, as que están por riba do salario medio que están cobrando os galegos en activo, deben subir? ¿Parécelle esa proposta para garantir a viabilidade das pensións?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, o mundo ao revés.

Nós estamos tirando polas rendas baixas e medias, e vostedes, polas rendas altas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

É que estou con dúas cuestións, porque vou ler unha declaración institucional e quero que estean presentes.

É para avisar de que me gustaría que estivera a xente que hoxe vén en representación dos colexios. Só lle pido iso.

(*O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.*)

¿Si, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, o artigo 77.2, antes invocado. É para facerlle entrega tamén dun documento, neste caso do Ministerio de Sanidade e Seguridade Social, no que figura que as pensións medias en Lugo e en Ourense están por debaixo dos 700 euros. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Xa valorarei eu a lectura.

Grazas. (*Murmurios.*)

Non pasa nada, está contemplado no Regulamento, señores. Tranquilidade absoluta.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Imos ler unha declaración institucional, e agradezo a sensibilidade de todos os grupos para aceptar a proposta que onte se formulou.

Silencio, por favor. É unha declaración á que creo que debemos prestar atención todos.

«Hoxe, 21 de marzo, ao celebrar o Día Mundial da Síndrome de Down, o Parlamento de Galicia súmase á petición da Asemblea Xeral das Nacións Unidas de cara a incrementar a concienciación pública respecto da realidade e das necesidades das persoas con esta alteración xenética. O Parlamento de Galicia anima o conxunto das institucións públicas, entidades e organizacións privadas e a sociedade civil en xeral a esforzarse de cara a mellorar a calidade de vida das persoas coa síndrome de Down, nomeadamente en materia de atención á saúde, atención temperá, ensino inclusivo, inserción laboral, investigación, exercicio de dereitos, en especial, garantir o seu dereito ao sufraxio e igualdade de oportunidades.

Recordamos que a esperanza de vida das persoas coa síndrome de Down se multiplicou practicamente por cinco dende comezos do século XX; un dato esperanzador que ao tempo certifica a enorme utilidade das medidas encamiñadas a mellorar a calidade de vida destas persoas.

Con todo, e pese ás melloras rexistradas, segue resultando imprescindible apostar por medidas inclusivas, orientadas a facilitar a inserción laboral e a estimular a autonomía destas persoas, obxectivos para os que a blindaxe dos recursos públicos resulta determinante. Dende logo, a aposta deste Parlamento é firme, e non terá marcha atrás.

O Parlamento de Galicia expresa o seu recoñecemento a todos os colectivos e organizacións que traballan no ámbito da atención e promoción das persoas coa síndrome de Down e insta o conxunto da sociedade a implicarse activamente para superar hipotéticos prexuízos e a vencer as disfuncións actuais.» (Apróbase por asentimento.)

Moitas grazas pola súa atención. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, coas proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado

O señor PRESIDENTE: Hai unhas emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois do punto 1, o seguinte:

«2.- Demandar do Goberno español a que presente de inmediato unha iniciativa lexislativa de reforma do RDL 2/2004, de Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos efectos do seguinte :

a) Incluir as modificacións necesarias no réxime legal do IIVTNU que determinen a exclusión de feito imponible no suposto de inexistencia real de incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

b) Incluir unha disposición transitoria para que, con independencia da data de efectos das liquidacións practicadas, os concellos devolvan de oficio o liquidado e recadado indebidamente, e asumindo o Estado a responsabilidade de dita devolución, compensando economicamente aos Concellos por dito importe.

3.- Dar traslado do presente acordo ao goberno do Estado, presidencia do Congreso e Senado, así como aos Grupos Parlamentarios das Cortes».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que:

1) Faga as modificacións necesarias para a adaptación da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana ao fallo da sentenza do Tribunal Constitucional.

2) A través dunha autorización legal competente, se permita ás entidades locais reinvestir o seu superávit en 2018 sen necesidade de xerar ingresos polo mesmo importe.

3) Se aborden os cambios normativos necesarios para:

a) Establecer o carácter indefinido da prórroga para o destino do superávit.

b) Ampliar o ámbito de aplicación dos investimentos financeiramente sostibles flexibilizando a rixidez existente ao limitar o destino a un determinado grupo de programas de gasto e gasto de investimento.

c) Substituír a referencia a investimentos financeiramente sostibles pola de financiamento de gastos urxentes e/ou necesarios.

d) Flexibilizar a metodoloxía da regra de gasto e teito de gasto para aquelas entidades locais que teñan as súas contas saneadas.

e) Que o cálculo do teito de gasto non financeiro do orzamento dun exercicio determinado se fixe a partir da aplicación da regra de gasto sobre as previsións iniciais do orzamento do exercicio anterior.

f) Que se teña en conta para o teito de gasto do seguinte exercicio, o gasto computable que se podería ter executado en lugar do liquidado».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Antes de entrar na cuestión que debatemos hoxe nesta proposición non de lei, gustaríame sinalar que a través da política —e penso que aquí concordaremos todos— debemos defender os dereitos e os intereses dos cidadáns, e tamén, por suposto, no ámbito tributario. O que non debemos en ningún caso é utilizar as nosas prerrogativas parlamentarias para defender vandalistas, señorías. O noso labor ten que ser a defensa dos dereitos dos cidadáns, e isto determina que non podemos estar de acordo ningún de nós —dende logo, o meu grupo par-

lamentario non o está— con que se lles estea obrigando a pagar aos galegos un imposto local, a plusvalía municipal, en casos que foron declarados inconstitucionais; é dicir, cando se vende un inmovible urbano con perdas.

Aínda que este tema xa o trouxemos ao Parlamento en diferentes ocasións, e polos distintos grupos parlamentarios, imos refrescar un pouco os conceptos para ter todos claro o que estamos a debater.

¿Que é isto da plusvalía municipal? Bueno, estamos a falar dun imposto local que tecnicamente se chama «imposto sobre incremento do valor»—como ben dicía o presidente— «dos terreos de natureza urbana». Está regulado no Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e é un imposto potestativo. ¿Isto que quere dicir? Que non o teñen todos os concellos. En Galicia aplican este imposto 115 concellos. Serían fundamentalmente os concellos urbanos de Galicia, as sete cidades e as cabeceiras de comarca.

Para darnos conta da importancia dos seus números, e con datos do ano 2015, en Galicia recadou un total de 41 millóns de euros pola plusvalía municipal. No ano 2016, 47 millóns de euros. O 70 % da plusvalía, é dicir, 28 millóns de euros, recádase nas sete principais cidades de Galicia. Destaca aquí Vigo, cunha media nos últimos tres anos de 9.600.000 euros cada ano. Séguelle a cidade da Coruña, que nos tres últimos anos recadou pola plusvalía 20 millóns de euros.

¿Que é o que grava este imposto? Señorías, este imposto grava o incremento do valor que experimenten os terreos urbanos e que se poña de manifesto con ocasión da súa transmisión, incluso por herdanza.

¿E como se calcula este incremento? Aquí está a clave do problema, aquí é onde está o problema. A cuantificación deste imposto faise de forma obxectiva, tendo en conta o valor catastral e o período de permanencia no patrimonio do ben inmovible do que o transmite, con independencia de que se gane ou se perda na venda.

Imos coller un exemplo. Venda real dun piso na cidade de Vigo no ano 2017 por 150.000 euros. Este piso comprouse no ano 2007 por 200.000 euros. É dicir, perdéronse na venda 50.000 euros. Hai unha perda patrimonial. Pois o cidadán que tivo esa perda tivo que pagar plusvalía municipal no Concello de Vigo por 3.840 euros. É dicir, pagamos a plusvalía aínda que na venda experimentamos unha perda.

Isto, señorías, é o que declara inconstitucional o Tribunal Constitucional nunha sentenza do 11 de maio do 2017. O que vén dicir o Tribunal Constitucional é que, se non hai ganancia patrimonial, non se pode pagar a plusvalía. É o caso do exemplo que acabamos de relatar.

Este problema de vendas con perda tense recrudecido nos últimos anos, porque a crise inmobiliaria trouxo consigo unha perda xeneralizada do valor dos inmoibles urbanos.

Se temos en conta, señorías, o período medio de permanencia dun inmovible no patrimonio dos galegos, que pode estar entre 10 ou 12 anos, temos que a maior parte dos inmoibles que

se están vendendo hoxe foron comprados na época alcista, entre o 2000 e o 2005. Polo tanto, unha parte importante de quen vende agora os seus inmobles está perdendo, e nos concellos nos que hai plusvalía téñena que pagar, o cal —repito— foi declarado inconstitucional polo Tribunal.

¿Quen son os que están afectados pola sentenza? Miren, temos que considerar que hai unha parte importante de afectados que son aqueles que, por dificultades do pago da súa hipoteca, tiveron que malvender o seu piso —aí tiveron perdas, seguro—, e, sen embargo, nas cidades de Galicia tiveron que pagar plusvalía. En definitiva, están afectados e, polo tanto, son aqueles aos que temos que defender os que pagaron a plusvalía, aínda que venderan o seu inmovible con perda, pero cunha condición: que non prescribira o seu dereito —logo explicarei isto con máis detención—. Aquí o importante é que os contribuíntes nestes casos teñen catro anos para reclamar a devolución da plusvalía indebidamente cobrada, e, se non o fan neses catro anos, señorías, perden o seu dereito. Por iso nós cremos que temos que dar información sobre este problema. E falarei dos datos do número de xente a que afecta.

Para que nos fagamos unha idea, tendo en conta que o prazo de prescrición son catro anos, hoxe, a 21 de marzo de 2018, estase extinguindo o dereito a reclamar a devolución dos que presentaron o imposto o 21 de marzo do 2014. Se algún de vostedes tivo un tema destes o 21 de marzo do 2014, vaia hoxe presentar a reclamación porque, se non, se extingue o seu dereito, perde o seu dereito. Con datos da taxadora Tinsa, que fixo un estudo neste ámbito, á fecha de maio do 2017 —que é cando aparece a sentenza do Tribunal Constitucional—, no conxunto de España temos 550.000 cidadáns afectados; señorías, máis de 2.000 millóns de euros de plusvalía indebidamente cobrada no conxunto de España, a razón de 3.000 euros por cidadán afectado. Pero é que, ademais, dende 2017, seguíronse vendendo vivendas á perda; polo tanto, hai máis afectados que os que dicía Tinsa. Cos mesmos datos de Tinsa, en Galicia os afectados entre maio do 2013 e maio do 2017 son 18.300. Se temos en conta o que dicía antes de que desde o 2017 se segue vendendo á perda, haberá cinco ou seis mil afectados máis. Ademais, cada día que pasa, os máis antigos van perdendo o seu dereito, porque se vai extinguindo, xa poden estar afectados que perderan o seu dereito a reclamar —aproximadamente 4.000 galegos e galegas, que perderon ese dereito—.

A maior parte de vendas á perda —cos datos de Tinsa— agrúpase nas provincias da Coruña —ten máis ou menos un 50 %, porque están aí as tres grandes cidades: A Coruña, Santiago e Ferrol— e Pontevedra, cun 30 %. Dentro da provincia de Pontevedra, afectou no concello de Vigo 4.000 cidadáns nos últimos catro anos; é dicir, 4.000 galegos e galegas do concello de Vigo que venderon á perda e que tiveron que pagar a plusvalía. Señorías, cada día entre 15 e 20 galegos que non reclaman perden o seu dereito para solicitar a devolución por transcurso do prazo de prescrición. Temos que traballar para defendelos. Tendo en conta que o importe medio por afectado estaría arredor dos 3.000 euros, estamos a falar de 50 ou 60 millóns de plusvalías indebidamente cobradas, maioritariamente polas cidades galegas, e que deben ser devoltas a eses cidadáns.

¿Que é o que teñen que facer os cidadáns afectados? Miren, non cabe devolución de oficio polos concellos. Os concellos non poden facer a devolución de oficio —e teremos ocasión,

no turno de réplica, de falar sobre iso—. Ten que facerse a iniciativa dos contribuíntes afectados mediante unha solicitude de ingresos indebidos. E aí terán dereito á devolución os casos non prescritos; é dicir, os que estean dentro dos últimos catro anos, a contar desde a finalización do prazo de presentación da autoliquidación, que é cando pagamos a plusvalía; temos catro anos. Por iso é moi importante reclamar antes de que se produza a prescrición, e é moi importante informar os cidadáns afectados.

¿Cal é o obxectivo da nosa PNL? Isto non é unha cuestión partidista, é un obxectivo de defensa dos contribuíntes. Ten que facer a devolución —e isto non cabe ningunha dúbida— o concello que cobrou indebidamente a plusvalía. Pero, ademais, pedimos no punto 2 da nosa PNL, primeiro, que os concellos, colaborando coa Fegamp, informen a cidadanía do dereito que lles asiste para reclamar a devolución da plusvalía indebidamente cobrada, e ademais que a informen de que teñen catro anos; que recollan, que cuantifiquen na memoria dos orzamentos, cal é a cantidade que van ter que afrontar pola devolución. Tamén é moi importante que, en tanto non se resolva a situación lexislativa dende a sentenza do Tribunal Constitucional, non cobren naqueles casos nos que hai vendas á perda. E isto é fácil de demostrar: escritura de compra, 200.000 euros, escritura de venda, 150.000 euros, hai unha perda; non lle podemos cobrar 3.840 euros a ese contribuínte.

Pedimos tamén —como xa o pedimos nunha anterior proposición non de lei— que se habiliten mecanismos áxiles para proceder á devolución, evitando a conflitividade neste ámbito. Non levemos a xente aos tribunais, devolvámoslles o que é deles.

Miren, no punto primeiro tamén nos diriximos ao Goberno español para que, se é necesario, permita aos concellos pagar a devolución cos remanentes de tesourería positivos que teñen. Miren, nós non imos entrar aquí en se se teñen que dar os remanentes para outras cuestións. Pero non esquezamos que parte destes remanentes corresponden a un imposto indebidamente cobrado aos cidadáns, polo que nos parece a nós de xustiza que se poida utilizar para facer a devolución.

Señorías, eu conclúo xa. Esta proposición non de lei é unha iniciativa, de verdade, en defensa dos dereitos dos cidadáns galegos —como algunha outra que trouxemos a esta Cámara referida aos emigrantes en terceiros países, que estamos a ver estes días que nos dan a razón os tribunais na proposición que fixo o noso partido— que pagaron de forma indebida un imposto que agora lles ten que ser devolto. Nós —creo que todos os grupos parlamentarios— non podemos defender unha actuación por parte das administracións públicas que impida aos cidadáns reclamar o seu dereito, sobre todo, señorías, de verdade, porque a non reclamación en prazo trae consigo a extinción do dereito. Á marxe de discusións sobre o financiamento local ou de que administración ten que soportar o custo do erro, o fundamental é salvagardar os dereitos dos contribuíntes.

E remato dicindo que dende o meu grupo parlamentario defenderemos sempre a correcta aplicación da normativa tributaria, incluso naqueles casos nos que quen debe devolver o indebidamente cobrado é o ente recadador, neste caso, os concellos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

A verdade é que hoxe o Partido Popular nos trae unha iniciativa que é un pouquiño chamativa.

Por unha banda, plantéxanos a devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado. Voulle recordar que este tema foi abordado na Comisión 1ª, na Comisión 3ª e aprobado no Pleno do 12 de xullo de 2017 a proposta, precisamente, do Partido Popular. Nesa mesma proposta solicitábase demandar a modificación lexislativa para adaptala ás sentenzas do Tribunal Constitucional e demandar dos concellos galegos a habilitación dos mecanismos para proceder á devolución aos contribuíntes afectados polas cantidades indebidamente recadadas.

Pero, por outra banda, tamén nos trae o reinvestimento dos superávits xerados polos propios concellos, que tamén foi abordado na Comisión 3ª, nunha PNL, o 7 de abril, levada polo noso grupo parlamentario e aprobada por unanimidade; nunha pregunta posterior, o 19 de maio; e nunha PNL traída polo propio Partido Popular o 8 de setembro, que tamén foi aprobada, cun texto que di que se inste o Goberno galego a levar a cabo as modificacións lexislativas oportunas para permitir aos concellos o emprego do superávit dentro dos límites marcados pola normativa europea de estabilidade orzamentaria.

Pero é moito máis curioso aínda, se cabe, que na Comisión 3ª, desenvolvida a semana pasada, o 16 de marzo, este grupo parlamentario volveu levar unha PNL para que por parte da Cámara se aprobase o acordo ao que chegaron a FEMP, na persoa do seu presidente, e o Goberno do Estado, na persoa do ministro Cristóbal Montoro. E o PP galego votou en contra. A verdade é que bastante curioso. Non sabemos cales son os motivos. Pode ser que non lles guste que o presidente da FEMP, representante lícito de todos os concellos españois, e, por suposto, de todos os concellos galegos, chegara a un acordo co ministro do Partido Popular, Cristóbal Montoro, sen que vostedes tiveran ningunha intervención. E quérolles recordar que o presidente da FEMP levou un acordo que foi adoptado por todos os grupos políticos; polo tanto, polo Grupo do Partido Popular tamén.

Tamén pode ser que non lles guste que os concellos teñan autonomía; tamén pode ser que non lles guste que os concellos non necesiten da tutela da Xunta de Galicia; ou tamén pode ser que non entendan que os gobernos locais dos concellos galegos son autónomos para aplicar as políticas polas que foron lexitimamente elixidos pola súa veciñanza; (*Aplausos.*) ou tamén pode ser que non queren que 480 millóns de euros sexan empregados para atender as necesidades dos galegos e das galegas. Eses poden ser os únicos motivos que poden levar o Partido Popular a votar en contra, e tamén o poden facer hoxe non aceptando a nosa emenda.

Pero, mire, os feitos son que cinco meses despois de que se aprobara por unanimidade a PNL debatida neste Pleno e traída polo Partido Popular non se tivo ningunha noticia. Nós xa sa-

bemos que a interlocución non está sendo moi fluída entre o PP de Núñez Feijóo e o PP de Mariano Rajoy. Pero tamén é verdade que o presidente da FEMP ten solicitado —en reiteradas ocasións— unha reunión co ministro Montoro para solventar este problema, sen que se obtivera ningunha resposta.

Pero, mire, o 14 de febreiro de 2018 os representantes municipais manifestaron publicamente que a súa paciencia xa estaba esgotada e, polo tanto, a FEMP, a través do seu presidente, ameazou con emprender accións potentes. Polo tanto, dous meses despois desta solicitude feita polo presidente da FEMP ao ministro Montoro para darlles solución a estes problemas, pero tres horas despois de que se anunciaran mobilizacións, o ministro Montoro aveuse e chamou o presidente da FEMP para solucionar este problema.

O Partido Popular ten medo á perda de votos e ten medo ás mobilizacións porque é a única forma que entende, e, polo tanto, a única forma que atende, para atender as reivindicacións lóxicas e lexítimas de calquera colectivo. O mesmo vai pasar coas pensións públicas, señores e señoras do Partido Popular, porque esa guerra ímola gañar na rúa. *(Aplausos.)* ¡Ímola gañar na rúa! *(Aplausos.)*

Tamén é verdade que teñen que rectificar, porque ante as manifestacións elitistas das mulleres, que saímos á rúa para reivindicar os nosos dereitos, vostedes tamén tiveron que rectificar.

Pois ben, o acordo que acadaron o presidente da FEMP e o ministro Montoro consistiu en ampliar os investimentos financeiramente sostibles a infraestruturas educativas, sociais, culturais, deportivas e de seguridade e protección civil e en aprobar en 20 días o decreto habilitante para poder facer efectivo este acordo; acordo que, ademais, foi celebrado por 300 cargos electos que asistiron ao Cumio de alcaldes e alcaldesas que fora previamente convocado pola FEMP.

A Fegamp, tamén a través do seu presidente, sumouse a estas protestas manifestando que o Goberno do Partido Popular do señor Rajoy emprega os concellos coma se foran banqueiros e limita a súa autonomía de gasto en investimentos financeiramente sostibles sen poder atender, por exemplo, as políticas sociais, nuns momentos en que moitos o necesitan, posto que aínda estamos saíndo da crise, e onde moitos foron abandonados polo Goberno da Xunta de Galicia e polo Goberno do Estado. Polo tanto, este é un goberno que aposta pola precarización do emprego e dos servizos públicos e que prioriza cadrar as contas antes que atender as persoas.

Non suficiente con isto, temos un presidente da Xunta de Galicia que amosa a súa aposta polo municipalismo dicindo que teme que esta actuación poida converterse nun novo plan E. Novamente unha manifestación clara da aposta do municipalismo do Partido Popular.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A emenda presentada polo noso grupo —si, acabo agora mesmo, señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Pero mire o reloxo, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...reproduce textualmente o acordo acadado entre a FEMP e o ministro Montoro. Pregúntolles: ¿o PP de Núñez Feijóo vai ir en contra dos acordos lexítimos do municipalismo galego e español? ¿Ou vai ir en contra dos acordos do ministro do Partido Popular e Rajoy?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Ou vai ir en contra dos concellos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...ou de que 470 millóns...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...sexan utilizados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para os galegos e as galegas?

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todas e a todos.

Señor deputado do Partido Popular, ¿vostede lembra que o 7 de abril de 2017 eu presentei unha iniciativa sobre esta cuestión —hai un ano practicamente—, na Comisión 3ª, e vostedes non apoiaron esa proposición, nin a emendaron de tal xeito que a puideramos aprobar? Polo tanto, claro que estamos do lado dos contribuíntes, que foron aos que se lles cobrou dun xeito inxusto, e claro que estamos a favor de que se lles restitúa, pero eu quería comentar algunha contradición que se ve na súa iniciativa.

A cuestión está clara, sentenzas sucesivas. A nosa iniciativa xa facía mención a unha sentenza sobre a norma foral de Euskadi, pero que era o mesmo texto que a estatal, e non variaron. Evidentemente, as sentenzas a quen atribúen a responsabilidade é ao lexislador; é dicir, ao Estado, e vostede na súa intervención e na súa proposta de resolución carga as tintas contra os concellos. Non, non, o Tribunal Constitucional en ningún momento sinala ningunha mala actuación dos concellos durante estes anos, sinala responsabilidade ao lexislador, ao Estado. Polo tanto, nós cremos que, sendo a responsabilidade do lexislador do Estado, tamén corresponde ao Estado compensar os concellos pola restitución do imposto indebi-

damente cobrado, e moito máis aínda que vostede non queira falar do que pasou co financiamento dos concellos neste país durante os últimos anos, do que pasou co imposto de bens inmobles e do que fixeron vostedes impondo esforzos moi superiores á Administración local que ao propio Estado.

Advirto contradicións porque vostede na exposición de motivos di que os artigos de determinación da base imposible son inconstitucionais e, en consecuencia, nulos, polo que non procede a sanción do imposto con base nos mesmos, nin sequera naqueles casos nos que os valores dos terreos se incrementaron durante o tempo de tenza polo contribuínte. Pero, en cambio, vostede propón que nas declaracións pola plusvalía que se presenten a partir da sentenza do Tribunal Constitucional e respecto das que se acredite a existencia dunha perda patrimonial non se proceda ao cobro do imposto en aplicación da devandita sentenza. Ou sexa, unha cousa ou outra, ou se cobra ou non se cobra. Vostede está dicindo na proposta de resolución que se cobre só naqueles casos onde se demostre incremento do valor, e na exposición de motivos vostede di que son nulos e que, polo tanto, non se poden aplicar. É unha contradición.

Despois, tamén nos chama a atención que vostedes falen de que é urxente a modificación lexislativa, de que a teñan pedida e de que aquí, na proposta de resolución, tampouco volten exixir esa urxente modificación lexislativa. Non está aprobada a modificación lexislativa. Nós pedimos na nosa emenda que se modifiquen, que se inste a modificar o real decreto sobre a Lei 2/2004, nos artigos referidos ás sentenzas do Tribunal Constitucional. Eu creo que non sobra nese caso. E tamén pedimos na nosa emenda que, evidentemente, os concellos procedan a devolver o indebidamente cobrado, pero que o Estado compense os concellos por iso. Cremos que, ademais, é de xustiza; cremos que, evidentemente, a sentenza do Tribunal Constitucional é clara, atribuíndo implicitamente responsabilidade ao lexislador; e que, polo tanto, corresponde iso.

Despois sorpréndenos —non deixa de sorprendernos— que vostedes no primeiro punto digan que se permita a utilización do remanente de tesourería positivo para devolver estes importes. Houbo concellos que durante os peores anos da crise tiñan remanente de tesourería e non podían utilizalo para os servizos sociais, para a dependencia e para axudar a xente que máis o necesitaba, e vostedes nunca pediron a utilización dese remanente de tesourería para esas necesidades básicas. Puxeron por diante o cobro da débeda dos bancos por riba das condicións de vida da xente. Polo tanto, non hai que permitir só que se utilice ese remanente para estas cousas, o que hai é que derrogar a Lei de estabilidade orzamentaria e hai que derrogar o artigo modificado, o 135 da Constitución, que puxo por diante os intereses dos bancos, pactando, por certo, o Partido Popular e o Partido Socialista iso, o pago da débeda, por riba das necesidades das persoas. Houbo concellos neste país con necesidades perentorias para os seus veciños que non puideron utilizar eses remanentes para as súas necesidades. Polo tanto, gustaríanos que isto que aplican aquí vostedes o aplicasen tamén no caso das necesidades da xente.

E vostede di: non levemos aos tribunais a xente, paguémoslle antes de... Totalmente de acordo. Precisamente, o que fixeron vostedes coas indemnizacións pola anulación do concurso eólico do Bipartito. Sabendo que tiñan que pagar, estiveron durante anos facéndolle ir

a quen tiña dereito recorrer aos tribunais, e vostedes sabíano. Precisamente durante anos vostedes fixeron iso: sabendo que tiñan que devolver, obrigaron a xente a ir aos xulgados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Bo día.

Temos que agradecer ao señor González o esforzo pedagóxico que fixo na súa exposición; recomendámoslle que faga un tutorial para explicar este tema en Youtube. O que pasa é que tamén lle propoñemos algunhas correccións, porque non sei se isto de «vandalistas» é unha innovación terminolóxica, un neoloxismo que crearon vostedes agora, ou non, pero ben, debería corrixir iso. E, claro, debería tamén completar a súa exposición facendo referencia ao Goberno do Estado, porque ten moita responsabilidade nesta cuestión, como veremos, na resolución desta cuestión, como xa propuxo este Pleno en acordos, por exemplo, do 12 do 7 do 2017.

Polo tanto, a nós parécenos que esta é unha proposta un tanto improcedente, un tanto incoherente e que, ademais, revela un problema que xa temos expresado aquí dunha certa descoordinación e de falta de comunicación co Partido Popular madrileño. Porque, claro, vostedes teñen co Partido Popular madrileño unha comunicación unidireccional: é para recibir ordes, como vimos onte no caso da AP-9; pero para mandarlle mensaxes vostedes alí, parece que non funciona. Entón, non sei se propoñerlle crear un grupo de whatsapp coa presidenta do Congreso ou co señor Rajoy para que lle manden alí as propostas do Partido Popular, porque parece que non lle fan moito caso ou que non se enteran. Porque, claro, resulta que o día 9 de marzo o Partido Popular rexistrou no Parlamento do Estado, no Congreso, unha proposición de lei para reformar, modificar, o Texto refundido da Lei de facendas locais a respecto desta cuestión, a respecto do imposto da plusvalía. ¡Sen tempo non era, a verdade!, sen tempo non era, porque hai dez meses que se produciu esa sentenza do Tribunal Constitucional e a verdade é que vai a cousa bastante lenta, tendo en conta a preocupación que teñen vostedes por esa devolución que é xusta, e a xente, desde logo, ten que recibir eses cartos que pagou e que non tiña que pagar. Pero, claro, para resolvelo, fai falta que o Estado, que o Goberno, que o Congreso dos Deputados —perdón, que o Congreso, que xa non é «dos deputados»— aprobe esta modificación legal. Unha modificación que fixeron xa, por certo, as deputacións forais vascas. Debían —un pouco— tomar nota e aprender deste exemplo, xa que foron moi áxiles para cumprir esas sentenzas do Tribunal Constitucional; ou da Comunidade Foral de Navarra, que tamén a aprobou en decembro do ano 2017 e que fixou un procedemento. Porque, claro, aquí o fundamental é que mediante esta modificación legal se fixe un procedemento que despois os concellos terán que aplicar; non

pode ser que un concello aplique un e que outro aplique outro, se non, iso é un galimatías, iso non ten sentido e iso é un desbaraxuste. Polo tanto, sexan serios e díganlle ao Goberno do Estado que aprrobe dunha vez esa modificación legal.

Esta é unha das cuestións que están aquí en discusión, pero hai outra tamén que nos parece moi importante, e é que vostedes en ningún momento se preocupan polo procedemento de compensación aos concellos, porque, efectivamente, os concellos van deixar de ingresar un diñeiro importante —vostede creo que dixo, no caso das cidades, que eran 40 ou 50 millóns de euros, ou 50 ou 60 millóns de euros—, e o lóxico é que haxa unha compensación por parte do Estado, porque os concellos non teñen culpa de que perdan eses cartos por culpa dunha incorrecta aplicación dunha lei estatal. Ademais que aquí, nesta propia exposición de motivos do texto —non sei se vostede non o ten; se non, pásollo ao presidente para que llo faga chegar, ou doullo directamente—, fala de que esta é unha modificación provisional e de que está en discusión unha reforma da Lei de facendas locais para corrixir, precisamente, o infrafinanciamento dos concellos. E esperemos tamén que se corrixa outra cuestión fundamental, que é a discriminación dos concellos galegos.

Polo tanto, o BNG non vai apoiar esta iniciativa porque non cumpre os requisitos que a nós nos parecen fundamentais para poder aprobala: primeiro, que se exixa ao Goberno do Estado esa modificación legal e que se faga canto antes para que non se estea atrasando indefinidamente resolver esta cuestión de que a cidadanía ten dereito a que lle devolvan eses cartos. En segundo lugar, outra cuestión que nos parece fundamental é a compensación aos concellos, que se debe aprobar tamén e que debe ir con cargo ás arcas do Estado, loxicamente. E, en terceiro lugar, tamén a modificación dese marco legal establecido na Lei de estabilidade orzamentaria e na reforma do artigo 135 da Constitución, que tivo as consecuencias que tivo e que nós pensamos que se debe cambiar, precisamente, aprobando medidas que acaben con esa asfixia económica dos concellos e coa discriminación dos concellos galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días de novo.

Señor Bará, moitas grazas pola súa apreciación lingüística. Rectifico: non podemos nin debemos utilizar as prerrogativas parlamentarias para defender os que realizan actos vandálicos. ¿Así queda mellor? ¿Si? Ben, pois xa está rectificado. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Seguro que concordamos todos, señor Bará, seguro.

Despois, outra cousa: sobre leccións de oratoria e de todo isto, xa o tomarei en consideración a próxima vez para que me dea vostede unhas clases. Moitas grazas pola apreciación.

Digo eu, mire, todo o que falou, ¿pensa que lles preocupará algo aos 2.000 ou 3.000 cidadáns de Pontevedra aos que vostede, o seu concello, lles cobrou a plusvalía indebidamente? Porque

deses hai que preocuparse. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non se preocupe, señor Sánchez, que o seu discurso me gustou moito, e despois contestareille, non se preocupe.

Pero mire, hai dúas cousas nesta PNL que son novas respecto das anteriores —por certo, non repetimos as PNL; agora aclarareino—. Hai unha, que é: se a plusvalía está indebidamente cobrada e se perde o dereito a catro anos, polo transcurso de catro anos, ¿por que non informamos os cidadáns? ¿Por que os concellos non lles están dando esa información? ¿Vostedes teñen oficina en Pontevedra para informar os cidadáns? ¿Hai oficina en Vigo para informar os cidadáns? ¿Na Coruña, en Ourense? Dáme igual cal sexa a cidade, dáme igual. ¿Pero estase informando? Non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E a segunda...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: ¡Home!, non secuestre a miña actividade parlamentaria, déixeme expoñer porque, se non, non hai maneira. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)*

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: ¿Podo seguir?

O señor PRESIDENTE: Si.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Señora Rumbo, vamos ver, nós aquí dicimos que o superávit municipal... Nós non entramos aquí a discutir —que é outra cousa— o posible uso noutros ámbitos, o que poidan acordar a nivel do Goberno central; nós o que dicimos é que, se é necesario para algo que nós consideramos fundamental, que é respectar os dereitos dos contribuíntes, utilizar ese superávit, que se lles deixe utilizar, porque non se olvide que parte do superávit corresponde á plusvalía indebidamente cobrada, nalgúns concellos unha parte importante dese superávit. Non se olvide de que, por exemplo, en Vigo nove millóns e medio de euros cada ano dese superávit corresponden á plusvalía indebidamente cobrada. Seguro que tampouco lles importa aos 4.000 galegos que perderon xa o seu dereito a reclamar a plusvalía, entre outras cousas porque non están debidamente informados.

E, señor Sánchez, o seu discurso hoxe tecnicamente é un discurso adecuado, vostede dixo as cousas que sempre defendeu desde o primeiro momento. O que non dixo é que nós non apoiamos a súa primeira iniciativa entre outras cousas porque non estaba correcta desde o punto de vista técnico. Xa llo dixen moitas veces no debate, xa lle dixen que os concellos non poden facer a devolución de oficio. Nós tampouco estamos aquí a defender se ten que ser o Estado ou ten que ser o Concello quen sufrague o custo económico disto. O que estamos é a defender os contribuíntes aos que se lles cobrou indebidamente un imposto, e o que dicimos é: defendamos todos a eses contribuíntes, evitemos que perdan o seu dereito a reclamar e consigamos que os concellos lles paguen o que lles cobraron indebidamente. Pregúntolle eu: ¿non é importante que os concellos lle dean publicidade á posibilidade que teñen os cidadáns de reclamar?, ¿non é importante, señor Sánchez, que dende maio de 2017

os concellos deixaran de cobrar a plusvalía indebidamente cobrada? Vostede falou dunha contradición. Non hai tal contradición na exposición de motivos, e voullo explicar.

Vamos ver, o que di a sentenza do Tribunal Constitucional é que non se pode cobrar plusvalía, con toda claridade, nos casos de perda. Se vendo o piso por 150.000 e me custou 200.000, non podo cobrar a plusvalía. E os concellos estana cobrando. Pero, a maiores, xa hai tribunais inferiores ao Tribunal Constitucional que nin sequera permiten cobrar a plusvalía aínda que houbera ganancia. E digo eu: ¿non é de pura lóxica que todos aquí lles digamos aos concellos galegos que non cobren nestes casos?, ¿non é de pura lóxica? ¿Por que din vostedes, entón, que van votar en contra desta iniciativa que o único que pretende — repito — é defender os dereitos dos cidadáns?

E acabo xa.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas...

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: En relación coas emendas, non imos aceptar ningunha delas; a do Partido Socialista porque non ten absolutamente ningunha concordancia co que se pide aquí, e a de En Marea porque é repetitiva e, ademais, porque se refire a certas cousas que xa se están facendo. A modificación, como moi ben relatou o señor Bará, xa está no Congreso dos Deputados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Visítannos os alumnos do colexio Tino Grandío, de Guntín, Lugo.

Benvidos tamén ao Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

Quixera empezar saudando o alcalde de Cariño, o portavoz do Concello de San Sadurniño e veciños de San Sadurniño, e tamén os alumnos que nos acompañan agora.

A construción da vía de alta capacidade VAC Costa Norte foi anunciada no ano 2001 —hai dezasete anos, nin máis nin menos— polo conselleiro de obras —por aquel entón, o señor

Cuíña Crespo—. Anunciou a construción desta vía cunha vocación clara, a de vertebrar e mellorar a mobilidade e competitividade dos veciños e veciñas das comarcas de Ferrolterra e Ortegal, na provincia da Coruña, e da comarca da Mariña, na provincia de Lugo. Non obstante, non foi ata 2009, co goberno do señor Touriño, cando comezaron as obras do primeiro tramo, a variante de Ortigueira, e se licitaba o tramo San Cibrao-Viveiro. Nese mesmo ano, a promesa do Partido Popular e do señor Feijóo —que prometía non xa un corredor senón a autovía do norte, Ferrol-San Cibrao— é que ía estar en funcionamento no 2012. Seis anos despois non fixeron nada máis que inaugurar os dous únicos tramos que na actualidade están en servizo: a variante de Ortigueira, en xullo de 2013, e o tramo San Cibrao-Viveiro, en xaneiro do 2017.

Esta infraestrutura de comunicación está chamada a integrar na rede de altas prestacións do noso país as comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña lucense, polo que será, unha vez rematada, unha infraestrutura que terá como beneficiarios potenciais a máis de 300.000 persoas, que directa ou indirectamente se verán beneficiadas por esta vía. Non só a mobilidade das persoas vai resultar beneficiada pola obra, senón que a mobilidade de mercadorías de todo o tecido produtivo asentado nestas comarcas —que abrangue, entre outros, o sector da pesca, a explotación forestal, a industria mineira, transporte, téxtil, alimentación, turismo etc.— se verá beneficiada por esta infraestrutura.

Como dicía antes, o Goberno do Partido Popular e do señor Feijóo non fixeron nada por avanzar as obras, non se expropiou nin un só metro máis nin se executou un euro máis dende hai nove anos.

Paso a relatalles unha serie de reunións que tiveron representantes municipais e a Administración autonómica.

O 29 de outubro de 2015 os alcaldes da comarca de Ortegal convocan a todos os rexedores municipais afectados e celebraron a primeira xuntanza no Concello de Ortigueira co obxectivo de testar o ambiente político, na que todos os concellos estiveron de acordo en avanzar e solicitar unha xuntanza coa conselleira.

O 12 de novembro de 2015, xuntanza celebrada no Concello do Vicedo, na que estaban presentes os representantes de dezasete concellos. Foi unha primeira toma de contacto coa conselleira, que acudiu poñendo a venda antes que a ferida e indicando que ían emendar os seus propios orzamentos para o ano 2016 —nese momento en fase de tramitación— para poder así incluír unha partida de 400.000 euros que se dedicarían ás expropiacións no tramo San Sadurniño-Sanguineira. E, como era de esperar, a día de hoxe non se expropiou nin un só metro.

O 22 de abril de 2016 foron convocadas de novo todas as partes, desta volta no Concello de Cariño —a conselleira, os delegados provinciais da Xunta de Galicia, naqueles momentos, o señor Calvo Pouso e a señora Rodríguez Arias, e os representantes de dezaseis concellos de todas as cores políticas—, e o día previo, 21 de abril, sacaron un novo coello da chisteira. Publicaron no DOG a licitación do contrato para a realización de expropiacións no subtreito San Sadurniño-Sanguineira. O prazo para os licitadores remataba o 6 de maio, e non se sabe

nada de nada disto. Nesta mesma xuntanza acordouse formar unha comisión de seguimento do proxecto, que estaría formada por un alcalde de cada comarca e de cada cor política: Secundino García, alcalde de San Sadurniño, polo BNG e por Ferrolterra; Miguel Alonso, alcalde de Cariño, polo PSdeG e Ortegá; e Jesús Novo, alcalde do Vicedo, polo PP e pola Mariña, ademais de dous representantes da propia Consellería. Esta comisión nunca foi convocada a pesar de que o alcalde de Cariño solicitou a xuntanza en diferentes ocasións.

En febreiro de 2018 a reunión foi no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol, onde a conselleira promete arranxar unhas curvas da AC-862 e incluír uns carrís de adiantamento, sen que iso inflúa en que se execute a vía de alta capacidade. Isto parece unha tomadura de pelo. Ademais, afirma que a ponte sobre a ría de Viveiro está consensuada, momento no que a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, desmente a conselleira alí mesmo. Non faláron co Concello de Viveiro de como podería ser o proxecto e mesmo se enteraron pola prensa os días previos. Coma sempre, outro coello da manga.

O 7 de marzo de 2018 publícase no DOG o concurso do contrato de servizo para a redacción do proxecto de construción e mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito AG-64-A Ponte de Mera. O prazo de execución é de dous anos, outra tomadura de pelo. (*Aplausos.*)

O 8 de marzo de 2018 publícase no DOG o concurso do contrato de servizo para a redacción do estudo informativo, impacto ambiental e proxecto de construción e actualización da VAC Costa Norte, treito AG-64 dende San Sadurniño a Sanguineira, e a redacción do estudo informativo e o estudo de impacto ambiental da nova ponte sobre a ría de Viveiro e a conexión da VAC Costa Norte coa LU-540. O prazo son outros dous anos.

Por certo, non quero deixar de mencionar o enlace da península de Ortegá con esta infraestructura, que sempre estivo contemplada, mesmo no plan anterior, no Plan Move do anterior conselleiro, o señor Hernández. Pero no mapa que lles presentaron aos alcaldes hai uns días aparecía cunhas liñas descontinuas, non sabemos a que se refiren —se é oculta, se non aparece...—, o que sería unha marxinação grave para o concello de Cariño e para as vilas do concello de Ortigueira que forman parte desta península. Pero o máis grave é que a propia Xunta estaría renunciando a comunicar correctamente o porto autonómico do concello de Cariño, que, segundo palabras do presidente de Portos na Comisión 8ª, a semana pasada, este porto de Cariño é o que move o maior número de mercadorías comerciais en Galicia, 530.000 toneladas no último ano. O 25 % das mercadorías que se moven nos peiraos comerciais autonómicos fanse dende o porto de Cariño. É dicir, é o porto máis importante en movemento de mercadorías de toda Galicia e non ten unha boa comunicación por estrada. Isto non se comprende, estarán de acordo comigo en que isto non se comprende.

A VAC de Ferrol-San Cibrao é unha arteria fundamental para o desenvolvemento das comarcas de Ortegá e da Mariña lucense. É prioritario potenciar a dita VAC para poder saír da situación de debilidade económica potenciando o comercio dunha das comarcas máis abandonadas de Galicia. Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Licitar en 2018, e con carácter de urxencia, a contratación do proxecto correspondente aos seguintes tramos: San Sadurniño-AG-64-Campo do Hospital, Campo do Hospital-Seoane, Espasante-O Barqueiro e O Barqueiro-Covas.
2. Licitar en 2018 a construción do tramo Covas-Celeiro, para que estea rematado no ano 2020.
3. Incluír nos orzamentos de 2019 as partidas necesarias para a realización e desenvolvemento das obras de construción dos tramos San Sadurniño-AG-64-Campo do Hospital, Campo do Hospital-Seoane, Espasante-O Barqueiro e O Barqueiro-Covas, para que poidan estar rematadas no ano 2021.»

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Pérez Seco.

Por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor José Luís Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días.

«Un paso adiante e outro atrás, Galiza/ e a tea dos teus soños non se move. / A esperanza nos teus ollos se espreguiza. / Aran os bois e chove.»

Estamos no día da poesía e vén a conto, porque «aran os bois e chove» é a frase perfecta, o verso perfecto, para significar o tempo e a quietude deste país. Porque a fins do século XX, no reinado do señor Aznar, desde Galicia, e para aforrarlle cartos, don Manuel decide —nun golpe de Estado xeográfico— pasar a transcantábrica por Vilalba, convertendo esta vila, Vilalba, en nova capital do mundo coñecido.

E a min, como chairego, non é que me moleste que Vilalba cobre protagonismo, máis ben ao contrario. O que me amola, e parece intolerable, é que sexa a custa da incomunicación dunha zona que necesita desde hai tempo un mínimo de atención por parte do Goberno —e non digo de cal para que sexa dos dous—. Porque a transcantábrica, que vertebraría desde a AP-9, en Ferrol, as comarcas de Ortegal, Ferrolterra e A Mariña, que foi furtada nese golpe de man do comando Chairego e transformada nunha autovía interior cunha «promesa desculpa» a cambio dese invento chamado «vía de alta capacidade», leva tropecentos anos de espera.

Fomento aforrou moitos cartos a custa dos submisos galeguíños capitaneados polo Partido Popular. A Xunta prometeu e chufou unha vía, que sería case mellor ca unha autovía, e en Madrid escacharon a rir unha vez máis desta «autonosa», *tan comprensiva ella*. ¡Vaítes, vaítes!

Sendo alcalde de Ferrol o amigo Xaime Bello, un amplo abano de concellos, institucións e entidades coordinadas arredor da Mancomunidade de Ferrolterra mostran o seu cabreo. E

a presión da zona materialízase nun proxecto de corredor que queda, en tempos do Bipartito, listo para sentenza. Pero chega Feijóo coa súa máquina de desbrozar de martelos e todo queda en nada. Claro que, no 2011, don Agustín Hernández promete en Ortigueira que se chegará desde Ferrol a Ortigueira no 2016. E xa en abril de 2016, en Cariño —cariño, si, pero cun amor enganoso— a conselleira actual fálalles ás forzas vivas do norte de comezar cunha planificación das obras nun tempo razoable. Debeuno de esquecer, porque hai uns días volveu visitar as forzas vivas do norte para dicir o mesmo que no 2016 —repetición da xogada—.

¿E non será que andan buscando a maneira de deixar a VAC nun simple arranxo do firme actual, nunha estrada *general*, facéndolle algún que outro estiramento cal cirurxía estética?

Este conto eu poderíalle contar dun xeito máis técnico pero non menos veraz, porque o asunto dá noxo, noxo pola tomadura de pelo que desde a Administración se leva facendo reiteradamente á poboación do norte do país. Se lle sumamos o de Feve, coa súa potencialidade e a súa desatención e deterioración, a burla está completa. Dá noxo porque, se cadra, para o ano que vén —que é ano electoral— se licita un tramo —poño por caso, San Sadurniño-Sanguineira, que casualmente está gobernado polo alcalde e alcaldesa do BNG—, e puidera rematarse para as eleccións autonómicas do 2020. Co mesmo caramelo poderían intentar camelar dúas veces.

A comezo do 2004, o daquela conselleiro de Política Territorial e que hoxe se senta aí, don Alberto Núñez Feijóo —séntase ás veces—, negaba perante representantes de varias organizacións políticas, sociais e sindicais destas comarcas a necesidade do corredor litoral, defendéndoo mesmo como alternativa ao arranxo da actual estrada.

Sorprendente foi que, logo duns meses da constitución do Bipartito, aparece unha inusitada campaña de mobilización do PP denunciando o retraso na execución das obras, e existindo resultados dun goberno que, curiosamente, o que recollía era precisamente o legado dun proxecto que non pasaba dos primeiros trámites administrativos. ¡Ai!, ¡que tempos do PP reivindicativo! ¿Xa o xubilaron?

Créanme, o asunto é serio e a xente está ata o gorro —por non dicir outra cousa que os soliviantaría unha vez máis—. E as comarcas necesitan comunicación decente que afiance o futuro, porque toda esta cadea de enganos e incumprimento de compromisos e prazos na execución desta infraestrutura ten efectos nefastos para o presente e futuro das comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal e A Mariña, co illamento comunicativo e económico desta área socioeconómica, onde se asentan sectores produtivos básicos —forestal, pesca, agrogandeiro—, e enclaves industriais como Navantia, Alcoa, Megasa, ou o porto exterior de Ferrol ou o de Celeiro, por citar os máis destacados.

Por iso, desde o BNG imos apoiar esta iniciativa, aínda que o punto 2 ten o seu aquel, por non estar aínda o proxecto construtivo feito e ser o trazado deste tramo motivo de discusión desde hai xa anos e aínda non resolto. Aínda así, votaremos a favor por vergoña allea, esa que vostedes, do Partido Popular, non senten. Promesas, promesas, e unha burla e un engano continuado.

«Xentes do norte, que os deuses vos dean ira, que paciencia tendes dabondo.» ¿Ou non?
(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rivas Cruz.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Marcos Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Moitas grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta iniciativa para tratar de desbloquear a parálise na que está instalado o Partido Popular no que ten que ver coas infraestruturas da costa norte, no que, como a leña verde, todo e fume, moitos titulares, moitos anuncios, pero ao final a realidade é que as infraestruturas da costa norte levan, dende que o Partido Popular está asentando no Goberno da Xunta de Galicia, totalmente paralizadas.

Imos apoiar esta iniciativa porque somos conscientes da necesidade dunha mellor vertebración para as comarcas da costa cantábrica, que está sendo unha das grandes olvidadas do Goberno, abandonada dende a Administración galega pero tamén dende a Administración estatal. Dá igual, alá onde está o Partido Popular a parálise no avance das infraestruturas na costa norte é a norma.

Non só non avanzan na VAC norte dende que chegaron ao Goberno galego, senón que tampouco impulsan a A-74. Saíu estes días en prensa: «O Partido Popular converte a súa promesa dunha autovía Ferrol-San Cibrao para o 2012 nun arranxo da estrada actual». «A autovía norte Ferrol-San Cibrao, posta en servizo en 2012», iso é o que dicía o señor Feijóo no 2009 na campaña electoral. Agora van facer un arranxo da estrada. O Partido Popular, como a leña verde, todo é fume, non hai nada de realidade.

Non sei cal é o seu plan para esta zona, se deixala incomunicada, se deixala coma unha zona libre de oportunidades e desenvolvemento económico e social, se deixala con infraestruturas do século XIX, que non funcionan en moitos casos. Porque non é só nas autovías e na rede de estradas o problema que temos nesa zona. Temos o problema do ferrocarril. Vostedes deixaron morrer o ferrocarril, a antiga liña de Feve, que o ano pasado tivo máis de novecentas incidencias, o 30 % das incidencias das cercanías en todo o Estado. E iso é, en última instancia, cargarse de facto unha infraestrutura.

Polo tanto, nin VAC nin ferrocarril, e as estradas convencionais totalmente deterioradas. Esa é a realidade neste momento, o mapa real desa zona que non tivo investimentos do Partido Popular durante todos estes anos. Pero non o dicimos nós. Estes días os xornais estaban cheos de novas, e por iso o ministro de Fomento onte veu, como Papa Noel, anunciar un montón de investimentos.

A Nacional VI, en mal estado; a Nacional 634, en mal estado —porque imos a toda a zona de Lugo, que é extensible ao que está pasando na zona norte—; a 642, en mal estado; o tramo 120, o máis perigoso de España segundo a RACE, e para o Goberno do Estado parece que aí a seguridade viaria non é importante, non sei se é porque está en Galicia ou por que motivo é, pero, na estrada máis perigosa de todo o Estado, Fomento non ten ningunha intención de facer nada. Mesmo o ano pasado o Ministerio do Interior impulsou un plan para solucionar os problemas dos puntos negros, e tendo a maior concentración de puntos negros da rede de estradas do Estado, a maior concentración, o Goberno central decidiu que en Galicia non había que facer este tipo de intervencións.

Esta é a realidade, abandono e desleixo. «Lugo se hunde entre baches» —non o dixo En Marea, está saíndo nos xornais—; «La A-6 se deshace en Lugo», «La autovía A-6 entre Lugo y León en estado crítico, casi intransitable» —non o dixo En Marea, está saíndo nos xornais todos estes días—. E por ese motivo o ministro de Fomento veu anunciar que vai facer unha serie de investimentos en Galicia, porque existe unha presión social evidente diante de todos estes anos de abandono. Pero, claro, o problema é que o señor Feijóo apoia o investimento de Fomento —que, se non me equivoco, está sobre 100 millóns de euros, máis ou menos, o que anunciou onte— pero olvida que dende o 2014 ata o 2017 Fomento non executou na provincia de Lugo 2.400 millóns de euros. Onte faltáballe vir vestido coma Papá Noel. E, coma quen trae regalos, traía 100 millóns de euros, que para nada solventan o enorme problema que temos nesa zona.

¿E cal é o problema na resposta que está tendo a Xunta de Galicia diante de Fomento? Moitos señores e señoras do Partido Popular saben como funciona o mundo dos negocios. Cando queres facer unha negociación, se quen che vén vender vén vender miseria, o que non podes facer é darlle palmadiñas na espalda e dicir que están facendo un grandísimo traballo. Porque, evidentemente, imos seguir perdendo. Bueno, pois esa é a actuación que está tendo a Xunta de Galicia co Goberno do Estado: palmadiñas na espalda e submisión diante do abandono de Galicia. E así están esmorecendo as nosas estradas.

Miren, a señora Éthel Vázquez veu anunciar o Plan de seguridade viaria 2016-2020 no 2018, porque lle preocupa moitísimo e está facendo agora unha *tournee* e vendendo titulares —que é o que fan vostedes, vender fume—. E se aínda non foi a Lugo, que non o sei, se aínda non foi á costa norte, creo que era mellor que lle recomenden que non vaia. O que se precisa para a seguridade viaria é que funcione o ferrocarril, que é o medio de transporte máis seguro, ademais de máis sustentable, que as estradas estean arranxadas e que as vías de alta capacidade se poñan a funcionar.

Menos titulares, menos fume e un pouquiño máis de realidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bo día, e un saúdo ás persoas que nos acompañan da zona de Ortegá.

Falemos de infraestruturas no norte de Lugo, onde deberían circular os coches, esperemos, con todos os espellos retrovisores. Seguimos esperando dende o Grupo Popular que se tomen esas medidas para devolver a dignidade á Cámara.

Efectivamente, compartimos co resto dos grupos da oposición a importancia e a transcendencia para o norte de Galicia desta vía de altas prestacións da costa norte, que, xunto coa A-74, a autovía A-8 e a AG-64, estruturará todo este territorio norte de Galicia.

Intentarei explicar por que consideramos que a súa PNL non é axeitada, e centrareime en tres liñas principais: xa hai unha planificación en marcha, vai en contra, nalgúns casos, incluso das propostas e peticións dos propios concellos e é, evidentemente, inviable técnica e temporalmente tal cal se presenta.

Nestes momentos, como ben recordaba o voceiro do PSOE, cóntase con dous tramos de algo máis de 16 quilómetros xa en servizo —a variante de Ortigueira, aberta ao tráfico no 2013, e o treito Celeiro-San Cibrao, no 2017, como ben recordaba o señor Pérez Seco—. O que esqueceu dicir é que estas obras foron pagadas integramente durante o goberno de Alberto Núñez Feijóo. E aínda queremos ver cantos euros meteron de verdade en catro anos de goberno nesta zona. (*Aplausos.*) Os euros certificados e pagados, ¿sabe cantos foron? Foron 100 millóns de euros na época de maior crise económica que sufriu España e Galicia, a que tamén nos deixaron os señores do PSOE. Pero os cartos invístense cando goberna o Partido Popular.

En calquera caso, para seguir avanzando nesta infraestrutura, evidentemente hai que solventar importantes dificultades sociais, técnicas e económicas, ¡evidentemente! E por isto é unha obra complicada, como se viu en cada un dos tramos que se quere facer. E para iso necesitamos unha estratexia global, realista, dialogada, compartida e corresponsable co resto das administracións e cos cidadáns. E niso é no que se está traballando.

O pasado 1 de marzo, a conselleira presentou esta planificación aos alcaldes da comarca de Ferrol, Ortegal e A Mariña, para explicarlles estes pasos de cara a conseguir solventar estas dificultades, graves dificultades. Porque é un territorio complicado para estas infraestruturas e, como se viu nas propostas que levamos estes anos, xeran importantes problemas sociais que hai que solventar entre todos.

Pois ben, para intentar solucionar isto, vaise traballando en dúas velocidades, en dúas liñas: a curto prazo, para ir avanzando nesta vía, e tamén para mellorar o resto de infraestruturas da zona de Ferrol, Ortegal e A Mariña lucense, porque, evidentemente, hai que ir paralelamente mellorando e arranxando algunha destas infraestruturas mentres se segue avanzando na vía de altas prestacións.

Nesta vía de altas prestacións —como dicían— presentouse recentemente unha proposta para construír unha nova ponte sobre a ría de Viveiro, entendéndose que é unha solución posible, viable, eficiente e que xera menos problemas. Pode ser unha solución como foi noutras zonas, como Ribadeo, Noia ou outros casos que temos en Galicia. Está agora mesmo nese estudo de impacto ambiental e pode ser unha solución. E está xusto para que a socie-

dade en xeral, os concellos e o resto de representantes, aporten todas as solucións alternativas, propostas de xeito construtivo. O que lamentamos é que estas loitas internas do PSOE non lles permitan coincidir neste caso coa súa alcaldesa de Viveiro, cando hai algúns días pedía altura de miras e que primen os intereses dos cidadáns e non os intereses políticos. E iso é o que creo que é necesario en obras complicadas. É unha pena que neste caso pois non secunden a súa alcaldesa de Viveiro, porque este punto segundo—como dicía o señor Rivas—, e incluso o primeiro, son imposibles tecnicamente. Entón, ou está propoñendo que se faga a obra que ten o trazado aprobado, e que conta coa oposición do concello socialista de Viveiro, ou está propoñendo que en dous anos se faga unha ponte que está aínda en impacto ambiental. ¡Pura demagogia! Escolla cal das dúas opcións: ou ir en contra da súa alcaldesa ou abrir novas posibilidades.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: En calquera caso, a Xunta vai seguir traballando —e remato xa— nestas infraestruturas, pero sen demagogias, con realismo, con prazos e orzamentos posibles. Os que figuran son absolutamente imposibles. En tramos nos que incluso non hai nin proxecto é imposible estar executando o ano que vén obras que non teñen nin o proxecto aprobado, como vostede ben sabe.

Remato. As tres razóns que o fan inviable son: xa está en marcha unha estratexia a curto, medio e longo prazo, e falada cos consellos e coa cidadanía, van en contra das peticións dalgúns dos concellos, e é inviable tecnicamente, en prazos e tamén orzamentariamente. O que propón esta PNL impediría facer ningunha outra obra máis en Galicia o ano que vén, incluídos os firmes dos que falaba o señor de En Marea.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio aos grupos do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

E despois, señor Fernández, ao presentar esta iniciativa, nós o que trasladamos ao Parlamento de Galicia son as inxerencias que nos mandan os veciños da comarca de Ortegal e da Mariña. A conselleira dicía hai non moito neste Parlamento, nunha das súas comparecencias, que a oposición non lle poñía deberes. Nós traemos unha iniciativa para poñerlle deberes, e á que vostedes puideron presentar unha emenda cos prazos que ten a Consellería para poñer en marcha a infraestrutura que falta, tan necesaria para as comarcas de Ferrolterra e da Mariña. E se co tramo da ponte de Viveiro non está de acordo o Concello, pódense facer outros tramos para non ir dilatando máis o tempo desta infraestrutura tan necesaria para os veciños e veciñas das comarcas de Ferrolterra, Ortegal e A Mariña.

E eu o que lles pido é que deixen de enganar os veciños e as veciñas das comarcas de Ortegal e da Mariña lucense.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentáronse tres emendas: unha autoemenda do Bloque Nacionalista Galego, outra do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 1 polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno do Estado a poñer en marcha todas as accións administrativas e xudiciais oportunas para conseguir a recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do Pazo de Meirás, comprometéndose a Xunta de Galicia a colaborar en todo o necesario.”)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo punto, que sería o 1 (os demais pasarían a 2 e 3), co seguinte texto:

«1. Instar a Xunta de Galiza a demandar do Estado que exercite as accións administrativas e legais oportunas para os efectos de recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do Pazo de Meirás, e para tal efecto comprometer a colaboración da Xunta de Galiza.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

«1. Que, mediante unha acción coordinada entre as administracións do Estado, Deputación da Coruña e Concello de Sada se exerciten, se participe ou coadxuve, ás accións legais oportunas, para a incorporación do Pazo de Meirás ao Patrimonio público.

2. Que dote a Comisión de Expertos para a Devolución do Pazo de Meirás, creada para o fin de estudar as vías legais para a dita devolución, dos medios materiais e humanos precisos para desenvolver as súas actuacións do mellor xeito posible, de maneira que poida presentar o seu ditame coa maior brevidade posible.

3. Que demande do Estado español:

a) A incorporación da Avogacía do Estado á Comisión de Expertos para a Devolución do Pazo de Meirás, así como á Xunta pro Devolución, para os efectos do estudo e procedencia das accións administrativas e xudiciais oportunas que deban emprenderse co obxectivo e pretensión de incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

b) De resultas das conclusións xurídicas dos informes emitidos no seo de dita Comisión e Xunta, e á vista da proba documental existente, e de conformidade coa estratexia xurídica coordinada antes sinalada entre as distintas administracións (estatal, autonómica e local), incoar expediente de recuperación posesoria do Pazo de Meirás e a interposición das accións xudiciais que procedan para o efecto de anular ou extinguir os efectos do título de propiedade detentado pola familia herdeira do ditador Franco, e co obxectivo da súa reversión e incorporación ao patrimonio público e o seu posterior destino conveniado a uso dotacional público.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Hoxe é o Día mundial da poesía pero a verdade é que este tema ten que ver máis coa prosa, coa prosa política, coa prosa poética e tamén coa ética. Estamos a falar, corenta e dous anos despois da morte do ditador e corenta anos despois da aprobación da Constitución, do patrimonio da familia Franco en Galiza, do pazo de Meirás, da Casa Cornide, das esculturas do Pórtico da Gloria, que foron bens adquiridos por medios ilícitos ou de dubidosa legalidade. Está demostrado que foron resultado do roubo, dun gran latrocinio, dunha grande operación de rapina. Foi un botín de guerra, nun contexto de guerra, nun contexto de coacción, nun contexto de terror, de medo, de chantaxe, nos anos 36, 37, 38 e 39; coa colaboración das elites coruñesas, que foron tamén beneficiarias polo réxime. E quero facer tamén aquí unha referencia ao feito de que esas personalidades desas elites coruñesas seguen aínda desfrutando de honras e de distincións na cidade da Coruña.

Foi un botín de guerra pero en realidade foi moito máis ca iso, foi resultado dunha operación de corrupción a grande escala coa utilización continuada, non só neses primeiros anos senón durante toda a ditadura, durante décadas, da Administración do Estado para beneficiar o ditador e a súa familia. Foi posíbel por esa complicidade das estruturas do Estado, durante a ditadura pero tamén despois da ditadura, durante a Transición e durante a monarquía constitucional. E temos que asistir a realidades, que aínda perviven, tan difíciles de explicar no mundo civilizado como o feito de que a familia Franco siga desfrutando, por exemplo, de títulos nobiliarios como o Ducado de Franco ou o Señorío de Meirás. Son auténticas indignidades, son unha vergoña. E todo isto porque, como deixou dito o ditador, houbo unha blindaxe e todo quedou «atado e ben atado», atado e ben atado con eses pactos tamén de silencio e de impunidad da Transición. E onte tivemos un novo episodio no Congreso, cando se vetou a reforma da Lei de amnistía. Segue, por tanto, esa impunidad cos crimes do franquismo.

Houbo esa complicidade durante a Transición e despois, e tamén por parte da Xunta de Galicia —no goberno do Partido Popular—, respecto da familia Franco, pola que se chegou mesmo a subvencionar con 53.730 euros a apertura do pazo de Meirás. É dicir, que se lle deron 53.730 euros á familia Franco para abrir o pazo, que era algo que tiñan que facer por obriga legal.

Ben, isto o que pon de manifesto é que o Partido Popular, durante todo este tempo, tivo unha postura morna, unha postura ambigua, que, por outro lado, é perfectamente coherente coa postura que leva tendo o Partido Popular en relación coa memoria histórica e o franquismo ao longo de todos estes anos. Claro, a vostedes parécelles mal que os acusemos de permisividade e complicidade, pero é que non acaban de desmarcarse, non acaban de situarse no lado da democracia, da verdade, da xustiza e da reparación. E non é suficiente con condenar o franquismo —iso queda moi ben, é unha declaración retórica—, hai que practicar co exemplo. E sobre todo hai que practicar co exemplo de respecto polas vítimas e polas súas familias. Pero polas vítimas do franquismo, non polas vítimas da División Azul. Porque a vostedes preocupánelles máis as vítimas da División Azul —polo que se ve— que as vítimas do franquismo.

Agora realmente estamos nun tempo novo a respecto desta cuestión, estamos nun cambio de ciclo a respecto do franquismo e, sobre todo, dos privilexios da familia Franco. É unha realidade, hai un movemento imparábel, un clamor social que estala agora, mais que vén xa de atrás, que ten os seus antecedentes. E quero facer aquí un recoñecemento á loita e ao compromiso de moita xente, e sobre todo da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña —á fronte da cal estaba, nos anos 2003, 2004, 2005, levando esta bandeira Manolo Monje—, ou do Concello de Sada, especialmente no goberno do BNG nos anos 2007 e 2011, cando se empezaron a mover cousas a respecto do pazo de Meirás. Tamén porque estaba o BNG no Goberno da Xunta e se conseguiu daquela a declaración de BIC, que foi un primeiro paso —coa oposición frontal, por certo, da familia Franco e tamén do Partido Popular—. E foi clave —e quero tamén destacalo aquí— a investigación realizada por Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo no libro, publicado recentemente pola Fundación Galiza Sempre, *Meirás, un pazo, un caudillo, un espolio*, que foi a demostración absolutamente contundente do roubo, con documentación oficial.

Polo tanto, estamos nun punto de inflexión que estalou en agosto de 2017 cando a Fundación Franco anuncia a intención de xestionar as visitas de Meirás, con esas declaracións públicas

que xa coñecemos de apoloxía da ditadura e do ditador, e cando se produce esa resposta contundente desde a sociedade e desde as institucións, por iniciativa tamén, naquel momento, da Deputación da Coruña, de concellos da provincia da Coruña e de entidades pola memoria, de crear a Xunta pro Devolución e traballar pola devolución do pazo de Meirás e doutras propiedades ao patrimonio público.

E ao Partido Popular e á Xunta de Galiza, claro, con ese contexto, non lle quedou outra que mover ficha. E así aprobaron a creación desa comisión de persoas expertas. Pero os meses que pasaron o que veñen demostrar é que estamos outra vez con esa estratexia do Partido Popular de aprobar acordos para arrefriar, para adormecer, para adiar e para intentar tapar os problemas, e que pase o tempo a ver se se esquece outra vez. E, polo medio, veu a intención —outra burla, outra provocación— da familia Franco de intentar vender o pazo de Meirás, outra nova irregularidade.

E, mentres pasaba isto, a Deputación da Coruña si que fixo os deberes —e fíxoos ben— con este informe histórico baseado precisamente na investigación de Babío e de Pérez Lorenzo, e tamén co informe xurídico coordinado polo profesor Xabier Ferreira. Aquí hai, desde logo, unha demostración absolutamente clara e contundente do que pasou. E o que pasou foi un roubo e, polo tanto, este patrimonio non pode seguir pertencendo á familia Franco.

Hai unha cantidade abrumadora de datos que demostran o espolio, o roubo, a maquinación —con esa venda simulada do ano 1941—, o uso por parte da Xefatura do Estado do pazo de Meirás como residencia oficial e a utilización de grandes cantidades de fondos públicos para a compra, para a ampliación da propiedade e para a reforma. E voulles poñer unicamente un exemplo que demostra isto. Cando se fixo esa venda simulada do ano 1941, o pazo de Meirás tiña unha superficie de 5 hectáreas, e ao final da ditadura resulta que ten 9 hectáreas. Pois todas esas ampliacións da propiedade fixéronse con diñeiro público e con coacción de organismos públicos. E, polo tanto, é unha demostración absolutamente clara de que é unha propiedade que debe ser do patrimonio público.

Como dicía, a Deputación da Coruña deu un paso a adiante con esa proposta de acordo que vai este venres ao Pleno da Deputación da Coruña, que está apoiada por todos os grupos, incluído o Partido Popular. E a nosa proposta de acordo que traemos aquí vai estar baseada nese acordo proposto por unanimidade na Deputación da Coruña. Imos renunciar e imos retirar o punto 2 e 3 en aras do consenso, porque xa hai un acordo previo na Deputación da Coruña. Ímoslles propoñer que aproben este texto que traemos aquí, que o que insta é o Goberno do Estado, a Administración do Estado, para que desenvolva todas as accións para recuperar para o patrimonio público o pazo de Meirás.

Parécenos, desde logo, unha proposta razoábel, fundamentada. E tamén, polo tanto, pensamos que é mellor non debater e non ter en conta as emendas da Marea —que noutro contexto nos parecerían perfectamente razoábeis e serían, desde logo, ben recibidas—. Pero, xa digo, con esa vontade de chegar a un acordo, imos traer exclusivamente aquí —se a aceptan os demais grupos— a proposta presentada no Pleno da Deputación da Coruña. Xa digo, está apoiada tamén polo Partido Popular. Esperemos que haxa esa coherencia do Partido Popular hoxe aquí tamén para apoiar ese acordo.

Remato xa dicindo que precisamos rematar dunha vez con esa illa de impunidade que é Meirás, que son todas as propiedades e bens —non só Meirás— roubados pola familia Franco. Recentemente vimos o caso das esculturas do Pórtico da Gloria, tamén está o caso da Casa Cornide —e non son os únicos—. Precisamos rematar con ese auténtico pozo negro da democracia que é Meirás, con esa anomalía histórica. Precisamos facelo por decencia, por hixiene, por dignidade colectiva. E precisamos, en definitiva, comezar a desatar o que quedou atado. E, se o conseguimos, desde logo, será unha grande vitoria da democracia e unha gran derrota simbólica do fascismo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Ten razón o señor Bará, estamos nun tempo novo. Estamos nun tempo novo e, ademais, por primeira vez vemos a luz, vemos unha posibilidade de ter unha saída para o que sempre mantivemos que era unha anomalía histórica e, dende logo, unha anomalía democrática, unha idea que prendeu na sociedade. Estamos tamén de acordo nese senso, non son os tempos de antes, agora a sociedade, toda a sociedade, quere que se remate con esa anomalía histórica.

Nós, os socialistas, sempre mantivemos, e fixémoslo aquí neste hemiciclo e tamén en pleno, que había posibilidades de atopar unha maneira de declarar ilexítima esta propiedade, que era o que tiñamos que facer. É dicir, buscar a maneira de que fora declarada ilexítima, porque é ilexítima, porque había evidencias históricas máis que suficientes para declarala ilexítima e buscar unha saída; unha saída, por suposto, legal.

E esa saída creo que a temos agora mesmo, porque o informe histórico, firmado por don Emilio Brandío, e o informe xurídico, por don Xabier Ferreira, que encargou a Deputación da Coruña xunto coa Xunta pro Devolución do Pazo, dan a saída. Por iso cremos, señor Bará, que esta iniciativa —a súa iniciativa orixinal— claramente está moi sobrepasada polos acontecementos, a súa orixinal. Claro, tan sobrepasada está que ten vostede que autoemendarse, e imaxino que vostede vai aceptar a nosa emenda. Porque a nosa emenda é exactamente o que se pide por parte da Deputación, que vostede di agora que é o que defende. Entón imaxino que a nosa emenda estará tamén aceptada.

Está sobrepasada polos acontecementos tamén —permítame, señor Bará— porque cremos que agora mesmo hai unha saída. Do informe xurídico —que vostedes coñecen e que vostede falou moi pouco del— gustaríame, se teño tempo, facer un resumo. Pero o informe xurídico dá unha solución: ten que ser o Goberno do Estado, o Goberno en Madrid, o que inste a Pa-

rimonio Nacional para buscar unha solución. É dicir, agora o papel está en Patrimonio Nacional e no Goberno do Estado. Postas así as cousas, señor Bará, creo que é o momento de chegar a pactos, creo que é o momento da concordia, da concordia entre todos, non de quen chega antes, non de quen se pon a medalla, senón de que cheguemos todos a unha solución. (*Aplausos.*) Porque na Deputación foron capaces de chegar todos os grupos, e sabe vostede que ese informe foi presentado aquí e sabe vostede que a Deputación nos pediu a todos os grupos que apoiáramos ese informe. Eu, con sinceridade, creo que tería sido moito máis razoable que faláramos primeiro todos os grupos, que despois de ser aprobada esa moción na Deputación todos os grupos puideramos chegar a firmar —gustaríame que fora así— unha proposición non de lei conxunta, o que tamén se fixo outras veces neste Parlamento. Porque iso creo que nos daría aínda máis lexitimidade para exixir ao Goberno de España que pedira e que fixera todo o necesario para que recuperáramos o Pazo de Meirás para o dominio público, e non ter que agora manter esta proposición non de lei. Dígoo fundamentalmente porque, dende logo, estou segura de que tamén vostede falou coa Deputación, e todos os grupos da Deputación nos transmitiron esa necesidade de consenso, de estar xuntos, porque é a nosa forza fronte ao Goberno en Madrid.

Tamén espero que o Partido Popular estea de acordo co señor Agustín Hernández en que isto é necesario, e que tamén o apoie, porque imos necesitar todos os apoios, e, dende logo, o do Partido Popular, para que exixa ao Partido Popular en Madrid que faga o que ten que facer.

Dende ese punto de vista, nós, dende logo, apoiámolo, porque cremos que hai que rematar xa con esa anomalía histórica e que Meirás ten que volver ao dominio público, que é o momento, que temos unha solución e que podemos facelo, e facelo fundamentalmente entre todos, porque non é importante quen chega antes senón que cheguemos todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Efectivamente, hoxe é o día da poesía. E aínda que é certo o que dixo o señor Bará de que o tema é moi prosaico, eu quero dedicar uns segundos a abrir as portas, abrir as portas á liberdade de pensamento, de creación e de expresión, abrir as portas do diálogo, da diversidade e da protección á nosa lingua ameazada, abrir as portas que abren a propia poesía, as artes visuais, a pintura, a música e as artes escénicas, abrir a porta a cuestionar mesmo que palabras usamos e por que, e a respectar, sobre todo, os modos diferentes de percibir e interpretar a realidade.

Creo que é día de parabenizarnos, é día de parabenizarnos porque hai unanimidade —neste tema é importante que haxa unanimidade de todas e todos os demócratas que temos memoria

histórica e democrática—, de parabenizarnos porque a conciencia está aí pola dignificación, pola reparación, pola xustiza e pola verdade, efectivamente. Si cremos que compartimos, si coñecemos e si lemos este informe de 87 páxinas, que está moi ben e realmente coincidimos na necesidade de socializalo, pero, con todo, tamén emendamos, e emendamos con congruencia e con argumentos. Pensamos e non entendemos por que e que impide da nosa emenda avanzar neste camiño común subscrito por todos os grupos, recoñecendo o valor de todos os memorialistas, recoñecendo o valor de toda a xente que fixo contribucións e recoñecendo o valor tamén da Xunta pro Devolución do Pazo, e mesmo de toda a xente que hoxe está pulando para que o pazo de Meirás vaia á propiedade pública. É o que se demanda.

Entón, nós cremos que é imprescindible a coordinación entre todas as administracións, entre a Administración estatal, a Administración autonómica, a Administración da Deputación da Coruña e a do Concello de Sada. Creemos tamén na necesidade importantísima de incluír na Comisión a Avogacía do Estado. Creemos que este é un tema crucial. Tamén a propia Xunta pro Devolución. Creemos que é imprescindible que haxa dotación de recursos humanos e materiais. ¿Para que? Para que o ditame sexa o mellor posible e no prazo máis breve de tempo, e en boas condicións, para que os argumentos sexan sólidos. Porque o obxectivo é realmente esta cuestión do paso á propiedade pública.

Entón, no caso de consolidarse que a propiedade do pazo era pública antes de ser outorgada a escritura pública no ano 1941 —o 24 do 5—, dende logo, para efectos de anular este título, a que se consideraba propietaria exclusiva, que era Manuela Esteban Collantes, non tería xa posibilidade de venda de algo que non era dela. E o caso de considerar comprador a Franco tampouco ten moito sentido, porque sabemos —e hai documentación— que el non pagou o pazo, que o pagou, tal e como se explicou antes, con ocupacións forzosas e obrigas. Foi un espolio, un botín de guerra.

As nosas emendas pasan por, primeiro, que, mediante a acción coordinada coas administracións, a Xunta exercite, participe ou coadxuve ás vías legais oportunas para incorporar o pazo de Meirás ao patrimonio público. Segundo, que se dote a comisión de expertos creada para o fin de estudar as vías legais da dita devolución dos medios necesarios, materiais e humanos, para desenvolver as súas actuacións do mellor xeito posible, de maneira que poida presentar o seu ditame coa maior brevidade de tempo. E que se demande do Estado español a incorporación da Avogacía do Estado á Comisión de Expertos para a Devolución do Pazo de Meirás, así como a Xunta pro Devolución, para os efectos de estudo e procedencia das accións administrativas e xudiciais oportunas que se deben emprender.

b) De resultas das conclusións xurídicas dos informes emitidos no seo da dita comisión e xunta, e á vista da proba documental existente, de conformidade coa estratexia xurídica coordinada, antes sinalada, entre as distintas administracións, o que se pretende, e o obxecto desta emenda, é a súa reversión e incorporación ao patrimonio público e o seu posterior destino conveniado para uso dotacional público.

Creemos que estas emendas o que fan é contribuír a mellorar a proposta do Bloque Nacionalista Galego, que nós, naturalmente, aplaudimos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Bos días, a diferenza entre o público e o privado, mesmo na rúa, é unha lección que deberiamos de ter aprendido na casa. Igual que a diferenza entre a representación pública e a esfera privada. Pero, cando alguén desta Cámara confunde e mestura estes conceptos e actitudes, o que está é faltando ao respecto e á dignidade de todos nós, de todo o pobo galego.

Señor Bará, nós xa sabemos que a vostede lle encantaría traballar no Ministerio da Verdade para poder reescribir a historia. Por iso cada vez que sobe aquí enriba trata de vincular o PP co franquismo. Siga vostede no seu discurso trasnochado, ancorado no tardofranquismo, que mentres tanto nós traballamos. E traballamos xustamente no mandato que fai esta Cámara. Traballamos constituíndo, por exemplo, unha comisión para a realización dun estudo xurídico co obxectivo de incorporar ao patrimonio público as torres de Meirás.

Este mandato, saído desta Cámara e co que supoño que todos vostedes están de acordo, baséase en tres piares: analizar as posibilidades, determinar os mecanismos e que non supoña un custo económico para os galegos. Esta comisión constituíuse en novembro do 2017, e nela participan, baixo a presidencia do catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago Xosé Manuel Núñez Seixas, persoa de recoñecido prestixio, representantes da Xunta de Galicia, das universidades galegas, do Colexio de Notarios, do Colexio de Rexistradores e do Concello de Sanda; e, posteriormente, tamén se incorporou un representante da Deputación da Coruña.

Como poden ver, é unha comisión ampla, plural, diversa de voces e ámbitos, onde cada institución participante designou libremente o seu representante. E libremente están traballando, sen directrices nin indicacións, e con todos os medios ao seu dispor, como pedía En Marea.

A comisión está recompilando, estudando a documentación existente e, como afirmaba o seu presidente, afinando os argumentos, pois a complexidade deste estudo reside na fórmula xurídica, na dispersión da documentación, da documentación pertinente para facelo, e na vontade dos herdeiros.

Desde o absoluto respecto ao traballo da comisión, esperamos ter un informe completo que indique cales son as accións pertinentes que se deberán exercitar para que as torres de Meirás pasen a ser de dominio público. O noso obxectivo ten que ser ese, pero non como un obxectivo político partidista, senón como un obxectivo político colectivo de país. Isto é o que defende o Partido Popular, aquí e en calquera institución na que participamos, tamén na Deputación da Coruña, tamén no Concello de Santiago. Pero non imos entrar ás carreiras, como comentaba a señora Burgo, ás carreiras de informes, de contrainformes..., porque ás veces as présas son malas conselleiras. Debemos ser prudentes, actuar con prudencia. E non o dicimos nós, dío o propio presidente da comisión, o señor Núñez Seixas. En referencia á

posible venda do pazo, comenta: «Cómpre non alarmarse, xa que, ao ser un BIC, a Xunta ten uns dereitos que pode exercitar —Lei de patrimonio cultural—». Ou, en referencia á posibilidade real de conquistar o pazo, dicía: «Non avanzo os argumentos que estamos a manexar, porque desvelar os posibles argumentos legais sería contraproducente».

Polo tanto, temos que ter e facer unha chamada á calma, porque no momento en que se decida exercitar as accións legais non podemos errar. Sería catastrófico emprender un camiño que non nos conduza ao éxito, que o fracaso procesual peche a posibilidade de acadar para o público o Pazo de Meirás. Ese camiño que se deberá seguir debe saír do informe do Comité de Expertos, que todos, señorías, debemos asumir unanimemente. Porque, señor Bará, e señores dos grupos da oposición, ¿cales son as accións legais que vostedes piden interpoñer? ¿Contra quen deberían exercitarse esas accións? Eu non sei se o señor Bará ou calquera de vostedes teñen unha información privilexiada sobre o testamento da señora Franco, ou se teñen contactos cos herdeiros para saber o que van facer coa herdanza. Nós, dende logo, non. Pero, se vostedes saben algo, deberían compartilo coa comisión de expertos, como fixo a Deputación da Coruña, que vai remitir o devandito informe á comisión. Nós entendemos que é unha actitude moi positiva da Deputación da Coruña a de poñer ao servizo da comisión toda a información e documentación que posúe. Agora ben, vostedes non poden pretender que nós asumamos o sentido do informe da Deputación. Non me entenda mal, non estamos cuestionando o informe. Pero o lóxico é que as directrices que se sigan neste proceso saian do informe do comité de expertos creado por mandato desta Cámara —iso é coherencia, señor Bará—, que poderá coincidir ou non con este ou con outros informes. Pero, se vostede considera que o camiño que hai que seguir é o que di o informe da Deputación da Coruña, anime os seus compañeiros da Deputación, porque tamén a Deputación está lexitimada para interpoñer cantas accións legais considere pertinentes. Señor Bará, chame á señora Sanmartín e dígalle que exerza as accións.

Insisto, non debemos esquecer o obxectivo compartido por todos nós: a recuperación para o dominio público do pazo de Meirás sen que custe un euro aos galegos. Repito: consideramos imprescindible que o informe que emita a comisión de expertos sexa aceptado por todos os membros desta Cámara, sen fisuras. Eu espero a lealdade e a coherencia de todos os grupos da oposición cara ao informe que saia do comité de expertos.

E finalizo. Deixemos traballar a comisión respectando os seus tempos, facilitando o seu labor e apoiando as súas conclusións. Por iso, consideramos que esta proposición non de lei non é oportuna neste momento, mesmo o Bloque Nacionalista Galego tivo que autoemendarse, e agora, xusto, rexeita os dous puntos sobre os que se baseaba a propia proposición non de lei. Señor Bará, coido que vostede tamén considera que está fora de tempo e de lugar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Parece que ao Partido Socialista lle molestou máis que o BNG presentase esta iniciativa, e que, ademais, renuncie ás propostas que tiña incluídas na súa pro-

posición non de lei, en aras do consenso, que que a Xunta de Galicia se queira ir outra vez de rositas, (*Aplausos.*) parece que lle preocupa máis que fose o BNG. Tamén o puido facer o Partido Socialista, ser quen trouxese aquí este tema a debate.

Mire, as propostas que fai o BNG na súa proposición non de lei pensamos que teñen plena vixencia, tanto a que fai referencia a que a Xunta de Galicia actúe e emprenda todas as accións legais porque é un BIC, que polo tanto a Xunta de Galicia ten a obriga e a responsabilidade de velar pola recuperación dese ben, e tamén ten plena vixencia o feito de que abra un expediente sobre a venda do BIC, tamén ten plena vixencia.

O que pasa é que nós preferimos que agora o debate se centre sobre o acordo aprobado por unanimidade na Deputación da Coruña, e por iso fixemos unha autoemenda, non renunciamos ás outras cuestións, e levarémolas a debate cando faga falta, igual que nos parecen oportunas e pertinentes as emendas de En Marea. Por certo, que respectan moito a nosa proposta, pero son emendas de substitución. Para respectar, se nos propón outro acordo podería ser de engádegas. Pero bueno, son de substitución, está ben.

Pensamos que son razoables e son oportunas, pero non é o momento agora de debater iso, porque o que estamos traendo aquí é o acordo aprobado por unanimidade por parte da Deputación da Coruña e de todos os grupos, e queremos poñer o Partido Popular de novo ante o espello e que deixe claro cal é a súa postura, porque a vostedes moléstalles que digamos que non acaban de romper con ese legado, con esa herdanza, pero é que os feitos, todos os días, demostran iso. E non lles imos repetir aquí a cantidade de veces que vostedes renegaron das políticas públicas de memoria histórica, que humillaron as vítimas, que votaron abaixo todos os programas, todas as políticas: a illa de San Simón, o proxecto de nomes e voces, acabaron con todo, arrasaron con todo, co programa de escavación de fosas. Vostedes preocupápanse de traer o soldado da División Azul, pero non se preocupan de traer cartos para a escavación das fosas. Polo tanto, pedímoslles que sexan coherentes co que din predicar.

Polo tanto, o que se ve claro aquí é que vostedes din unha cousa na Deputación da Coruña pero ao chegar aquí xa non lles vale. Debe ser que é máis pro memoria histórica o señor Hernández que os señores do Partido Popular que están aquí sentados.

Lamentamos, a verdade, que non sexan coherentes, que non apoien este acordo. Pensamos que é un acordo razoable, que está, ademais, baseado nun informe histórico e xurídico difícil de superar e que marca, claramente, un camiño para a recuperación dese ben. E o que se di aquí é algo absolutamente razoable: «Instar a Xunta de Galicia a demandar do Estado que exercite as accións administrativas e legais oportunas para os efectos da recuperación posesoria e de oficio para o patrimonio público do pazo de Meirás, e, para tal efecto, comprometer a colaboración da Xunta.».

¿Que é o que non lles vale deste acordo?, ¿que é o que non lles vale? Un acordo unánime da Deputación da Coruña despois de todos os grupos renunciar a cuestións, tamén, que lles poderían parecer importantes. Esta é a proposta que traemos aquí. Digan, polo tanto, se están de acordo ou non, e retrátense unha vez a respecto das súas posicións e das súas complicidades.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Están agora con nós os alumnos do colexio Salesianos de Lugo, e dámoslles a benvida ao Parlamento.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei

Emenda de substitución

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido dos puntos 1 e 2 polo seguinte texto:

<<1. Garantir a participación de todos os sectores implicados na cadea de valor forestal, da madeira e o moble, así como asociacións de protección e estudo do medio ambiente, universidades e grupos políticos, para deseñar entre todos un proxecto de Plan Forestal de Galicia de futuro e pensado a longo prazo.

2. Trasladar ao Parlamento de Galicia o borrador de proxecto final de Plan Forestal, co formato que o regulamento da cámara determine, para tentar chegar a un acordo parlamentario o máis amplo posible para unha iniciativa de País como esta que debería poder estar vixente durante décadas.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Benvidos tamén os alumnos salesianos de Lugo.

Hoxe o Goberno galego vive de costas aos seus montes e ao seu tecido agrogandeiro. O antigo modelo de aproveitamento do monte, como base da actividade agraria, rachou a finais do século pasado, durante o proceso de dinamización do rural galego, que sempre vén acompañado da inanición do Partido Popular.

Xunto a isto desapareceu, tamén, o noso xeito de relacionarnos co monte, e hoxe, tristemente, a morte deste é asumida pola nosa sociedade tanto no aspecto económico como no aspecto social, cultural ou ambiental.

Pero unha cousa está clara, isto non é froito da casualidade, isto obedece a unha planificación das políticas do Partido Popular, que é a de traballar para o capital, para os intereses de fóra e para grandes empresas que depredan todo o que están a coller por diante.

¿Como o conseguiron?, entre outras cousas co eucalipto. Traballaron para as empresas e abocaron o noso medio a un proceso de degradación que transformou o rural galego nun deserto da actividade agraria en favor dun monocultivo forestal baseado no eucalipto ou no piñeiro.

¿Onde está a multifuncionalidade dos nosos montes, da que vostedes tanto se gaban? ¿Onde está esa verdadeira industria da transformación? ¿Onde quedou ese valor engadido, que xera rendas, que asenta poboación no noso medio rural? Non están, non están e as súas políticas tiveron o efecto contrario, desertizando, esnaquizando, non só o noso medio ambiente, senón a Galiza social e económica.

E, ¿a onde nos leva isto? A gastar centos de millóns de euros en apagar incendios forestais ou intentar restituír os danos causados por estes, que non son máis que unha consecuencia do seu modelo, o modelo do actual director xeral de Montes, o señor Couto.

A Asociación Galega de Monte e Industria, a Asociación Provincial de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo, Fearnaga, o Clúster da Madeira e o Deseño Galicia, a Federación de Empresas de Carpintería e Ebanistería de Galicia, Serfoga, a Asociación Forestal de Galicia, Asemfo Galicia, Asefoga, Promagal, son asociacións e empresas que non son para nada sospeitosas de estar manipuladas por esta organización política, saben o que din, sábeno porque a vostedes tamén lles mandaron este documento.

Voulles refrescar a memoria e leo literalmente: «En numerosos encontros previos, e a través de diferentes canles, puxémonos á disposición da Xunta para colaborar na revisión do Plan forestal de Galicia capaz de xerar os maiores valores para a sociedade galega, para os propietarios forestais, para as asociacións de montes en man común ou para as súas empresas e a súa industria. Unha revisión do Plan forestal que sexa capaz de aproveitar as oportunidades dos próximos anos e de responder eficazmente aos retos e problemas que presenta.

Porque estamos comprometidos con todo isto, a nosa obriga é a responsabilidade de manifestar a nosa profunda discrepancia na forma de abordar a elaboración do borrador da reforma do Plan forestal. Consideramos que a súa elaboración presenta importantes carencias. En primeiro lugar, o sector non foi consultado na fase da elaboración do borrador. Tal e como se reflicte na páxina web da Consellería do Medio Rural, na medida 4 propoñíase manter un grupo de traballo como organismo consultivo que revisara e realizara un seguimento da redacción do Plan forestal. Isto non ocorreu, a Xunta enganounos.

Na medida 5 sinálase a necesidade de recompilar informes complementarios sobre a oferta e demanda da madeira para alcanzar unha análise máis precisa e con menos incerteza no recurso madeireiro. Sen embargo, a análise estratéxica non é a axeitada, sendo preciso un plan estratéxico que contemple unha análise moito máis rigorosa.

Como resultado desa medida 4, ao non implicar a cadea na elaboración do mesmo, a través do grupo de traballo, preséntase un borrador que non é de consenso nin o resultado dunha análise ou discusión co sector.

Entendemos que o Plan forestal de Galicia debe ser un documento estratéxico que debe contar non só coa implicación de todos estes axentes que interveñen no sector forestal, senón co de todas as forzas políticas, ámbito académico e sociedade en xeral, cousa que ata o de agora non ten acontecido.

Sería tremendamente irresponsable aprobar un documento desta transcendencia sen darse as circunstancias antes descritas, a non ser que a aprobación do mesmo sexa un obxectivo final en si mesmo.»

E tamén nos achegan unhas conclusións onde din que o borrador que se lles presenta foi elaborado sen a súa participación, tal e como se acordara coa consellería nesa medida 4, e tamén conclúen que non é posible realizar un plan forestal a medio e longo prazo sen dispoñer dun inventario forestal actualizado.

No borrador fanse suposicións e hipóteses de crecementos sen ningún tipo de base. En consecuencia, vai ser moi difícil estimular o investimento das empresas se non coñecen a dispoñibilidade do recurso existente. Cómpre deseñar un plan estratéxico ou de negocio, din que as medidas relacionadas coa industria de primeira e de segunda transformación non se contemplan, porque lles di a Xunta que serán recollidas nun plan estratéxico posterior.

Tamén se di que a industria ten que adaptarse á dispoñibilidade dos recursos, isto vén demostrar que o que están facendo vostedes é un plan forestal adaptado a Ence. Tampouco se dá resposta ás demandas da bioeconomía e todo o que leva a economía circular nas comarcas.

Non se avalían as capacidades e influencia da demanda concienciada e responsable plasmada a través da certificación, así como outros efectos reputacionais para corrixir as desviacións ou os incumprimentos.

Por outra banda, tampouco se analiza a realidade da silvicultura, que é unha actividade económica con escasa marxe de beneficio que para a gran maioría dos ecosistemas forestais presentes nos montes privados particulares e montes veciñais en mancomún non vai ser suficiente.

Pídennos tamén un plan de márketing, pensamos que é importante fomentar o consumo da madeira entre a nosa propia poboación, non só para esas empresas que se dedican a facer pasta de papel e que mandan todo para fóra. O novo plan forestal debería servir de panca para que a sociedade vise esta actividade como unha oportunidade, como un instrumento para un medio rural sustentable e non como agora ocorre, que se trata dunha ameaza.

Fan falta indicadores, non se pode medir o que non existe. O Plan forestal galego debe dispoñer dun cadro de mando con indicadores clave, e definir conxuntamente con todos os axentes implicados que permita realizar un seguimento anual do grao de cumprimento dos obxectivos, medir desviacións e establecer mecanismos de control. Sen embargo, o borrador plantexa mecanismos de seguimentos que son totalmente insuficientes sendo bianual e con indicadores moi mellorables, como pode ser, por exemplo, o número de normas aprobadas.

Isto o que vén dicir é que imos quedar como estabamos, cun incumprimento do Plan forestal vixente.

Non hai orzamento e financiamento. O Plan forestal debe dispoñer dun orzamento realista e acorde coa natureza das accións complementadas no seu plan estratéxico. En resumo, o Plan forestal debe ter o suficiente consenso que permita transcender unha lexislatura e a industria do eucalipto.

Son hoxe numerosas as voces e mobilizacións de denuncia do que está a pasar e dan conta de que, en realidade, a sociedade galega non quere un monte que estrague o seu patrimonio cultural, ambiental e económico para o beneficio dunhas poucas empresas que pouco achen ao benestar do país.

Temos o labor continuado e organizado de entidades que xorden para defender a realidade do monte galego dende unha perspectiva propia e crítica coa actualidade. Cunha perspectiva positiva, isto pode ser a organización galega de comunidades de montes veciñais en man común, vinte anos pondo en valor un tipo de propiedade única en toda Europa.

Onde o señor director xeral de Montes ve unha traba con esta propiedade, está claro, non pode facer todo o que quixera por mor delas, pois esta organización ve unha oportunidade para o desenvolvemento rural, para o traballo cooperativo, para o aproveitamento racional e multifuncional de todos os nosos montes: a creación de riqueza, o mantemento de poboación no noso medio, no medio rural. En resumo, deixa nas mans de galegos e galegas a custodia dos seus territorios.

Temos esa fermosa iniciativa lexislativa popular de protección do bosque autóctono, unha iniciativa que supón unha bocanada de aire fresco ás políticas actuais da Xunta de Galiza; iniciativas máis que necesarias para a supervivencia do noso hábitat. E En Marea apoiáremos, como non podería ser doutra maneira, para facer fronte ás políticas depredadoras do Partido Popular no noso país.

Estamos a xogarnos o futuro das vindeiras xeracións, en aspectos ben importantes. O obxectivo final do Partido Popular con este plan é o de entregar unha enorme superficie de monte hoxe gobernado pola veciñanza comuneira a empresas pasteiras.

Despois de declaracións como as que fixo o señor Couto, hai escasamente dez días, dende En Marea, e penso que dende toda a sociedade, debemos de preocuparnos. Chegou a dicir: *«No creo que haya que plantar eucalipto en zonas agrícolas, y no lo dice un enemigo de esa especie, sino un entusiasta del eucalipto como yo.»* E solta unha proposta para arrancar as plantacións ilegais, onde se lles pode aboar ata 500 euros por hectárea ás persoas que primeiro incumpriron unha lei que o propio Partido Popular estableceu, plantando incluso en espazos protexidos, e agora vailles pagar para que quiten o eucalipto. A verdade é que é un sensentido.

Tamén nos di que hai que cortar coa filosofía do «ti vai facendo». Eu penso que é unha emenda á totalidade das políticas que o señor Couto ten feito durante estes últimos trinta anos a prol do noso monte.

Entón, pois bueno, exposto todo isto, dende En Marea o que propoñemos é poñer en marcha grupos de traballo participativos e multidisciplinares, coa representación de todos estes sectores antes citados na cadea de valor forestal, da madeira do moble, asociacións de protección do noso monte e asociacións de estudo do medio ambiente, universidades e organizacións políticas para deseñar entre todos un proxecto de plan forestal de Galicia, de futuro, e pensado a longo prazo, non en lexislatura de catro anos en catro anos. E trasladar ao Parlamento o proxecto final, que acaba de chegarnos hai dous días —recibímoloo o luns polo noite—, emanado dos grupos de traballo descritos no punto 1, onde se creará unha comisión de estudo co formato que o Regulamento da Cámara así determine.

Con todo isto, esperamos chegar a un acordo parlamentario o máis amplo posible, polo ben do noso territorio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Si, bos días.

Deputadas, deputados, invitados.

Bueno, imos tratar unha vez máis un tema crucial para o país, que xa polo que vai ameaza con transformarse nun novo mantra parlamentario: o Plan forestal. O luns á tardiña recibimos o borrador do Plan forestal nos correos dos participantes da Comisión de Incendios e Forestal. Xa era hora, porque hai cinco meses que se aprobou nesta mesma Cámara, co respaldo e co voto de todo o mundo, que se difundira este borrador.

A importancia do Plan forestal é incuestionable, afecta dous terzos do país, 1.500.000 de hectáreas arboradas, con cultivos silvícolas, etc., etc. Galicia é a comunidade que ten máis recursos silvícolas de toda España, de feito o 50 % da madeira con destino á transformación procede da nosa comunidade. A isto engádenselles eses 70.000 postos de traballo entre directos e indirectos, esas 3.000 empresas de primeira e segunda transformación, máis auxiliares, e estas cifras dan unha idea exacta da importancia que ten para o país o tema que tratamos.

Ademais, a planificación do sector forestal condiciona a paisaxe, o medio ambiente, ou o que é o mesmo dicir que a saúde das nosas terras, das nosas augas e mesmo do ar.

E, por se fose pouco, todos os sectores implicados e coñecedores entenden que un bo plan forestal vai ser un elemento crucial para facerlle fronte con garantía de éxito á ameaza do lume, tal como queda constancia na Comisión de Incendios e Forestal.

Pero non só para o lume, senón tamén para organizar os usos do chan, axudando a colocar cada especie no lugar adecuado e que lle corresponde, sobre todo se queremos artellar un país e alonxalo do desleixamento no que está hoxe en día.

O Plan forestal que temos hoxe, comunmente aceptado, está totalmente desfasado e cunha planificación desbordada, e ademais dende hai moitísimo tempo.

E aínda que o Goberno non se cansa de repetir que as directrices para o Plan forestal están consensuadas, e son o piar dun novo plan, se se analizan as actas e recomendacións, o resultado final das directrices é que pronto se atopan eivas e suxestións de gran calado que cómpre solventar, de aí a oportunidade de seguir recalando no tema.

Ninguén entende as continuas dilacións sobre o Plan forestal, sobre sacalo á luz, sobre poñelo enriba da mesa e propiciar o máximo de debate, de coñecemento, de transparencia e de participación.

Quero recordar que xa en xullo do ano 2017 o presidente Feijóo dicía que a finais de mes íamos ter o Plan forestal ou o borrador do Plan forestal. Ben, agora xa temos o borrador do Plan forestal, pero é un borrador elaborado contravindo as recomendacións das asociacións, entidades, industrias, profesionais..., en xeral de todos aqueles que teñen interese no futuro do forestal galego.

Para mostra está o documento elaborado polas asociacións máis representativas da industria, nas que se basea esta proposición non de lei presentada.

Xa as citou antes o anterior comparecente, o proponente, son: a Asociación Galega de Monte e Industria, a Asociación Provincial de Empresarios de Primeira Transformación da Madeira de Lugo, Fearnaga, o Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, Serfoga, a Asociación Forestal de Galicia, Asemfo Galicia, Asefoga e Promagal, que critican durisimamente a falta de participación e de debate. Non os escoitan. É un gran problema que está aí enriba da mesa e que o Goberno, ademais, coñece.

E así vai ser moi difícil avanzar, avanzar nun novo plan forestal que teña o respaldo non só dos sectores profesionais, como é este o caso, senón doutros colectivos e grupos parlamentarios, co cal, en vez de arranxar un problema, o PP o que vai propiciar é un novo fiasco na política forestal.

Se a posición de industria, tal e como se citaba no documento aludido, e as asociacións profesionais da madeira son moi claras en canto á falta de diálogo e de participación na elaboración deste borrador, o mesmo podemos afirmar sobre outros sectores, como son os naturalistas, medioambientalistas, asociacións, sindicatos, universidade, investigadores, montes comunais, etc.

Hai outros moitos aspectos de carácter social e medioambiental que son fundamentais, xa que non se trata de sacar adiante un bo plan forestal só dende o punto de vista produtivista, tal como reflicte o documento aludido.

En definitiva, temos o borrador, un documento realizado sen debate, diálogo e participación necesarios, pero que aínda estamos a tempo de emendar, enderezar e poñelo na boa dirección. Estamos xusto na encrucillada para tomar unha decisión, o Goberno pode seguir como

ata agora e sacar un plan forestal *manu militari*, vía decreto, co cal vai a ser un fiasco e un fracaso, ou ben corrixir á deriva e resetear o erro metodolóxico que os levou ata este punto e profundar no debate, na participación de todos os sectores e tecidos sociais implicados, para poder, en definitiva, aportar un modelo que faga bo o tan cacarexado carácter multinacional, sostible e de biodiversidade do monte e da superficie forestal, que, ineludiblemente, pasa por un gran consenso, un grande acordo. Consenso e acordo que a día de hoxe, no momento de agora, non se está producindo, e esta é unha realidade non interpretable, é unha realidade obxectiva.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: Polo tanto, con respecto ás emendas, entendemos que a segunda está decaída porque pedía o borrador, e o borrador xa o temos. E con respecto á primeira, ímoslle propoñer ao Grupo de En Marea unha emenda transaccionada, que di: «Garantir a participación de todos os sectores implicados na cadea de valor forestal,» co mesmo texto que eles teñen, «de madeira e moble, así como asociacións de protección e estudo do medio ambiente, universidades e grupos políticos, para deseñar entre todos un proxecto de plan forestal de futuro, pensado a longo prazo», dándolle —e aquí vén o engadido— a todos os implicados o citado borrador do Plan forestal. Nós consideramos que a día de hoxe non o teñen, por exemplo as universidades, e fomos testemuñas, señor Moisés, fomos testemuñas na Comisión de que non o teñen.

O señor PRESIDENTE: Grazas, Señoría.

O señor QUIROGA DÍAZ: E marcando un prazo suficiente para presentar alegacións, ademais de solicitar a comparecencia do autor ou autores deste borrador e do responsable ou responsables políticos na Comisión Forestal e de Incendios para que expliquen as liñas mestras deste borrador.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

«Luguesas tiñan que ser. Onde elas lavan a cara calquera pode beber.» Creo que é de Leiras Pulpeiro.

Eu teño que confesar aquí a miña frustración. Non me chegou a noite a nada para ler o borrador do Plan forestal que tan xentilmente nos foi enviado antonte. (*Risos.*) Hai quen di que circulaba por aí desde hai xa tempo de xeito clandestino. (*Aplausos.*) Eu non o vin pasar, e por tanto non o dei pillado. Agora si, agora prometo darlle unha volta para ver de que vai.

E é curioso que formando parte desta —e poñan atención— Comisión especial de estudo e análise de reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan

forestal de Galicia, avaliando a experiencia..., ¡uf!, teña que andar investigando clandestinamente a información imprescindible para exercer a miña función de deputado, correndo atrás do borrador do Plan forestal, eu que formo parte dunha comisión parlamentaria de nome tan pomposo desde xaneiro, cunha periodicidade de dúas sesións semanais mínimo, por veces catro.

Dígame alguén de vostedes se viu pasar, a correr, o artigo 9 do Estatuto do Deputado. Estas son as cativas prácticas democráticas de facer política do Partido Popular. Partamos, pois, da mentira de que non fun capaz de ler o borrador do Plan forestal; tampouco ten moita importancia, os precedentes son para ter en conta.

O anterior plan elaborado e aprobado nun consenso exemplar, ¿serviu para? Para nada, foi burlado, conculcado, ignorado. Recórdame outro plan forestal —do que xa falamos na comisión, o de Ximénez e Ceballos— estatal de 1939, que é todo un compendio de sabedoría, sentido común e amor pola sensatez na repoboación. Este foi metido nun caixón mentres os ilustrados fascistas daban boa conta dos montes.

Mais, volvamos ao noso, o noso é iso —o noso ao xeito de aquí—, un plan para non cumprir. O máis salientable é que prevía 245.000 hectáreas de eucalipto para 2040, e vinte e dous anos antes xa pasamos das 500.000. E xa sei que non hai datos oficiais, pero contando os do Inventario forestal 4 —sumándolle o que segundo souben *clandestinamente* de fontes da consellería— aumentamos 12.000 hectáreas de media de eucalipto *nitens* nos últimos oito anos, o que me dá case 100.000 hectáreas máis, e paso das 500.000 sobrado.

Claro que somos conscientes de que só dende un amplo acordo nacional se pode lograr un plan forestal que sexa crible e factible, ¡claro que si! Claro que son sabedores os señores do Partido Popular de que, exceptuando os intereses crematísticos de certos grupos, hai unha consciencia xeral de que o monte non pode seguir así, que hai que ordenalo, diversificalo, frear o monocultivo e regresalo. Que ten que ter sostible, que non pode ser obxecto de especulación, pero..., apertan os que pagan votos, e, ¿de que realidade vai partir este acordo? Dunha superficie xa estabilizada hoxe en día, froito da política forestal caótica e ordenadamente desordenada. Vai dar carta de legalidade e normalidade ao que foi feito desde fóra da lei e do sentido común forestal. Vai ser feito acorde coas exixencias dunha industria que hoxe é das sabias orientacións de Ence, baseada en exclusiva nos monocultivos de crecemento rápido.

¿Quen foi e é aínda culpable desa política de inzamento da inframadeira, do monocultivo do eucalipto en vastas zonas do territorio galego, da ausencia de madeira de calidade nos nosos montes? ¿Quen condena os nosos montes de luxo á miseria presente e futura e á brutal especulación neoliberal? ¿Por que, se non partimos de que aí fóra hai outras alternativas, estamos agachando a cabeza baixo das alas? Tal é o pasado que nos precede e condiciona que este que subscribe —que é can vello— por veces mira de colocar cada cousa no seu sitio e nácelle a sospeita de que estas comparecencias de máximos e de mínimos, máximos de brutal forestación, responden a un *reality show*, no que está todo concluído, e tras tolearlle a cabeza ao persoal que alí asistimos nada vai cambiar.

Espero ser tachado no futuro de mal pensado, porque o Plan forestal parece ser que ten présa, e o consenso, ¡vaia por Deus!, coas organizacións ecoloxistas fóra da comisión e co

aparente desconsenso interno que teñen entre si as asociacións da madeira, bo futuro non lle vemos.

¿Será por iso que leva tanto tempo agachado nos caixóns da consellería? Se todo parece que vai ser aprobado unilateralmente, e que deste xeito vai ser novamente burlado, conculcado e ignorado, nada cambia co PP. Lémbreme aquela canción dos setenta, «Évos sempre a mesma melodía...», e non sigo por non ferir ouvidos delicados.

En fin, imos apoiar esta iniciativa sobre un plan que era fantasma e xa non o é, pero pode chegar a selo a pouco que nos descoidemos. ¡Quen me dera poder equivocarme! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rivas, en algo doulle a razón, co traballo que estamos a pasar na comisión e coa intensidade das comparecencias, pouco tempo temos para ler, e mesmo para preparar moitas outras cousas. Niso si que lle dou a razón.

Mire, señor Rodríguez, resúltame curioso que vostede traia a esta Cámara as reivindicacións dunha serie de asociacións nas que, entre outras, están tamén esas grandes empresas que tanto critica. Sabe que nesas asociacións está Ence e Finsa. Resúltame curioso que traia aquí as reclamacións de xente como o Clúster da Madeira, que dixo na súa comparecencia que o castaño non era unha alternativa viable ao eucalipto. ¿Vostede está de acordo con esa afirmación, tamén? Entón collen o que lles interesa deles, pero non collen o que non lles interesa.

Mire, ¿non pode ser que non estean de acordo ou que estean criticando todo isto non polo que din senón porque non lles gusta o borrador do Plan forestal? ¿Non pode ser que o borrador do Plan forestal recolla a diversidade de especies arbóreas e non o monocultivo do eucalipto, como defende este grupo parlamentario? ¿Non será iso o problema? ¿E quen é o que está defendendo esa posición? Porque xa temos o borrador do Plan forestal e xa o podemos empezar a ler. Estase falando de diversidade de especies, é un apoio claro ás caducifolias, non hai ningunha dúbida, como, por outro lado, dicían as directrices.

Mire, imos falar de cal foi o proceso de elaboración desta revisión e imos ver se, efectivamente, non tiveron ocasión de participar nela. Este proceso de revisión iníciase —como sabemos ben os que estamos na Comisión forestal— no ano 2015. Como paso previo —e isto é unha novidade na xestión deste tipo de normativas— constitúese no seo do Consello Forestal, que —segundo di a lei— é o órgano consultivo de asesoramento e administración en materia forestal.

Por certo, señor Rodríguez, todas esas asociacións están no Consello Forestal. Por certo, señor Quiroga, tres vogais en representación das universidades no Consello Forestal, e nese Consello Forestal constitúese un grupo de traballo para que se fagan as directrices que teñen

que seguir despois na elaboración do borrador á Xunta de Galicia. Polo tanto, hai participación destas asociacións, hai participación das universidades. Ese grupo de traballo integrou vinte e seis organismos, estaban todas as asociacións que di o señor Rodríguez; eu non podo entender como din que non participaron.

Miren, no ano 2015 o comité técnico do grupo de traballo reuniuse en trece ocasións, o grupo de traballo en oito ocasións. O 17 de decembro de 2015 apróbanse definitivamente as directrices e elévanse ao Consello Forestal —no que están esas asociacións— o 29 de abril do 2016. O 18 de decembro de 2017 iníciase a tramitación —atención— do borrador da primeira revisión do Plan forestal de Galicia —estamos na fase de borrador— e dásele un prazo de alegacións aos membros do Consello Forestal. As asociacións que vostede citou están no Consello Forestal, participaron no grupo de traballo da elaboración das directrices —que, por certo, se aprobaron por unanimidade, só houbo un voto particular, e de ningunha destas asociacións— e tiveron ocasión, e aínda teñen ocasión, de participar presentando alegacións, e veñen dicindo que non participaron nese borrador. Bueno, pois eu non o acabo de comprender.

Despois do borrador teremos a aprobación inicial da primeira revisión do Plan forestal de Galicia, aprobación inicial que abrirá un trámite de información pública de dous meses, e aí poderanse facer aportacións tamén. O que quero trasladar, señorías, nun día como hoxe, que é o Día mundial do ámbito forestal, é que estamos nunha fase inicial e que estamos, ademais, nun ámbito dunha comisión que estamos traballando para facer esta reforma. Polo tanto, en canto á participación destas asociacións, señor Rodríguez, eu diríalle que —de verdade— o entenda no sentido de que penso que están utilizando estas cousas por outros motivos, pero non polo motivo fundamental de que non tiveran participación.

En canto á tramitación parlamentaria —como moi ben indicou o señor Rivas—, hai creada dende decembro deste ano unha comisión especial non permanente de estudo. Eu quero referirme aquí a esa comisión, porque todos os que estamos aquí non estamos participando nas sesións, pero si que hai parlamentarios, e todos concordamos no extraordinario nivel desa comisión. Miren, 65 comparecentes, 47 informes —entre eles, por suposto, o borrador do Plan forestal, que foi recentemente remitido aos membros desta comisión—, gran nivel de formación e cualificación, prestixio e representatividade de todos os comparecentes. Hai expertos económicos e representantes da sociedade civil galega —por exemplo, a Fundación Juana de Vega—, expertos en estrutura agraria, expertos en xeografía, señores de En Marea, de Ordenación do Territorio —aínda estivo Augusto Pérez Alberti, catedrático da USC, hai dous días—, expertos en silvicultura, edafoloxía, produción vexetal —Roque Soalleiro, Antonio Regueiro—, expertos en conservación da natureza, diversos sectores económicos relacionados co monte e coa multifuncionalidade do monte. Veu a xente que defende o pasto en extensivo, veu a indicación xeográfica protexida da castaña, estiveron os representantes das setas —do traballo que se pode facer coas setas no noso monte—, comparecentes relacionados co Servizo de Prevención e Extinción de Incendios. Viñeron todos os sindicatos —e non viñeron falar ben do PP, jeh!, pero estiveron na comisión e trasladaron os seus criterios—, representantes da Administración estatal, autonómica e local.

Señorías, nun traballo, como dicía o señor Rivas, moi intenso —a día de hoxe en dous meses levamos xa dous terzos das comparecencias e finalizaremos coas mesmas a principios de

abril— eu quero aquí agradecer o esforzo, compromiso e dedicación de todos, todos, ¡eh!, os parlamentarios que formaron parte desta comisión, non só do meu grupo parlamentario, senón tamén dos grupos da oposición.

Eu remato xa, señorías.

A tramitación parlamentaria do Plan forestal non ten que ir a ningunha outra comisión de estudo que á comisión que xa temos creada, é aí onde temos que recoller todas as aportacións. É neste marco onde, coas aportacións tamén dos grupos parlamentarios —aínda falta a fase de conclusións da comisión—, poderemos configurar un acordo de país para o noso monte co fin de acadar un modelo de monte —como defende este grupo parlamentario— multifuncional, vivo e sustentable, e que proporcione rendibilidade económica aos seus propietarios, pero tamén que proporcione rendibilidade de todo tipo ao conxunto da cidadanía galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señor González, o Partido Popular, e neste Plan forestal, como di vostede, que xa se reflicte a diversidade de especies, ¿como nos imos fiar de vostedes e como nos imos fiar do señor Couto se é capaz de dicir: «*La directriz respecto de la madera es mantener la superficie si hay demanda y si no intentar reducirla. Y sobre el eucalipto plantea 100.000 hectáreas más*»? ¿Como nos imos fiar dun plan forestal onde o director xeral de Montes nos di que o Plan forestal é a vinte anos e que o actual é o que está vivo? «*Si la demanda del eucalipto es alta, pues a lo mejor se tiene que plantar todo con él*», isto son palabras que están aquí escritas, e despois doullas, díxoas o actual director xeral de Montes.

E con todo isto vostede quere que nos fiemos, ¡non nos podemos fiar nin do Plan forestal que van aprobar nin de vostedes! E preocúpanos, de xeito especial, pola proliferación do eucalipto nos nosos montes.

Detéctanse nesta revisión omisións e deficiencias en relación con este xénero, co propio eucalipto. No primeiro Inventario forestal do ano 1973 estaba presente no total de 131.000 hectáreas, Inventario nacional forestal. No segundo Inventario nacional forestal do ano 1997-1998, 397.000 hectáreas, o 28 % da superficie arborada galega. No 2015 sabemos que está preto das 500.000, ou, se cadra, quizais xa as sobrepasou. Non se mencionan neste borrador que as plantacións de eucaliptos en Galicia supoñen xa máis da metade das que existen en todo o estado, o 52 %.

No texto óbvianse cousas tan importante como que o *eucalyptus nitens* é unha especie exótica e que é unha especie invasora, perigosa para o mantemento da biodiversidade e da funcionalidade dos nosos ecosistemas. No texto da revisión non queda claro que o aumento impa-

nable do eucalipto estea relacionado co abandono agrario e co declive do medio rural galego, xerándose así un caldo de cultivo para todas estas industrias do negocio pasteiro. Falta un modelo produtivo que sexa sustentable, que sexa multifuncional, que sexa socialmente inclusivo. E o que fai todo isto é que o destino de montes e de terras agrarias ao final acaben todos inzados de eucaliptos. Non se brinda a protección das masas autóctonas caducifolias nese garante da súa conectividade, como vostede di.

En liñas xerais, o cumprimento da actual lei vixente non se fixo, e aí hai un claro culpable, que é o Partido Popular. Este xa limitaba as plantacións con especies do xénero do eucalipto en parcelas con frondosas autóctonas ou terreos agrícolas, ríos, costas, hábitats con figuras de protección. Hoxe temos a Rede Natura, temos parques naturais onde existe o eucalipto e onde o director xeral de Montes quere pagarlles aos que incumpriron as normas por agora retiralos. A min, a verdade, paréceme vergoñento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Finalizado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Puy Fraga, sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido.

Non foron aceptadas as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, do Socialista e de En Marea.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e cinco deputados/as máis, sobre a realización de xestións pola Xunta de Galicia diante dos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados co fin de que contribúan a facilitar a tramitación, o debate e a aprobación dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 dentro do prazo establecido.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Monserrat Prado Cores, sobre as demandas que debe realizar

o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións.

Aceptou a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e acéptaa como engádega dos puntos da emenda do Grupo Parlamentario Socialista. ¿É así?

A señora PRADO CORES: Si. É a autoemenda do BNG.

O señor PRESIDENTE: ¿Esa dáse por aceptada?

A señora PRADO CORES: Entón iría como engádega o primeiro apartado, os aspectos da de En Marea, e os dous primeiros puntos da do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

Votamos.

(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Perdón, interrompemos a votación.

Dígame, señora Rodríguez Rumbo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Por puntos. ¿Cantos puntos son?

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¿Acéptalle a votación por puntos, señora Prado?

A señora PRADO CORES: Si. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, está ao lado. *(Murmurios.)*

¿Acepta a votación por puntos?

A señora PRADO CORES: Si, sería o primeiro punto da iniciativa e logo todo o resto.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, entón, en primeiro lugar, o punto 1 da iniciativa.

Votación do primeiro punto do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o resto de puntos da proposición non de lei.*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación vixente en materia laboral e a protección do sistema público de pensións, excepto o primeiro punto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez.*

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para evitar os desafiuzamentos e garantir o dereito a unha vivenda digna.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.*

Votamos. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio; se non, non se enteran do que votan. Silencio.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a necesaria transparencia na contratación pública autonómica, nomeadamente no referido aos contratos menores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don José González Vázquez.*

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e de En Marea.

Votamos. (Murmurios.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno central, así como aos concellos galegos, a través da Fegamp, en relación coa devolución do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana indebidamente cobrado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 14; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don José Manuel Pérez Seco.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa execución dos tramos pendentes da vía de alta capacidade Costa Norte.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará.

Hai unha autoemenda, e non foron aceptadas as emendas dos outros grupos, Socialista e En Marea.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego das accións legais oportunas para a devolución ao patrimonio público do pazo de Meirás e doutros bens pola actual familia propietaria, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co anuncio de venda do pazo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Rodríguez Estévez.

¿Hai unha proposta de transacción? Se nola le...

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Si.

Substituímos o punto 2 da nosa proposición non de lei polo texto do Partido Socialista: «Garantir a participación de todos os sectores implicados na cadea de valor forestal, da madeira e o moble, así como asociacións de protección e estudo do medio ambiente, universidades e grupos políticos, para deseñar entre todos un proxecto de plan forestal de futuro e pensado a longo prazo, dándolles a todos os implicados citados o borrador do Plan forestal e marcando un prazo suficiente para presentar alegacións, ademais de solicitar a comparecencia dos autores do borrador e responsables políticos na Comisión Forestal e de Incendios para que expliquen as liñas mestras do actual borrador.»

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o deseño e traslado ao Parlamento de Galicia dun novo plan forestal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións e a continuación vou dar lectura a unha declaración institucional que nos fan chegar os membros da comisión promotora —algúns dos cales se atopan hoxe entre nós, e a quen aproveitamos para saudar—, que é en defensa do porvir do Centro Galego de Bos Aires.

Leo:

«O Centro Galego de Bos Aires, entidade emblemática da diáspora galega no mundo, que tivo na súa centenaria vida institucional unha actuación consecvente de defensa e promoción social, cultural e económica da Galicia territorial e da emigración porteña, hoxe require da cidadanía galega unha posición firme de defensa ante o perigo da súa desaparición.

Atendendo ao anterior, os galegos e galegas queremos facer un chamamento á sociedade e aos nosos representantes políticos —Xunta de Galicia, Parlamento galego, Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, ás universidades galegas e a outras institucións e colectivos sociais e culturais de Galicia e da diáspora— co obxectivo de salientar a transcendental importancia que supón o feito de conservar unido todo o patrimonio inmobiliario, artístico e cultural que conforma o Centro Galego de Bos Aires.

Na defensa deste enorme acervo material e inmaterial común aos galegos e galegas de acá e acolá, queremos e debemos ser respectuosos coas leis arxentinas que protexen os seus bens artísticos e culturais, tamén coa colectividade galega do mundo, que conforma unha Galicia universal allea a lindeiros artificiais, e, asemade, coas decisións soberanas das agrupacións do Centro Galego que traballan arreo na resolución deste conflito, que compromete seriamente a prestación médica de calidade e o mantemento dos postos de traballo.

Do mesmo xeito, respectamos o noso sentir sobre a tradición mutualista, cultural, solidaria, galeguista e republicana que durante a longa noite do franquismo soubo manter acesa a luz da palabra, da razón, da democracia, da convivencia e da irmandade coa terra nai. Esa enorme tradición comunitaria de traballo, que brindamos á cultura do país de acollida, é enteiramente nosa, enteiramente galega, e maniféstase no patrimonio que queremos protexer e proxectar con fachenda cara ao futuro.

Por todo isto, os galegos e galegas demandamos da Xunta de Galicia e mesmo do Goberno español —a través do Ministerio de Asuntos Exteriores— actuacións concretas diante do Goberno arxentino encamiñadas a solucionar definitivamente o gravísimo problema polo que atravesamos a centenaria institución. Reclamamos, en primeiro lugar, vontade política para preservar e garantir a atención médica de calidade dos actuais socios e socias e a protección do patrimonio artístico, documental, bibliográfico e editorial, e solicitamos esforzos para consensuar unha solución que impida a demolición e a especulación inmobiliaria dun predio que debe seguir sendo referente de Galicia en Bos Aires.

A simboloxía do edificio e a fundación sanitaria, social e cultural do actual Centro Galego ofrece moitas e moi variadas posibilidades para que a Galicia do século XXI siga sendo unha

das identidades que conforman a capital porteña, a gran cosmópole —como lle chamou Otero Pedrayo— que acolleu milleiros de galegos e galegas, orgullo da nosa estirpe no mundo, símbolo histórico da galegitude universal, corazón de Galicia e sangue nutricio da República Arxentina.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018». (*Apróbase por asentimento.*)

Moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

Continuamos coa orde do día.

Abran as portas, por favor, estaban aínda pechadas.

Continuamos co punto 5 da orde do día, que é de interpelacións.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor Rueda.

Traemos esta interpelación que ten que ver coa repartición desigual do traballo reprodutivo e que ten que ver cunha cuestión profunda, que é a asignación de roles de xénero, que ten configurado unha división sexual do traballo e que nos confire ás mulleres o rol de coidadoras, o cal se asenta historicamente na función da muller como nai, que ten que ver cunha mistificación da maternidade. Entón, a identificación absoluta entre ser muller e ser nai para nós é un dos elementos nos que se sustenta o patriarcado, porque disto deriva logo que a crianza sexa responsabilidade da muller e disto deriva tamén que se considere privada toda a esfera reprodutiva e da casa, responsabilidade da muller. E, sen embargo, esta reprodución e mantemento da forza de traballo, sendo un elemento fundamental, non se valora o suficiente.

O que sucedeu foi que nas sociedades occidentais —isto é unha evidencia—, ata a democratización da contracepción, a maternidade foi un destino da muller, era así. E non ser nai nas nosas sociedades ata hai pouco significaba ser aínda máis a outra; vén ser case: o destino era ser nai, ser monxa ou ser puta; ademais, negándolles a estas últimas case a categoría de suxeito.

Pero, en fin, vaíamos á actualidade, estamos querendo superar os modelos atrasados do pasado, queremos superar o patriarcado.

Se ata o de agora todos os traballos da esfera reprodutiva foron vistos como secundarios e foron invisibilizados fronte ao papel central do traballo produtivo nas sociedades industriais e postindustriais, pese a cumprir, como dixer, un papel central, o traballo das mulleres foi menosvalorizado e invisibilizado, tanto na esfera reprodutiva —xa o dixer, considerado traballo menor, traballo privado— como na produtiva, que, como dixemos na proposición non de lei sobre igualdade salarial, tamén se invisibilizou o papel histórico das mulleres, tamén se reproducíu na esfera produtiva a repartición sexual do traballo.

Aínda así, se contabilizamos en termos económicos o traballo de coidados —e esta é unha das preguntas que lle diriximos: se a Xunta así o considera, contabilizar, en termos económicos, o traballo de coidados, que está realizado na inmensa maioría por mulleres—, estaríamos, sendo cautas —nas estimacións máis cautas—, en valores de entre o 40 % e o 45 % do PIB, o cal non é menor.

Segundo a economista Carmen Castro, o patriarcado reinante esténdese dende o doméstico ata o «macro», como chama ela a estas dinámicas transversais que parecen inalcanzables pero que cada día nos están marcando. Todo se contamina de inequidade, empezando polas tarefas íntimas e acabando polo lugar de traballo. A culpa: un sistema capitalista heteronormativo que aínda mantén a discriminación feminina, pero tamén a inxusta repartición non só do traballo, senón tamén dos tempos de ocio.

Entón, imos aos datos. Os datos da repartición de traballo entre homes e mulleres —porque aínda segue sendo unha realidade na nosa sociedade, a pesar dalgúns avances aos que tamén me referirei— son que de xeito maioritario as coidadoras seguimos, seguen tendo nome de muller. Segundo datos da propia Secretaría de Igualdade, no ano 2016, o 91 % das excedencias para o coidado de crianzas foron solicitadas por mulleres. Se imos a 2017, no caso de persoas que se acolleron ao permiso de paternidade, de homes acollidos ao permiso de paternidade, estamos en 12.972 homes. Si hai un pequeno avance, si van converxendo. Pero, se nos fixamos nas persoas con emprego a tempo parcial ou sen emprego, que declaraban que a principal razón deste feito era poder facerse cargo de nenos ou nenas ou de persoas dependentes, vemos que, das 35.000 persoas que hai en Galicia nesta situación, o 96,2 % eran mulleres. Así, en 2017, 1.078 mulleres se acolleron á excedencia para coidados, fronte só a 132 homes, o 10 %. Está claro que aquí hai unha fenda, que aquí hai unha desigualdade que ten que ver co que dicía, coa asignación á muller de determinado rol.

Pero imos tamén ver os datos coñecidos. Xa sabemos que son escasos e que hai poucas fontes. No que ten que ver co traballo doméstico, case o 70 % das horas adicadas a este son realizadas por mulleres —datos de 2015—. Nas persoas empregadas en xornada completa, as mulleres ocupan 11,3 horas máis á semana que os homes en traballos non remunerados. Estamos a falar desa dupla ou tripla xornada laboral das mulleres, que, por certo, ten efecto sobre a saúde, porque hai algúns estudos que falan de que hai moitos casos de enfermidades entre mulleres de entre 35 e 55 anos que teñen que ver co sobreesforzo desta dupla ou tripla xornada laboral.

O concepto, entón, de corresponsabilidade implica non só que se socialicen os coidados, que os homes participen, efectivamente, no coidado, senón que tamén implica que conciliar é

ter tempo para a vida, é ter tempo suficiente para a vida e para non enfermarse de sobreesforzo, homes e mulleres. Non é, por exemplo, conciliar, como xa temos tratado múltiples veces na Comisión 5ª, derivar, as clases máis pudentes e mesmo as clases medias, os coidados en contratacións en precario de persoas do traballo no fogar —que tamén son maioritariamente mulleres—, xerando redes globais de coidado.

Por iso, nós propoñemos con esta interpelación que nos trasladen as medidas da Xunta que teñen que ver con socialización de coidados e con aumento das posibilidades xerais de conciliación.

Indo a ver como penaliza a desigualdade, esta desigualdade na repartición de traballo reprodutivo, na propia esfera produtiva, pois imos con tres datos. Por unha parte, as mulleres —xa o dixemos— acóllense máis a excedencias para coidados; por outra parte, tamén se acollen máis á xornada laboral a tempo parcial para coidado de fillos ou dependentes. Temos ese dato tremendo de que un 76 % dos traballos con xornadas parciais son realizados por mulleres, pero é que un 13,5 % das mulleres aceptou un emprego a tempo parcial para atender a crianzas e dependentes, fronte a un 2% dos homes. Seguimos continuamente coas fendas.

Tamén a fenda dos complementos salariais e das horas extraordinarias retributivas. Son as mulleres quen menos utilizan este concepto. Este é un dos elementos centrais da fenda salarial, —comentábamolo no pasado pleno—. Así, no 2014, nos complementos salariais, a diferenza de salario entre homes e mulleres chegou no conxunto do Estado a un 30,4 %, maior nos complementos salariais por nocturnidade, turnicidade ou traballo na fin de semana, e tamén sobre todo nas horas extraordinarias. Estamos a falar de que as mulleres se acollen menos ou teñen menos este tipo de conceptos por unha división desigual do traballo reprodutivo.

Pero, seguindo en como penaliza a maternidade os coidados na esfera produtiva, non podemos deixar de mencionar a discriminación directa, a represión sobre a maternidade. Temos aí xa tratados numerosas veces o caso de Nérida Pisco con Autobuses de Calo, temos as tardanzas e retencias nas valoracións do risco de embarazo, ata no propio Sergas e temos o caso da investigadora María de La Fuente, que traslada a todos os grupos parlamentarios a reivindicación de que nos programas de investigación non penalice o tempo por maternidade. Non existe a opción de conciliación nas bolsas de investigación. Na práctica, unha baixa por maternidade computa como tempo de investigación ou curricular baleiro de condido; é unha discriminación, é unha penalización á maternidade.

Isto é unha evidencia. A maternidade, a crianza, é o elemento que máis incide na fenda salarial, é o elemento que máis penaliza para as mulleres na carreira laboral. Por iso lle preguntamos que medidas específicas vai tomar para evitar, na medida das súas competencias, que a maternidade penalice.

Evidentemente, isto, toda esta fenda salarial, toda esta desigualdade, tanto en repartición de traballos reprodutivos como en desigualdade na esfera produtiva, tamén ten evidentes efectos sobre as pensións —xa o falamos onte—. Que as mulleres teñamos peores traballos ao longo da vida deriva en que teñamos peores pensións. Nas pensións de xubilación hai unha diferenza de máis do 38 %.

E, fronte a isto, as políticas de conciliación están incompletas. Xorden en Europa a finais dos anos noventa e a medida vaise trasladando á lexislación española, pero a realidade das políticas de conciliación é que estamos nun grao de desenvolvemento por debaixo da eurozona: baixo desenvolvemento dos servizos públicos, escasas medidas reais de apoio ao emprego feminino e, sobre todo, nula atención non só a que aumente a taxa de empregabilidade feminina, senón a que se socialicen os coidados e se repartan os tempos de traballo na esfera reprodutiva.

Así pois, na función familia-infancia, que é a fundamental para estas cuestións dos orzamentos, Galicia e o Estado español son especialmente deficitarios. Se en España o gasto público destinado a esta función apenas chega ao 1,1 % do PIB, en Galicia estamos no 0,4 %, que é o 66 % da media estatal. Pero é que se imos a estados europeos, que ás veces todos os grupos consideramos referencia para as políticas de conciliación, Dinamarca está nun 4 %; Suecia, nun 3 %; Noruega, nun 3 % —un pouco máis—; e Finlandia, no 3 %. E, neste sentido, chamarlle «caixa finlandesa» á quincallada que dan cando unha muller dá a luz é unha auténtica burla. (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, os países escandinavos teñen permisos de maternidade e paternidade dos máis xenerosos do mundo, que palidece o Estado español ao compararse con eles. Engadamos unha cuestión máis: o recorte do Estado do benestar prexudicou fundamentalmente as mulleres, que tiveron que redobrar ese traballo de coidados para asumir aquelas funcións das que o Estado se retirara, e neste caso pois é claro, ao deixar de financiar as cotas da Seguridade Social das persoas coidadoras informais de dependentes, de xeito que en 2017 —son datos do Imsero—, só 918 persoas galegas que se adicaban ao coidado de familiares estaban afiliadas á Seguridade Social como coidadoras profesionais, o que supón menos dun 7 % das totais.

Para rematar, hai unha clara relación entre esta falta de corresponsabilidade e o devalo demográfico. Se a mensaxe social é que a maternidade penaliza na carreira laboral, se a mensaxe social é tamén que non hai empregos, ¿como van pretender que as mulleres galegas teñamos fillos ou fillas?, ¿como van pretender a libre decisión, que é do que estamos aquí falando? Non se trata de volver a modelos demográficos natalistas, senón de simplemente, simple e llanamente, que as mulleres poidamos exercer a maternidade como decidamos. Pois ben, ¿como van pretendelo con tremenda implosión demográfica? E esta implosión, evidentemente, non é unha maldición. Con outras políticas, copiando eses países escandinavos, poderíanse reverter.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En fin, non me dá tempo a formular as preguntas, están por escrito, e agardamos unha resposta, porque é un reto de país tamén para a cuestión demográfica.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Vázquez, con todo o respecto que lle debo e que lle teño, esta interpelación estaba asinada pola señora Quinteiro. Eu lamento moito que teña tempo para exercer as súas tarefas parlamentarias un sábado pola noite, mesmo falando de interpelacións, e non teña tempo para defender unha interpelación aquí, no Pleno do Parlamento, e máis sendo este tipo de interpelación. Esperabamos —e esperamos— explicacións por parte do seu portavoz, pero nin sequera está; polo tanto, vai ser difícil obtelas.

Dito isto, e contestándolle, xa que foi vostede a encargada en segunda instancia de defender esta interpelación, efectivamente, fixo preguntas concretas, que estaban na interpelación, é certo tamén, e intentareillas responder. Mesmo creo que son de agradecer estas preguntas. Estamos todos no ánimo construtivo de intentar ir solucionando situacións que realmente se dan. Estou de acordo, non con todas, pero si con parte das descricións que deu, e, dende logo, coa diagnose xeral de que os traballos de coidado de fillos e fillas e tamén das persoas dependentes recaen maioritariamente sobre as mulleres, e isto penaliza as mulleres, sen ningunha dúbida, na súa vida laboral, tamén na súa vida social, tamén na súa vida individual e no seu desenvolvemento, en todos os eidos, polo menos en comparación coas cargas que teñen ou que temos que asumir os homes, ou que estamos asumindo actualmente. Claro que se trata de corrixir esta situación e claro que a Xunta de Galicia, todos os gobernos, teñen coñecemento desta realidade, e tamén a obriga de implementar cambios, de fomentar tamén que estes cambios teñan acollemento na sociedade e de que estes cambios, polo tanto, sexan eficaces e sexan reais.

Polo tanto, dando contestación ás súas preguntas, á primeira, sen ir máis lonxe, quero dicirlle que a Xunta de Galicia creo que nisto ten unha bagaxe salientable, pero aínda hai que facer máis. No que se refire á creación de prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, simplemente a comparación entre o ano 2009, o 86 %, e o ano 2018, o 24 %, creo que é situarnos por encima da ratio europea: 18,4 no 2009 e 40,7 no ano 2018. A ratio europea está no 33 %, e fala ben ás claras do esforzo que se ten feito en creación de prazas de escolas infantís sostidas con fondos públicos, e sen dúbida estará de acordo comigo en que isto ten unha incidencia positiva no tema do que estamos a falar.

Tamén temos a obriga e estamos a facer un fomento da corresponsabilidade dos homes, apoiando con medidas económicas que se acollan á redución da súa xornada de traballo para coidado dos fillos e fillas. Accederon a estas axudas 1.500 homes. ¿Son dabondo? Eu creo que non. Hai que seguir incidindo por esta liña, sen dúbida, pero é certo que antes non existían estas axudas para permitir aos homes que exerceran a súa corresponsabilidade, estas medias de estímulo. Polo tanto, creo que o camiño percorrido —que insisto, é moito aínda o que queda por percorrer— é un camiño tamén salientable.

No ámbito da dependencia, creo que tamén incide no tema do que estamos a falar. A oferta de prazas públicas ou sustentadas por fondos públicos incrementouse nun 34 % respecto do

ano 2009. Agora son case 8.000 prazas, e son máis, case 56.000, as persoas que reciben servizos de atención á dependencia. O obxectivo da lexislatura é achegarse aos 60.000 dependentes atendidos. Estou de acordo con vostede en que estas tarefas recaían e recaen maioritariamente en mulleres, e en que son as mulleres as que moitísimas veces se teñen que facer cargo no ámbito familiar de atender estas tarefas. Polo tanto, todas as axudas públicas que se dean, benvidas sexan, sen dúbida ningunha, e insisto en que non son dabondo aínda, pero en que se avanzou moitísimo nestes anos.

Implementamos tamén —e referíndonos á Xunta de Galicia— medidas de flexibilidade horaria e teletraballo. Quero parar, sobre todo, na flexibilidade horaria. Creo que unha administración responsable o primeiro que ten que facer é dar exemplo na súa propia casa, e fíxose coa implantación dun sistema de flexibilidade horaria na Administración, que parecía tan sinxelo pero que cos anos que levaba a Administración da Xunta de Galicia non se tiña implantado ata o de agora, e non se ten implantado —polo menos nas noticias que nós temos— na inmensa maioría das administracións galegas e tamén do resto do Estado. Temos que dicir que máis de 10.000 funcionarios e funcionarias se teñen acollido a estas medidas de flexibilidade horaria, e sen dúbida isto tamén incide no tema do que estamos a falar.

Todas estas medidas e máis están recollidas no VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, que vai —como vostede seguro que o sabe— do 2017 ao 2020; é un ambicioso plan. Ten un contido económico: 250 medidas concretas e un orzamento de case 400 millóns de euros, que é tanto como dicir un 77 % máis que o plan anterior.

Pregúntame vostede que medidas se levaron a cabo en relación con el. Primeiro quero dicir que o primeiro balance nos comprometemos a facelo e que o faremos cando se cumpra un ano. Sabe vostede que o plan foi aprobado o 30 de marzo do pasado ano; polo tanto, estamos a piques. Non se completou este ano. En canto faga este ano, faremos o primeiro balance. Xa lle podo adiantar as medidas que se están tomando, os resultados que se están tirando destas medidas, pero é certo que para facer un balance dun plan a catro anos o lóxico e o entendible é esperar un ano. Ese ano está a punto de cumprirse; por suposto, faremos ese balance, e dará conta del a secretaria xeral de Igualdade, neste Parlamento, e eu mesmo, sen ningún problema.

Quero dicirlle que todas as medidas das que dei conta anteriormente están recollidas nesta folla de ruta, e xa se fixeron efectivas, xa viñan de antes, deste ano 2017. Pero, por comentarlle outras cuestións, creo que é importante tamén porque incide, sen ningunha dúbida, en toda a loita contra a violencia de xénero e tamén en fomentar unha educación, dende as idades máis temperás, en igualdade, que despois sirva tamén para implantar ou para que sexan máis fáciles as tarefas de corresponsabilidade entre homes e mulleres. Polo tanto, implantamos este plan de formación na propia Administración autonómica. Aprobouse un decreto, o 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Volvo ao de antes, a arreglar as cousas ou a intentar ir solucionando estas cuestións na nosa propia casa, á parte de exercer as nosas obrigas respecto de intentar que se estenda ao resto da sociedade.

Hai moitas medidas no ámbito educativo que seguro que vostede xa coñece. No novo ciclo formativo de promoción da igualdade de xénero de formación profesional xa hai un centro que o ofertou. Esperamos estendela a moitos máis, e volver ofrecer aos centros educativos a materia de libre configuración autonómica de Igualdade de Xénero, dirixida ao alumnado de primeiro e segundo de ESO. Tamén se celebraron xornadas dirixidas tanto a profesorado como a nais e pais e se achegaron libros, folletos, dípticos, trípticos, unidades didácticas..., dentro do proxecto «Maletas viaxeiras». Estará de acordo comigo nos avances, sobre todo na idade máis temperá, contra a violencia de xénero, tamén, ao final, na educación en igualdade e tamén incide favorablemente na corresponsabilidade.

E, por último, quero dicirlle no tempo que que me queda que, efectivamente, hai plans específicos —tamén respondendo ás súas preguntas— para avanzar nas áreas estratéxicas que están deseñadas neste VII plan; áreas, ademais, considero que especialmente sensibles. En primeiro lugar, presentamos o pasado mes de xuño o plan Emprega en feminino, que busca como obxectivo impulsar o papel da muller no mercado laboral. Está dotado con 100 millóns de euros ata o 2020. Efectivamente, os datos relativos á fenda salarial seguen a ser datos moi preocupantes, pero, afortunadamente —se isto fora un consolo, que non o é—, hai que dicilo tamén, son menores que no conxunto do Estado, e as cifras pouco a pouco —queda moitísimo camiño por percorrer— van mellorando. Este mesmo mes imos aprobar o primeiro Plan de conciliación e corresponsabilidade, onde se van concentrar moitos dos pasos previstos na área estratéxica do VII plan; área estratéxica que leva por título: Acadar a igualdade na xestión dos traballos e os tempos. Preguntaba vostede que avances se dan para a súa elaboración. Pois está practicamente rematado, xa lle digo, e próximo a aprobar, e, polo tanto, os avances están todos dados. Este mesmo mes aprobarémolo, e presentarémolo, por suposto tamén, en sede parlamentaria.

Polo tanto, podo avanzarlle, señora Vázquez, que o plan ten por finalidade poñer en marcha o que parece esperable, outra cousa é acertar coa súa execución e actuacións de distinta índole que incidan na conciliación desde a base, por suposto, da corresponsabilidade familiar, e poñendo o foco —poñendo varios focos, pero creo que este é un dos principais— nunha repartición equitativa das responsabilidades doméstico-familiares entre mulleres e homes.

Vai haber cinco áreas estratéxicas de actuación, por dicirllas moi rápido —insisto en que cando se aproben se dará, por suposto, cumprido detalle—: a primeira sería a sensibilización da sociedade e a contribución ao coñecemento en materia de conciliación e corresponsabilidade —primeiro eixo—; o segundo, a programación educativa dirixida á eliminación dos estereotipos de xénero; o terceiro eixo deste plan, a potenciación dun cambio cultural xeral no uso dos tempos e na racionalización horaria, coa implicación dos diferentes actores sociais; o cuarto eixo, a consolidación de esforzos xa iniciados e a extensión dos cambios que vostede mesmo dicía que se van dando —afortunadamente, e téñense que dar moitos máis, estamos de acordo— e dos cambios que se foron dando en materia de conciliación da vida laboral e privada, desde a perspectiva da actuación e da implicación que ten que haber das diferentes administracións —por suposto, primeiro, da Xunta de Galicia, pero tamén das outras administracións e tamén, sen ningunha dúbida, das empresas—; e, por último, o quinto eixo, a articulación e a dotación orzamentaria de medidas económicas que dean soporte e que permitan instaurar estímulos para que mulleres e homes poidan levar a cabo un

proxecto en común, cando desexen, ademais, nesta vida en común de facer compatible a súa vida laboral coa súa vida social e individual e de coidado de persoas dependentes, cando sexa o caso.

Polo tanto, están moitas cousas postas en marcha, e máis que teñen que vir. Agradezo o seu interese, e insisto en que cando se aprobe este primeiro Plan de conciliación darase cumprida conta de todo isto a esta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Agradézolle as respostas, pero, en primeiro lugar, vostede está aquí como Goberno galego non como *hooligan* do Partido Popular. Polo tanto, eu, como lle teño respecto ás mulleres e á corresponsabilidade, vou centrar a miña intervención nestas cuestións. Como lle temos respecto ás mulleres e á corresponsabilidade, ímonos centrar nas políticas.

En primeiro lugar, respecto do Plan de conciliación que anuncia, unha pregunta máis, aínda que non estea nesta interpelación: ¿van consensualo cos axentes sociais?, ¿van facer un proceso participativo?

En segundo lugar, tampouco respondeu á cuestión de se a Xunta ten algún plan para contabilizar en termos monetarios o que ocupa de PIB o traballo reprodutivo.

En terceiro lugar, imos ás políticas reais. Prazas en escolas infantís. O eufemismo de «prazas sostidas con fondos públicos» é evidente que, claro, eleva ese rateo de prazas, pero diga o rateo de prazas públicas, de prazas públicas en escolas infantís no noso país, porque están fomentando un modelo privatizador.

En cuarto lugar, campañas. Algunhas tenas sinalado, pero outras non as menciona; non mencionou, por exemplo, o vídeoanuncio da Tarxeta Benvida, no que só saen mulleres coidando fillos. ¡Vaia maneira de fomentar a corresponsabilidade! Parece que os bebés só son tarefa das nais nese vídeo, que é un dos vídeos fundamentais das súas campañas de «información» —entre aspás—.

Emprego, hai algunhas medidas. Non chega só con facilitar medidas de conciliación respecto do teletraballo, tamén hai que impulsar emprego. Falou pouco de impulsar o emprego. Falou dese plan Emprega en feminino. Polo que temos visto no DOG, só está impulsado o 2 % da dotación do plan. Se ese é o impulso do emprego, teñamos en conta que o emprego, como dixemos antes, é un elemento fundamental para deter a implosión demográfica; esa relación evidente que hai entre implosión demográfica, fenda salarial e desigualdade da muller en todos os eidos. Exemplo, nos países europeos, aqueles que teñen as maiores taxas de fertilidade son os que teñen unhas taxas de ocupación maiores, maiores na muller, e nos que a

brecha de xénero do mercado laboral é menor. Así que hai que ir a plans máis ambiciosos de emprego. E, por suposto, que a Xunta non tolere esas penalizacións na carreira laboral que se dan, por exemplo, na investigación, como no caso que lle temos referido.

Políticas concretas. Ensino, falou de varias campañas para difundir valores de igualdade, pero, en lugar de fomentar a coeducación a todos os niveis, seguen permitindo e sufragando os colexios que separan por sexos. ¿Que mensaxe lles estamos dando a nenos e nenas que van a eses colexios —bueno, a nenos e nenas que van por separado a eses colexios—? ¿Que mensaxe damos cando pretendemos que dende a infancia xa se distinguan os roles de xénero? É fundamental actuar na infancia, aí tamén o sinalou; sinalou que esa educación dende a primeira infancia é fundamental, claro que si, porque, se non, se van definindo roles de xénero entre os 2 e 3 anos e acábanse asignando eses roles que dicíamos ao principio de muller cuidadora e de home que é o que achega os recursos á casa; vanse definindo xa.

En sexto lugar, sobre o Plan estratéxico. Ben sabemos que non pasou un ano, pero puido ter desgranado máis claramente as medidas que se teñen impulsado ou non. E, logo, tamén é necesario o orzamento, porque en canto a programas de conciliación en 2017, no terceiro trimestre só estaba un 6 % de execución. ¿Cal é o definitivo?

Por suposto, tamén podería aproveitar para explicar, xa que onte tivemos un debate nese sentido, cal é o importe real de políticas de igualdade respecto do PIB e respecto do orzamento da Xunta, porque onte parecía como xa case no orzamento da Xunta se destinaba o 1 % a loitar contra a violencia de xénero. Pareceu iso no debate, e nós entendemos que non é así; non nos dan as contas.

Para rematar, sabemos que é un reto que excede mesmo as competencias da Xunta, o reto da repartición do traballo, porque non é só o reto da corresponsabilidade, non é só o reto da conciliación, de ter todas e todos máis tempo para a vida, é un reto que ten que ver tamén cun contexto de crise ecolóxica, de robotización da produción e de perdas de emprego que se van dar, que podemos reconverter nunha repartición do traballo. Decía a economista Carmen Castro —que tamén citei antes—: «Podemos ver este reto como unha alternativa para a redistribución dos recursos e da riqueza desde outro paradigma baseado na equidade de xénero e na solidariedade interxeracional. Para afrontar este reto é fundamental contabilizar canto ocupa realmente o traballo das mulleres, fundamentalmente o traballo reprodutivo no PIB». E non sinalou que a Xunta teña intención ou non, nin sequera dixo nin respondeu a se a Xunta ten intención ou non de contabilizalo.

Redución da xornada laboral para todo o mundo e necesidade de abrir novos sectores de emprego que estean relacionados coa vida. É un reto, e significa tamén un cambio social profundo. Para nós as súas respostas non satisfán a medida da altura deste reto que temos como país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Peche desta interpelación, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Vázquez, eu fállolle da señora Quinteiro e vostede fállame de *hooligans*. Esa asociación de ideas non creo que lle faga moito favor á súa compañeira, pero... (*Aplausos.*) se vostede a compara, vostede saberá o que ten na cabeza; ao mellor, o mesmo ca nós, o mesmo que case todos.

Mire, alégrome de que esteamos de acordo —e dicíallo na primeira intervención— en que, polo menos, o que eu tirei das súas intervencións, e mesmo da miña, o poñamos en relación. É que en algo avanzamos. E tamén é certo que non todo é responsabilidade da Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia ten as súas responsabilidades, ¡eh!; tamén as temos os partidos políticos; téñenas, por suposto, o resto das administracións; téñenas, por suposto tamén, os empresarios; e, se queren, tamén a ten a sociedade, á hora dun cambio de mentalidade e á hora de poder aproveitar todas as oportunidades e todas as medidas de fomento que se poñan instaurar dende as administracións. Niso estamos de acordo.

E iso, ao final, tamén é certo que se reflicte en datos; polo tanto, imos aos datos. Díciame que non demos moitos datos sobre o plan Emprega en feminino. Bueno, é un plan recente, como vostede sabe, pero as cifras están aí e creo que as cifras son satisfactorias sobre o que se vai conseguindo pouco a pouco. Vaise reducindo —insisto— a fenda salarial, que aínda é unha fenda ancha, pero é unha fenda que pouco a pouco se vai estreitando, e vai aumentando o emprego nas mulleres. Vai, por certo, aumentando a capacidade de emprendemento das mulleres. Hai un programa moi importante ao cal vostedes eu creo que non lle dan —polo menos nas iniciativas parlamentarias así o percibo— a importancia que ten, que é o plan Emega, onde se fomenta e se crearon case 1.000 postos de traballo para mulleres e por mulleres; non só para mulleres, pero basicamente para mulleres, e, iso si, exclusivamente creados por mulleres emprendedoras que, grazas a unha pequena axuda da Xunta de Galicia, teñen instalada a súa empresa, e moitas delas son empresas xa consolidadas, con éxito e que dan moito traballo. Eu creo que esa é unha boa medida de fomento e creo que iso o deberíamos de poñer en valor: case sete millóns de euros investidos dende o ano 2010 ata o ano pasado por parte do Goberno da Xunta de Galicia.

Falábame vostede tamén dunha teima que teñen: dos orzamentos da Xunta adicados á igualdade. Mire, é unha materia transversal. Podemos facer moitísimas contas, e témolas feitas. Vostedes sempre as poñen en cuestión e nós defendémolas, pero é que é moi difícil poñernos de acordo cando, por exemplo, se fala do orzamento específico da Secretaría de Igualdade, que é o que entendo que vostedes consideran como indiscutiblemente adicado á igualdade, e despois están as materias transversais, nas que podemos estar ou non de acordo. Vostedes sempre tirarán á baixa, sempre o fan. Pero, claro, eu creo que son cifras indiscutibles, xa non as que se adican á loita contra a violencia de xénero, que eu creo que iso quedou claro despois de moitas discusións, que se adique o dobre, primeiro, porque vostedes non adicaban todo o que tiñan que adicar, e, segundo, porque, desgraciadamente, é un problema que non vai a menos e, polo tanto, obriga a Xunta de Galicia a aceptalo. Pero é que tamén se adica moito máis a todo o que ten que ver con políticas de igualdade; mire, tanto como que 98,5 millóns de euros no último orzamento pechado, e 54,7 no último orzamento do ano 2009

elaborado por un goberno ao que lle crecían os ingresos moito máis do que se produce ata o de agora. Esa é a realidade.

Despois falan tamén de execución orzamentaria, e sempre me falan de que non están executadas. Mire, o 92 %, tendo en conta que manexamos moitos fondos europeos. Creo que é unha execución moi meritoria da Secretaría Xeral de Igualdade no último exercicio orzamentario.

Polo tanto, señora Quinteiro..., perdón —señora Quinteiro, ¡xa me gustaría!—, *(Risos.)* señora Vázquez, imos seguir apostando por facer as cousas e cumprir as nosas obrigas dando exemplo, en primeiro lugar, dende a propia Administración. Non lle deu moita importancia á implantación da flexibilidade horaria. Gustaríame que nas administracións nas que vostedes gobernan lles digan aos seus alcaldes que implanten a flexibilidade horaria. ¿Por que non se atreven? ¿Por que non o fan? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, vostede, loxicamente, non debe de necesitar unha flexibilidade horaria, pero moitas mulleres e homes que a necesitaban na Xunta de Galicia pedírona e obtivérona. Non sei por que non se fai, se é tan fácil e ten tan pouco mérito; non sei por que non o fan nas administracións nas que vostedes gobernan. Nós imos intentar seguir facéndoo, e seguir facendo medidas que, en principio, eran innovadoras. Imos seguir insistindo,

Alégrome de que estea de acordo no eido educativo, fundamental para evitar moitos problemas que despois son moito máis difíciles de corrixir. Imos intentar seguir colaborando con outras administracións e con outras institucións, tamén no ámbito veciñal, tamén nas empresas, e por suposto imos intentar seguir, aínda que sei que é un obxectivo difícil —ás veces, escoitándoos a vostedes—, para que nesta Cámara haxa un mínimo consenso sobre asuntos que son fundamentais, e o Goberno da Xunta de Galicia considera que este asunto o é.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Saudamos os alumnos do instituto Basanta Silva, de Vilalba. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co número de prazas de acceso á titulación de Medicina

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, case mediodía.

Bo día, señor conselleiro.

Eu sabe que lle teño aprecio persoal. A ver se conseguimos propoñer algunha resolución para o que nós consideramos un problema, e voulle preguntar se vostedes o consideran igual, dende a súa perspectiva, xa que está o Goberno un pouco descontrolado: teñen controlado o conselleiro de Sanidade e non lle deixan contestar, o señor Feijóo faille a sesión de control ao Goberno Zapatero, o presidente do Parlamento ten que controlar aquí a algúns deputados habitualmente... Están vostedes así, un pouco descontrolados, con algunha efusividade. Eu creo que igual nós podemos chegar a algunha conclusión común, e esa é a nosa intención.

Para poñer algún contexto, hai un problema de persoal no sistema sanitario en Galicia. Temos un déficit de persoal provocado polas taxas de reposición habitual, provocado pola incapacidade ou o non desexo do Partido Popular de exixir ao señor Montoro que esa taxa de reposición se eliminara e poder substituír o persoal sanitario e por un hábito de política laboral deficiente, dende o noso punto de vista.

Por contextualizar algunha cousa, vostede igual me escoitou aquí dicir algunha vez... Nós temos unha teima. A señora Egerique dime habitualmente que teño teimas. Si, si que as teño, e niso coincidimos, e o noso grupo ten unha teima con isto do persoal sanitario.

Pero provoca algunhas consecuencias. Vostede sabe que somos, segundo os usuarios, a terceira peor sanidade de España, segundo o valoran a través do barómetro sanitario do CIS, que é unha valoración que nós consideramos que non pode ser aceptada e que deberemos de melloralala. E fundamentalmente apuntan a problemas de xestión: soamente 3 de cada 20 din que a sanidade está mellor que hai cinco anos —só 3 de cada 20—, e, ademais, a maior parte deles apuntan como grave problema as listas de espera. Dende o noso punto de vista, aínda que hai algúns outros problemas estruturais, o fundamental que define isto é a falta de profesionais; no entanto, hai uns orzamentos falaces, en termos de persoal, órzase un número de persoal que non é real e que non está ocupando de maneira estable eses postos de traballo que están orzados, pero non se ocupan, e hai un cómputo global aproximado de 400 millóns ao ano que se dedican dende a Consellería de Sanidade a financiar a inestabilidade laboral, a precariedade. Son 400 millóns de euros ao ano para financiar precariedade laboral, eses contratos por horas de contratar en luns e despedir en venres para volver contratar en luns e non pagar a fin de semana; é unha situación complicada. Fanse algunhas horas en hospitais, pero non se amplían as plantillas, co cal, iso provoca un déficit de calidade. Hai en Galicia unha das peores ratios de profesionais sanitarios por habitante, segundo din os estudos que analizan a situación da sanidade en España. En definitiva, temos un problema.

Ademais, o Goberno Feijóo leva contratados nos seus nove anos menos do 15 % dos MIR titulados de maneira estable —menos do 15 %—. Sen embargo, ante os problemas habituais de substitución de profesionais, ante os problemas evidentes que demandan xa os profesionais habitualmente en urxencias, en pediatría, nas cuestións que teñen que ver coa situación das listas de espera, que os profesionais din que necesitamos máis recursos persoais, o Goberno habitualmente argumenta que non hai profesionais, que temos un problema. Cada vez que se pon o acento sobre a falta de profesionais, din que non se contratan porque non hai no sistema e que non hai ninguén para contratar. A verdade é que ás veces non sabemos de onde saen todos eses que logo se contratan en precario, porque eses mesmos que se contratan en precario de maneira estable poderían contribuír moito mellor ao sistema. Xa ve

que algunhas das teimas son que o persoal traballa mellor de maneira estable que de maneira inestable, cuestións que teñen algunhas das posicións políticas. Vostedes probablemente pensen o contrario, que é mellor explotar e apertar, e nós cremos que é mellor dar calidade de traballo para que iso dea calidade de servizo. Pero, en todo caso, ese non é, probablemente, o obxectivo do noso debate hoxe.

A pesar diso, tamén a Consellería de Sanidade, o Goberno da Xunta, vén poñendo unha serie de trabas á OPE sanitaria que dende o Goberno de España, dende o Ministerio de Facenda, levan sinalando como graves porque están dificultando esa convocatoria pública.

En definitiva, hai un problema de persoal, sinálano todos os profesionais, e nós levamos demandándoo hai tempo. E o Goberno da Xunta parece non compartir ese diagnóstico e poñer todos os problemas necesarios para que se incorporen novos profesionais.

Temos unha situación agora na que seguramente vostede coñece que a Universidade de Santiago, que ofrece a titulación de Medicina, plantexa a redución dunha parte dun 5 % das prazas que ofrece para entrar novos estudantes no curso próximo. A redución de prazas... *(Murmurios.)*

Si, xa sei que non lles importa moito. O conselleiro de Educación está atendendo perfectamente. Se non lle importa... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é o que me ten que atender, pero vostedes tamén, ou polo menos deixarnos que poidamos dialogar tranquilamente —digo—. Están vostedes facendo un pouco de... Era unha apreciación, non sei se o señor Pazos —que está un pouco eufórico ultimamente— ten algún problema co asunto. O outro día dixen que tiña algún fan aí e molestouse. Vostede, máis que fan, estase convertendo un pouco no meu *hater*; nun pouco *troll* tamén, ás veces. Pero, en todo caso, se non lle importa, vou seguir falando co conselleiro de Educación, se vostede me dá o seu permiso. *(O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Por suposto! Moitas grazas.

Señor presidente, ten vostede un aspirante a presidente aquí. *(Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, ten dous, ten o señor Tellado tamén.

O señor PRESIDENTE: Só hai que elixir.

O señor TORRADO QUINTELA: Só hai que elixir, efectivamente. Xa lle deixo a vostede que elixa entre eses dous. A verdade, con amigos así, ¿quen quere inimigos?

O señor PRESIDENTE: É un tema serio o da política.

O señor TORRADO QUINTELA: É un tema serio, si, si. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿Podo? ¿Si? *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señor Tellado. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non pido permiso, pero é unha cuestión de educación. Se vostede me fala, eu intento atendelo. Vostede iso non o entende, pero está ben.

Ben, señor conselleiro, temos un problema, porque nós consideramos que a proposta de reducir prazas de entrada no acceso á universidade de estudos de Medicina contradí a nosa análise —que non sei se vostedes comparten— de que existe un problema de persoal. Sabemos que esta é unha proposta da universidade, evidentemente, non é a Xunta a que directamente propón de inicio o número de prazas, pero sabemos —como todos saben e vostede o primeiro— que a Xunta ten a capacidade final de decidir e de influír sobre esta decisión.

¿Que lle plantexamos? Dende o noso punto de vista, existen dous camiños a tomar con esa proposta: o primeiro, asumir, evidentemente, que non hai un problema de persoal, como vén defendendo a Xunta de Galicia dende hai tempo, e, polo tanto, que esa redución sería aceptable, porque un dos argumentos que se sostén é que a universidade está ofrecendo formación ao máximo nivel posible practicamente dos seus recursos, que a incorporación do Plan Bolonia dificulta ampliar o número de prazas e que os medios —normalmente os medios materiais e tamén os medios humanos, en termos de persoal da universidade— dificultan dar máis formación. E iso, polo menos polo de agora, dificultaría ampliar o número, e por iso a proposta de redución.

Dende o noso punto de vista, hai unha segunda opción. A segunda sería aceptar que realmente hai un problema de persoal no sistema sanitario e que, por tanto, temos unha capacidade de resolver ese problema —ademais doutras moitas medidas— a través de aumentar ou polo menos de non reducir polo de agora o número de prazas de alumnos que entran a estudar Medicina na Universidade de Santiago, que ademais vostede coñece —seguro— que é unha das titulacións con menor cifra de abandono, practicamente nula, e que, por tanto, é importante aproveitar todas as posibilidades.

Esta segunda ten para o Goberno da Xunta ás veces un problema, que é aceptar que é unha posición do Partido Socialista. Vostedes ás veces teñen algunha complicación en aceptar iso, pero non pretendemos facer patria da proposta. Se vostedes a comparten, pódena asumir como propia, o importante é que se resolva o problema.

Reconducir esta situación significaría reconducir, na medida do posible, a decisión ou a proposta da universidade. Iso si, o que nós plantexamos é acompañar esta decisión ou esta medida de novos investimentos e dunha planificación a medio e longo prazo que permita aumentar os recursos materiais —hai unha previsión de novas instalacións— e tamén humanos para poder non só repoñer a situación actual, senón incluso avaliar a posibilidade de aumentar progresivamente nos próximos anos a entrada de alumnos na titulación de Medicina. ¿Por que? Porque iso nos permitiría ter unha certa bolsa de estudantes máis para despois no futuro —e xa empezando a prevelo agora— ter unha planificación de solicitude e de dotación de recursos necesarios ao sistema para poder incorporar máis estudantes MIR. ¿Por que? Porque, se podemos ter máis especialistas formándose, teremos máis facilidade

para acadar os especialistas que necesitamos no futuro. Isto non vai resolver o problema para o ano que vén ou para dentro de dous anos, porque estamos falando dunha formación a dez anos vista, pero si pode resultar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si... (*Murmurios.*) Señor presidente, eu non teño problema en dialogar, se vostede me deixa, pero, como me fan a proposta de que é en toda España... Por iso dixen traballar para..., non dixen facer. Xa sei que é unha cuestión do Ministerio, vostede que... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non dialoguen, porque é que, se non, isto é insostible.

O señor TORRADO QUINTELA: Se quere, explícolle como funciona o sistema MIR. Eu non o coñezo moito, coñéceo moito mellor o señor Aurelio Núñez, por exemplo, e pódello explicar. Pero, se non lle importa, señor Rodríguez, ¿podo seguir falando? É que é moi complicado que... Pero é que, se eu non teño problema, pero...

En todo caso, se nós podemos facer este traballo de formación e aumentar ese número de prazas, poderemos traballar para ter un maior número de alumnos que se formen no sistema MIR e con iso resolver o problema da formación. En todo caso, isto —como dicía— é un traballo a medio e longo prazo porque son practicamente dez anos e non resolvería o problema de mañá. Pero si resolvería cousas como que agora esteamos renunciando a poder facer substitucións en pediatría —que é o caso que está moi alerta ultimamente— porque levamos nove anos demandando moitos grupos —os socialistas os primeiros— que se traballe para ampliar o número dos MIR que se poden formar. E non facelo hai nove anos xa está tendo un problema agora porque se poderían estar dando os resultados agora.

En todo caso, o noso plantexamento é saber cal é a posición do Goberno da Xunta: se vos tedes consideran que, non habendo un problema de persoal sanitario, polo tanto, a proposta da universidade é aceptable, ou se cren, no entanto —como cremos nós—, que habendo un problema é necesario reconducir esa posición. E, por tanto, nós plantexariamos —se esa é a súa posición— se existe unha segunda fase, que é considerar que no futuro podemos aspirar ou plantexar un aumento de prazas na medida en que os recursos materiais e humanos sexan posibles, e se incluso dende a propia Xunta de Galicia se considera poder aumentar eses recursos para poder ter máis prazas de estudantes.

Agradecéndolle...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...o seu ton —o seu ton— e a súa atención, agardo a súa proposta e a súa resposta sobre o tema para poder entablar un certo debate.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moi bos días, señor presidente.

Señorías.

Señor deputado, dá a sensación de que vostede querería que esta interpelación fose executada ou respondida, neste caso, polo conselleiro de Sanidade. E quizais a súa exposición foi sempre falando maioritariamente de persoal sanitario, pero, certamente, non hai unha correlación entre o que vostede aquí expuxo e as preguntas que plantexa. Vostede plantexa cinco preguntas nas cales se cita a titulación universitaria, a Facultade de Medicina e a Universidade de Santiago. Co cal, aí hai quizais unha dupla; pero, en todo caso, eu non teño ningún tipo de problema en responderlle, fundamentalmente da cuestión que vostede plantexa, dun xeito explícito respecto do que son as súas preguntas, que é do acceso, neste caso, á formación na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago. Non sei se é un erro pola súa parte voluntario ou se se deu conta de que no plantexamento que fixo meteu a pata, e voulo intentar explicar do xeito mellor posible, porque hai un erro de partida que en certa medida deixa sen argumentación todo o exposto por vostede.

Vostede fala de que hai unha redución de prazas na oferta da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago, e iso é falso. Vostede dáo por feito, plantéxao como algo xa decidido, e erra e confunde gravemente —entendemos— unha proposta da propia universidade que fai a USC coa decisión final que se adopta nos órganos pertinentes, que despois lle direi. Confunde unha parte co todo e, a partir de aí, diseña e pon en marcha unha estratexia política de ataque ao Goberno central, neste caso, co persoal sanitario.

Créame, señor Torrado, que politicamente eu podería dicirle: non hai tal redución de prazas, non existe tal decisión. Esta interpelación é absolutamente precipitada e carece de fundamento; e poderíame sentar tranquilamente. Tería cumprido porque politicamente esta é a mensaxe. Pero como sei que nin vostede persoalmente, nin o seu grupo, nin esta Cámara merece unha resposta así, senón que hai que explicar por que se plantexa esta afirmación política, vou intentar dar unha explicación técnica de como se poñen en marcha, de como se adopta a decisión última dun número equis, dun número determinado de prazas nunha facultade, nomeadamente, neste caso, na Facultade de Medicina, porque basicamente as súas cinco preguntas están orientadas a saber cal é a opinión da Xunta de Galicia respecto dunha información, ou dunha proposta, neste caso, do órgano universitario, do Consello de Goberno da USC.

A parte técnica está regulada pola LOU nos artigos 43 e 44. Aí fálasenos das competencias, de quen ten as competencias para determinar as prazas universitarias nas diferentes universidades públicas, e tamén de como se fixan os límites de admisión de alumnos, de admisión de estudantes. Non é un proceso arbitrario, nin moito menos, non é que se decida dun xeito alegre, nin moito menos. Aquí hai un procedemento, que ademais nesta carreira en específico, nesta titulación en específico, ten unha especificidade moi importante, que é que temos que ter unha correlación directa, neste caso, co servizo sanitario, co Sergas, a onde van ir unha inmensa maioría dos futuros profesionais.

Pois ben, neste caso, a Xunta, durante o mes de marzo, o que fai é que lles pide ás universidades que lle digan cantas prazas queren ofertar en cada unha das titulacións. Normal-

mente as titulacións, a través das comisións permanentes —en menor medida dos claustros—, plantéxanlle á Xunta de Galicia cantas prazas queren ou entenden que deben ofertar no curso académico seguinte. Posteriormente, a Xunta, en coordinación coas tres universidades, fai unha proposta, e esa proposta elévaa, neste caso, a un órgano estatal, a un órgano ministerial, á Conferencia de Política Universitaria. No caso da Facultade de Medicina, hai un órgano específico onde se regula o número das prazas ofertadas ou que se van ofertar, neste caso, no ámbito universitario. Este órgano é o Consello para a Coordinación da Docencia Clínica de Galicia, que é onde se fixa o número que posteriormente Galicia remite, neste caso, á Conferencia Sectorial de Política Universitaria.

Vostede colle unha publicación dun medio de comunicación, en concreto, o 23 de febreiro, tira da cifra que pon o Consello de Goberno, escoitada a Comisión Permanente da Facultade de Medicina, respecto dun número concreto, 342, e é curioso que só lea ese aspecto, que só lea esa liña onde se fixa ese número e que fundamenta parte da súa argumentación, porque o mesmo día, noutro medio de comunicación, se di que non é unha decisión adoptada, que non é unha decisión tomada en ningún caso e mesmo se aclara nalgún xornal que noutros cursos a proposta plantexada polo Consello de Goberno da USC non é, ao final, a adoptada polo Consello de Docencia Clínica e que normalmente —así foi nos últimos anos— se incrementa o número respecto da proposta feita, neste caso, pola USC.

Neste Consello para a Coordinación da Docencia Clínica están os hospitais, representantes dos hospitais, están as tres universidades, está o Sergas e está a Consellería de Educación e a Consellería de Sanidade, e aí fíxase un número, que non é un número arbitrario, senón que se basea nun informe feito polo Sergas no cal se plantexa un número bastante aproximado en función das necesidades do sistema; e nese número téñense en conta as baixas, os novos servizos, as demandas sociais, etc. Posteriormente iso envíase, neste caso, á Conferencia do ámbito estatal, á Conferencia de Política Universitaria.

Por certo, pódolle dicir que o Consello de Docencia Clínica vai ter lugar o 11 de abril, e posteriormente vaise enviar á Conferencia General de Política Universitaria sobre o mes de xuño. Co cal, vostede plantexa aquí toda unha iniciativa baseada nun só suposto, nun hipotético suposto, e a partir de aí constrúe un relato co que intenta non sei se desprestixiar a función docente ou, dalgún xeito, criticar a política da Xunta de Galicia en materia de persoal. O que si é certo pola súa parte é que vostede está cuestionando, tal como se pode ver nas preguntas que formula, unha decisión do Consello de Goberno da USC, porque vostede plantexa toda a súa afirmación, todo o seu relato, toda a súa posta en escena, con base nun dato aportado polo Consello de Goberno da USC que non vai ser ou pode non selo, porque posteriormente ten que pasar polo Consello de Docencia Clínica, no ámbito autonómico, e pola Conferencia Sectorial, no ámbito estatal. Co cal, as demandas que se fixen nese consello creo que sempre foron, que sempre se axustaron ás necesidades do sistema; é o Sergas quen determina ese dato, obviamente, xunto coas universidades, e creo que, señor Torrado, pecou —se me permite a expresión— politicamente de precipitación. Creo que se precipitou e creo que debería, neste ámbito concreto, quizais ter preguntado antes, pois estou seguro de que se preguntase antes como é o proceso de selección de alumnado da Facultade de Medicina —que non é o que aquí expón, pero que é polo que pregunta por escrito no seu texto— pois seguramente se daría conta de que esta interpelación carece de bastante sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra o señor Torrado Quintela para a rolda de réplica.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Non dubidaba do tipo da súa resposta, señor conselleiro; de feito, prefiro que me responda vostede porque de inicio é un tema que ten que ver coa universidade, claro que si. Agora ben, sorpréndeme que a vostede lle sorprenda que eu fale do sistema sanitario, coma se non tivera nada que ver. É máis, xa que vostede apela á pregunta, voulle ler a primeira frase: «A política de recursos humanos da Xunta de Galicia, no que corresponde ao eido sanitario, é un lastre para o correcto funcionamento do sistema.»

Pois, se iniciando así, lle pareceu sorprendente que lle falara da política de persoal da Xunta de Galicia no eido sanitario, a verdade é que me sorprende que lle sorprenda. Pero é que é máis..., (*Aplausos.*) vostede, señor conselleiro, fálame de que hai unha relación e hai unha especificidade. Fálame de correlación directa co Sergas. É máis, fálame de que hai un informe do Sergas que lle teñen que pedir. Por certo, se non lle importa, gustaríanos contar con ese informe, que supoñemos que non hai ningún problema.

Polo tanto, vostede estame recoñecendo que hai unha relación directa entre o eido sanitario e o Sistema sanitario de Galicia e a formación que se ofrece na universidade.

Claro que coñecemos o procedemento, señor conselleiro. Vostede provén da Universidade de Santiago, e eu tamén; claro que coñecemos o procedemento. Aquí ocorre algo bastante obvio, e é que vostede non quere contestar a súa valoración. Vostede non quere ofrecer a resposta do Goberno sobre se lle parece ben ou mal a proposta, porque, claro que é unha proposta, pero nós preguntamos pola súa valoración. Vostede dime: É que vostede está criticando unha decisión do Consello. Fíxese, xa ata a vostede lle pasa o mesmo ca min, se é que é unha decisión non tomada. Pero nós valoramos a proposta. ¿Cal é a decisión da Xunta sobre iso? É máis, é que non é tomada, e vostede sábeo tan ben coma min, porque normalmente se toma a finais de marzo, e ademais, neste caso, que coincide a Semana Santa polo medio e hai un proceso electoral na universidade. Vostede sabe que eses son os condicionantes, sábeo moito mellor ca min, porque, ademais de ser conselleiro do ramo, coñece a institución desde hai moito máis tempo ca min. Pero, sobre isto, que é unha información limitada que afecta esta pregunta, créame, coñecemos o mesmo. Non lle esperaba a vostede que puxera en dúbida agora a formación ou non formación sobre as preguntas.

En todo caso, vostede non quere contestar, porque non contesta. ¿Cal é a súa valoración, señor conselleiro? ¿Fan falta menos prazas ou máis prazas? ¿Ou van vostedes facer como outros anos e corrixir a proposta? Porque vostede o que si sabe é que vai haber unha proposta á baixa. E a nosa pregunta é fácil: ¿consideran vostedes que esa proposta á baixa é acertada e van aceptala? ¿Consideran que é necesario reconducila e reaxustar para ter o mesmo que tiñamos o ano pasado, como fixeron varias veces? ¿Ou incluso van reconducir para poñer máis, como fixeron algún ano? É que vostedes teñen dadas todas as respostas. Polo tanto, nós o que pretendemos é: ¿cal é a súa proposta? E claro que o entroncamos coas necesidades

do Sergas, porque nós consideramos que hai un problema de persoal e nós consideramos que, habendo un problema de persoal, hai que estar ao máximo número de estudantes posibles, dados os recursos existentes, e ademais cremos que é necesario implementar recursos no sistema formativo para ter máis estudantes para que logo poidamos ter máis MIR e logo poidamos ter máis especialistas. Se esa é a cadea natural de decisión, dende o noso punto de vista, hai que aumentala. Dende o seu como goberno, ¿cal é? Porque ese é o obxecto da interpelación.

Vostede fai ben en non contestar, pero, para min, que vostede non queira contestar, é unha resposta bastante evidente. Vostede non quere ofrecer a súa valoración. E nós preguntamos: ¿cal é a valoración? A universidade fai unha proposta, ¿que van facer?, ¿aceptala?, ¿reconducila ata igualar ou reconducila para aumentar? ¿Que van facer? Esa é a pregunta. A vostede admítolle que en boa maneira e con bo regate..., e eu prefiro que me conteste vostede porque por agora é un ámbito que corresponde á súa área. Ademais —que llo dixen ao principio—, prefiro que conteste vostede, a ver se podemos chegar a algún acordo, porque ata o de agora é certo que tiven pouca sorte co conselleiro de Sanidade, co que, discrepamos tanto, que é difícil chegar a un acordo, e ademais non lle correspondería a el tratar ese tema de maneira directa. Pero déame unha resposta, ou iso é o que plantexamos. Fíxese que cousa tan absurda: nós chegamos aquí a preguntarlle ao Goberno para que nos dea algunha resposta. Pode, se quere, copiar o modelo do presidente, preguntarme por Zapatero e facerme unha sesión de control a min, pero, mire, non sei se iso nos vai levar a algún lado.

Hai unha proposta da universidade. ¿Vostede cre que, chegada esa proposta á Xunta, cando teñen que decidir —que teñen que decidir—, van aceptala ou van reconducila? ¿Van reconducila para igualar os 360 que hai agora ou van aumentala? É bastante sinxelo. Vostede xa fixo a parte de intentar sacudir a resposta, ben. Agora ten un segundo turno de réplica, nese no que xa comezan a responder e, ademais, a criticar, porque non hai posibilidade de resposta.

Pero soamente cunha resposta —ten cinco minutos—, pódemo dar. ¿Que van facer con esa proposta: aceptan a redución ou cren que non é necesaria? Porque nós consideramos que non o é, e vostedes, ¿que é o que van facer? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da interpelación, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señor Torrado, eu fixen un esforzo por ser didáctico na miña explicación e explicar como é o procedemento para poder fixar o número definitivo que se envía á Conferencia Sectorial de Política Universitaria no ámbito ministerial para poder ter o número que oferta a Universidade de Santiago —é dicir, Galicia— para as prazas universitarias. Intenteino, intentei ser moi didáctico, pero vostede faimo unha pregunta que non ten resposta, porque esa decisión non é unha cuestión arbitraria que este conselleiro ou outro conselleiro ou un reitor

ou outro reitor faga, senón que se basea nun consenso e se basea nuns informes técnicos aportados, neste caso, polo Sergas respecto das demandas futuras, hipotéticas de futuros profesionais. No ámbito do Consello de Docencia Clínica é no cal se decide cantos profesionais vai haber.

Vostede pon que 342 —é dicir, a data plantexada pola Universidade de Santiago— é unha data errada. Saiba vostede que con esa cifra está cuestionando vostede o Consello de Goberno da USC; absolutamente, liberdade.

¿Cal é a resposta da Xunta? A resposta da Xunta será pactada coas universidades, cos hospitais e entre ambas as consellerías, Sanidade e Educación, no ámbito que ten que ser, que é o Consello de Docencia Clínica.

A oferta flutúa, houbo anos onde ten estado en 400 a oferta, por exemplo no 2010 ou no 2011; no 2006 e 2007, en 260; hoxe estamos en 360; é dicir, flutúa. E isto non é algo arbitrario e que un día a alguén se lle ocorra dicir a cantidade «x». Non, está baseado nun diagnóstico, nun estudo demográfico, nunha previsión demográfica de necesidades, e a partir de aí tómanse as decisións, non dun xeito arbitrario, que, dalgún xeito, cuestione o que se plantexe.

¡Home!, vostede tamén, en certa medida, cuestiona que a Facultade de Medicina de Santiago, que é a de Galicia, teña capacidade para formar ou non os futuros médicos. É a facultade maior de España. A facultade que ten un maior número de docentes de medicina de España é a nosa, e esta consellería, esta Xunta de Galicia, este goberno ten un compromiso con esta facultade creo que pouco discutible. Temos un proxecto en marcha dunha nova facultade, como creo que é sabido por todos. Hai moi pouco tempo se tomou un acordo moi importante para o conxunto da educación sanitaria e do servizo sanitario: que as tres universidades, que todas teñen profesionais docentes no ámbito sanitario, se coordinen e que se poida facer docencia clínica no conxunto dos hospitais do país —algo fundamental para coordinar— ou tamén non nos negará que hai moi pouco puxemos en marcha un plan de choque para dotar de recursos humanos esta facultade —das máis importantes do sistema universitario, sen ningunha dúbida—. Co cal, hai un compromiso creo que deste goberno moi claro e moi evidente coa Facultade de Medicina de Galicia, porque é obvio que o futuro da sanidade pasa por este eslavón inicial.

Co cal, vólvolle repetir: o número de prazas da facultade non o decide a USC, non o decide a Xunta, non se decide de xeito arbitrario; decídese conforme un procedemento, conforme unha serie de análises técnicas, e neste Consello de Docencia Clínica que teremos o 11 de abril avaliarase e tomarase a decisión, a mellor para o sistema, para que non haxa en ningún momento déficits de profesionais futuros. Porque os que entran hoxe na facultade van ser os profesionais dentro de sete, oito, nove ou dez anos; é dicir, o futuro da sanidade pasa polas decisións que adoptemos hoxe. Non teñan a menor dúbida de que non vai haber ningún tipo de frivolidade nin ningún tipo de melancolía á hora de adoptar esta decisión.

Co cal, insisto no que dixen antes: se o seu obxectivo político, dalgún modo, era desprestixiar a USC, non conte connosco, porque vostede está cuestionando unha decisión da USC, ou se é desprestixiar o Consello de Docencia Clínica, tampouco conte connosco. Simplemente lle

digo que temos unha boa Facultade de Medicina —obviamente, pódese mellorar, sen ningún tipo de dúbida—, a maior de España, que dá docencia de xeito coordinado coas tres universidades e que as decisións dos futuros médicos, é dicir, do número de alumnos que van entrar hoxe na Facultade de Medicina, son un procedemento absolutamente regrado que non o decide ninguén de xeito arbitrario; ten unha metodoloxía que ata o momento creo que ten contribuído a mellorar a profesión e a mellorar o prestixio da profesión. Creo que, nese sentido, se precipitou e persoalmente errou vostede ao tomar unha cifra plantexada no Consello de Goberno da USC como unha cifra absolutamente pechada e con iso construír un discurso para atacar a Xunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación co impacto do actual modelo de revalorización das pensións contributivas no poder adquisitivo das persoas pensionistas de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Bo día.

Falamos unha vez máis de pensións. E, sempre que o facemos, atopámonos con que o Goberno galego moitas veces escorre o vulto ao non ser competencia propia. Mais entendemos que hoxe non pode eludir a pregunta que formulamos. Preguntámoslle especificamente a opinión que ten sobre o actual modelo de revalorización das pensións contributivas, que eliminou o IPC como referencia para revalorizalas.

Nós entendemos que non se pode eludir esta pregunta. Ademais, tendo en conta que no 2019 entra tamén en vigor o chamado «factor de sostibilidade», que non é máis que penalizar o aumento da esperanza de vida —e logo explicaremos como afecta—, pensamos que non pode eludir o Goberno galego a cuestión, por tres razóns fundamentalmente.

Unha é porque é un recorte máis para as persoas xubiladas galegas, que xa son das máis desfavorecidas do Estado. Isto ten que ver tamén coas competencias que ten a Xunta en materia de política social. No noso país a crise o que fixo foi acentuar ese carácter de renda contra a pobreza que cumprían as pensións. Porque, aínda sendo das máis baixas do Estado, fixeron de sostén familiar —sobre todo, derivado das consecuencias da crise económica—. Neste sentido, pois, evidentemente, se a política social é competencia da Xunta, debería supor un motivo de alarma que, sendo aproximadamente o 30 % os fogares que declaran que os seus ingresos son unha pensión, estas estean servindo de sostén contra a pobreza. E, ademais —dicía—, sendo as pensións galegas das máis baixas do Estado, con 788 euros brutos ao mes —a contía media— fronte a 932 da media estatal. Así que unha pensionista galega cobra 2.534 euros menos que a media estatal. Moito peor é no caso das persoas autónomas, moito peor nas mulleres, e moito peor nas provincias de Lugo e de Ourense.

Polo tanto, non pode eludir a cuestión. Hai unhas reformas que penalizan aínda máis as persoas maiores, que van supor unha grave deterioración das condicións materiais de vida das persoas maiores do noso país, que xa teñen pensións moi baixas. Non poden eludir a cuestión no que compete ás súas competencias —valla a redundancia— en política social.

En segundo lugar, dende logo tampouco poden eludir a cuestión na medida en que son o mesmo partido que recorta en Madrid. É máis, o Partido Popular de Galicia foi a avanzadilla nesta senda de políticas da xa poscrise —aínda que teoricamente esteamos entrando, ou xa entramos, nunha fase alcista do ciclo económico—, nestas políticas que seguen recortando dereitos e acentuando as graves consecuencias da crise.

E tampouco, finalmente, poden eludila porque avalan unha política, entendemos, inconstitucional. O Partido Popular, o patriota do 155, está utilizando a Constitución como porra para mazar alí onde é recortar dereitos. Sen embargo, no que é respectar os preceptos constitucionais no que ten que ver con garantir dereitos non o está facendo. A nós parécenos que a eliminación da revalorización conforme o IPC é inconstitucional por dous motivos: primeiro, porque é contraria ao artigo 50, pero tamén porque afecta a pensións causadas con anterioridade á reforma. É unha cuestión de indefensión, é cuestión dunha medida que ten efectos retroactivos. E, para nós, este mecanismo de revalorización das pensións é fundamental para garantir ese dereito constitucional a retiros dignos. É unha cuestión fundamental de dereitos sociais. Trátase de protexer as persoas maiores fronte aos riscos evidentes e ás dificultades que conleva a vellez, e tamén é unha poboación que non ten outro xeito de aumentar os seus ingresos, practicamente, que non sexa esta revalorización das pensións.

Para nós, e non só para nós senón para todos os expertos serios, o novo modelo de revalorización supón unha perda constante de poder adquisitivo, ademais de ser opaco, arbitrario e que deixa bastante marxe á discrecionalidade na súa aplicación.

Vexamos, por exemplo, o que sucedeu no 2017. Coa aplicación da norma de 2013, as pensionistas galegas perderon poder adquisitivo. Se os prezos subiron de media un 2,1 %, aínda con esa ridícula actualización do 0,25 % perdéronse 1,85 puntos. Sobre a carta recibida polas pensionistas, moitas pensionistas galegas consideran que é unha burla, que se burlou o Goberno delas, ao recibir unha carta que practicamente custa tanto como o que nominalmente lles subiu a pensión no mes. Porque, para que o índice de revalorización actual —neste novo método— sexa positivo, tería que reducirse o número de pensionistas ou ben tería que reducirse brutalmente o gasto en pensións, que é o que pretenden, ou ben aumentar de xeito moi amplo os ingresos por cotizacións. Así, para nós, as pensións van seguir perdendo poder adquisitivo. Porque se o IPC vai estar, de media, nun 2 % nos vindeiros anos, calculamos que haberá unha perda dun 40 % de poder adquisitivo das pensións.

Pero a isto úneselle tamén o factor de sostibilidade, que é outra das reformas. E xa que estamos, preguntámoslle tamén que opina sobre ela. Porque o adiantamento da súa aplicación está tendo un efecto contrario, está tendo un «efecto chamada» a adiantar a xubilación e, polo tanto, está aumentando o gasto en pensións.

O atraso da idade ordinaria da xubilación, lembremos, xa ten algo que ver co aumento da esperanza de vida. E agora hai un novo —digamos— «imposto ao aumento da esperanza de vida». Porque consideremos, por exemplo, un período de trinta anos, de 2019 ao 2049. De manterse a evolución actual da esperanza de vida prevista, ao aplicarse esta fórmula situaríamos o descenso da pensión inicial entre o 9 % e o 18 % —situaríaa a nova fórmula—. Así, o aforro de gasto para o Estado oscilaría entre un 0,2 % do PIB no 2040 e un 0,7 % en 2060. En termos de aforro porcentual do gasto, a estimación é do 5 % en 2060. Así, vaise reducir a pensión inicial nun 0,5 % no primeiro ano de aplicación, xa en 2019. Estamos falando dun ataque aos pensionistas galegos e galegas. Por iso lles preguntamos que opinan sobre todas estas reformas que inciden na falta de revalorización das pensións e que van en contra do precepto constitucional de pensións dignas.

Falando só das competencias do marco competencial da Xunta, tamén terían abondo percorrido para mellorar a vida das persoas maiores, fornecendo moitos máis servizos de atención á terceira idade, aumentando, por exemplo, as axudas ás pensións non contributivas ou actuando, sobre todo, en políticas activas de emprego que contribúan a unha mellora do financiamento do sistema vía cotizacións; ou tamén —que teremos ocasión de propoñérllle nesta Cámara— lexislando sobre un modelo de renda social que garanta completar aqueles ingresos daquelas persoas que teñan menos, que perciban menos do 60 % do salario medio, algo que, por certo, non é unha medida radical de En Marea senón unha medida que o propio Parlamento Europeo acordou.

Así, é unha cuestión de modelo. Para nós é unha falacia esa idea que se está intentando asentar de que non son sostibles os sistemas de pensións públicos, cando o que non son sostibles son os sistemas privados de pensións, que, con motivo da crise, tiveron unha redución tremenda na súa capitalización. E alármanos que, xusto agora, cando estamos nunha fase alcista do ciclo económico, non sexamos capaces, que non se sexa capaz, de recuperar as cotizacións porque está instalada a precariedade laboral. Alármanos que o Goberno, do Partido Popular, non actúe contra esta dramática realidade e que, por riba, intente cargar nas costas dos pensionistas presentes e futuros esta falta de políticas.

Un dato tamén acerca da sostibilidade do sistema: dende 1982 incrementouse exponencialmente o importe da pensión, duplicáronse as persoas pensionistas e o sistema foi sostible. O sistema chegou a ter superávit. ¿Por que, se temos en conta as previsións demográficas e se non se vai dar este aumento tanto en número de pensións como en pensionistas, se está cuestionando a viabilidade do sistema? Tamén llo preguntamos, se o ten a ben, hoxe. Se non, faremoslle outra interpelación noutra ocasión.

En fin, tamén poderíamos falar de alternativas que garantirían outras vías de financiamento do sistema. Pero queríamos preguntarlle especificamente sobre que opina do novo modelo de revalorización das pensións. E non só llo preguntamos nós, senón que o Defensor del Pueblo acaba de sinalar que esta non revalorización das pensións conforme o IPC pode ser inconstitucional. Di literalmente no informe que vén de publicar sobre o ano 2017 que o mecanismo de revalorización apunta a un empobrecemento de todos os pensionistas que podería suscitar dúbidas coa previsión constitucional que garante pensións suficientes, adecuadas e periodicamente actualizadas. Así pois, nós consideramos que a Xunta non pode

eludir a pregunta. ¿Que opina o Goberno galego ante este novo recorte da dignidade das nosas persoas maiores, que son xa das máis empobrecidas do Estado? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Señoría, o primeiro que me gustaría salienta é a comprensión do Goberno galego cos pensionistas que manifestan estes días queixas e preocupación polo sistema público de pensións. Tamén quixera aclarar que as pensións non son *stricto sensu* unha política autonómica. Son unha política de Estado e, polo tanto, a Xunta de Galicia non ten competencia na fixación da súa revalorización. Outra cousa é que, coma sempre, si que manifestamos a nosa opinión.

Pero, por suposto, entendemos as queixas dos nosos maiores polo pequeno incremento lineal das súas pensións. É máis, non só os entendemos, senón que calquera de nós podería sumarse a esas reivindicacións, porque, como traballadores activos neste momento, agardamos poder dispoñer dunha pensión axeitada cando rematemos a nosa vida laboral —bastante próxima, por certo—.

Por iso, tanto vostede coma min, señoría, estaríamos de acordo en subir máis as pensións. Pero hai que facer compatibles os desexos coa realidade dos recursos dispoñibles e priorizar os colectivos que máis o necesitan. Porque o obxectivo final non é outro que ser capaces de manter a sostibilidade do actual sistema público de pensións, que é un moi bo sistema, un modelo de pensións que transcende a calquera goberno. Porque as pensións non as paga este goberno central nestes momentos, nin ningún outro, é un asunto de Estado.

E, para facelo sostible, consideramos esenciais dous aspectos: xerar máis e mellor emprego, con salarios máis altos, mediante a consolidación da recuperación económica, e propiciar acordos no marco do Pacto de Toledo, como vén sendo habitual desde 1995.

No primeiro caso, en Galicia estamos poñendo, como Goberno galego, todo o noso esforzo para que o emprego que se crea, sexa cada vez maior, de mellor calidade e con salarios máis altos. Permítame, señoría, que lle cite algúns datos. A calidade do emprego mellora en Galicia, os datos marcan unha clara recuperación no último ano. Así, contamos con máis contratados indefinidos e a tempo completo. Os contratos indefinidos medraron no último ano un 15,8 %; é dicir, tres de cada catro contratados en Galicia son indefinidos. Os contratos a tempo completo subiron un 13,7 %. En Galicia, 9 de cada 10 ocupados son a tempo completo.

E tamén están tendo un bo comportamento os salarios. De feito, segundo o último dato coñecido polo INE respecto do último trimestre do ano pasado, Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis subiron os salarios, tanto por mes como por hora efectiva traballada. Estamos a falar de aproximadamente un 4 %, cando a media nacional está no 1 %.

Insisto, máis e mellor emprego e con mellores salarios repercutirá de maneira directa en máis e mellores pensións para os nosos maiores.

En segundo lugar, é necesario tamén —como xa lle avancei— propiciar acordos no marco do Pacto de Toledo. E reiterando que é pequena a revalorización, tamén quixera poñer en valor que o actual Goberno de España blindou por lei as pensións para que subisen todos os anos. Entendemos e comprendemos as queixas dos pensionistas, pero non nos parece tan comprensible que haxa dirixentes políticos irresponsables que trasladen a sensación de que existen solucións doadas a un problema tan complexo. Non esquezamos que o anterior goberno socialista conxelou as pensións —hai que ter memoria, ser responsables—. E ser responsables é tomar decisións e facer reformas para asegurar a viabilidade e sostibilidade do sistema público de pensións. Foi tamén o anterior goberno socialista o que no ano 2011 introduciu no noso sistema a figura do factor de sostibilidade, co obxectivo de manter a proporcionalidade entre as contribucións ao sistema e as prestacións agardadas do mesmo, e garantir a sostibilidade entendida como pacto de solidariedade interxeracional. Fíxoo, como tamén coñecen, a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre a actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social. E fixou basicamente tres aspectos: ampliar a idade de xubilación aos 67 anos, ampliar o período de anos para o cálculo da pensión e introducir o factor de sostibilidade.

Pola súa banda, o actual Goberno de España, ademais de non cuestionar esta reforma, continuou tomando decisións cun obxectivo: manter a proporcionalidade entre as contribucións ao sistema e as prestacións esperadas, garantíndolles ás xeracións presentes e futuras as pensións axeitadas e suficientes, como así nos reclama o mandato constitucional contido no artigo 50 da Constitución.

Tamén a Comisión Europea fixo recomendacións, que afectan non só a España senón practicamente a todos os sistemas de pensións que existen na Unión Europea, para ter un factor de sostibilidade que relacione a contía da pensión coa evolución da esperanza de vida. Outra recomendación do Informe de avaliación da reforma do Pacto de Toledo, aprobado polo Congreso dos Deputados o 25 de xaneiro de 2011, indica a conveniencia de estudar, para a súa posterior análise e valoración pola comisión do dito Pacto de Toledo, a posibilidade de utilizar outros índices de revalorización. Entre eles, cítase o crecemento dos salarios, a evolución da economía ou o cómputo de cotizacións á Seguridade Social, sendo aconsellable que se teñan en conta os efectos que os ditos índices tiveron sobre a sostibilidade do sistema de pensións nun nivel comparado; é dicir, nos países da nosa contorna.

Señoría, está claro que o sistema de pensións e a súa viabilidade futura é unha das grandes prioridades para o Goberno de España e unha das grandes preocupacións para os cidadáns. Por iso temos que deixar de lado a demagogia, os partidismos, e buscar o consenso no marco da Comisión do Pacto de Toledo. O sistema público de pensións sobreviviu a cambios de goberno, a importantes crises económicas, e seguro que tamén sobrevivirá ao populismo e á demagogia. Entre todos temos que achegar solucións viables, equitativas, solidarias e —insisto— sen demagogia. A nosa posición xa é ben coñecida —rexeitárona a semana pasada en comisión parlamentaria—: consensuar no Pacto de Toledo as medidas para garantir a viabilidade do sistema e priorizar subir máis as pensións mínimas e as de viuvez, arredor do IPC, como sinalou hoxe á mañá o presidente da Xunta. Porque, por moito que algúns interesadamente o digan, non existen solucións doadas e inmediatas ao problema das pensións.

E para que todos sexamos conscientes da magnitude do que estamos a falar, soamente citarei tres datos. No 2009, en Galicia o número de pensionistas aumentaba en 7.000 e o número de cotizantes baixaba en 50.000. No último ano, en Galicia aumentou o número de pensionistas en 4.000 e as afiliacións aumentaron en 25.000. Ademais, a pensión media en Galicia aumentou un 28 %, dous puntos máis que en España. E neste momento o presidente do Goberno de España propón que nos orzamentos para este ano —que se presentarán a vindeira semana— se aumenten as deducións por IRPF e tamén as pensións mínimas e de viuvez. A súa votación dos orzamentos será unha excelente oportunidade para ver se os partidos políticos que din que queren subir estas pensións permiten que haxa orzamento para que esa suba se poida materializar.

Desde o Goberno galego apoiamos estas medidas, e gustaríanos que outros grupos da Cámara deixasen tamén a demagogia noutro lugar.

E, para finalizar, gustaríame lembrar que no que si temos competencias como Goberno galego, nas pensións non contributivas, estamos facendo un esforzo moi importante. Mantemos o complemento extraordinario a favor das persoas beneficiarias deste tipo de pensións, que en Galicia supoñen 40.000 persoas, e estamos investindo 8,2 millóns de euros. Por certo, somos unha das tres únicas comunidades que en España teñen este complemento extraordinario.

Remato xa.

Desde o Goberno galego apoiaremos calquera medida que mellore o poder adquisitivo dos pensionistas, e que garanta a viabilidade do sistema. A maior maneira para facelo posible non é outra que crear emprego, para que aumente o número de cotizantes, ademais de acadar os consensos suficientes dentro da Comisión do Pacto de Toledo.

Galicia está a facer os deberes dentro das nosas competencias. No último ano, como lles dicía, sumamos 24.926 afiliacións máis á Seguridade Social, e puxemos en marcha políticas tanto para crear máis emprego como para mellorar a calidade do mesmo e, consecuentemente, os salarios.

Moitas grazas, presidente, creo que non me pasei demasiado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Grazas.

Falou de demagogia, pero vostede tamén dixo, máis ou menos textualmente, que ían seguir subindo as pensións. E a realidade efectiva é que en 2017 baixaron. E nós sostemos que —os datos están aí— máis que van baixar. Díxenlle antes, calculando que o IPC vai estar de media nun 2 % nos vindeiros vinte anos, que as pensións pois van perder un 40 % do seu poder adquisitivo. Pero, para que se entenda algo mellor, en termos nominais

é coma se hoxe a pensión media, en vez de ser de 788 euros, fose de 473. A de autónomos, en lugar de 561 euros —xa das máis baixas—, chegara a 337 euros. E non digamos xa as de viuvez. Esa é a realidade, en 2017 as pensións baixaron.

A pregunta segue vixente, porque vostede dixo, sen embargo, algo contradictorio. Porque dixo que estarían a favor de todas aquelas medidas que aumentaran o poder adquisitivo das persoas pensionistas. Polo tanto, ¿non está vostede a favor de volver recuperar a revalorización das pensións conforme o IPC anualmente? Entendemos que é unha pregunta moi directa, e parécenos contradictorio co que acaba de dicir. A nós parécenos que, apoiando estas medidas do Partido Popular, todas as que desgranou, como o aumento da idade de xubilación, todas tendentes a recortar dereitos á clase traballadora, se contribúe a seguir condenando á miseria ás pensionistas galegas. Por iso nós formulabamos esta interpelación. Teñen unha oportunidade de poñerse do lado da maioría social das persoas máis desfavorecidas, das máis maiores, opoñéndose claramente á non revalorización conforme o IPC das pensións, que é algo que está na Constitución.

Porque, claro, se despois tamén baixamos ao nivel territorial, ¿que lles van explicar ás pensionistas de Ourense, que cobran menos de 700 euros de media, ou ás de Lugo, que están sobre os 700 euros? ¿Vanlles dicir que van seguir subindo as pensións, cando non se actualizan conforme o IPC?

En canto ás pensións mínimas, claro que as hai que elevar. E para o noso país é fundamental, é fundamental, porque o 31 % da poboación pensionista galega cobra este tipo de pensións, e o 38 % no caso das mulleres. Pero é que, claro, hai que elevalas a un mínimo digno. Nós propoñemos arredor duns 1.000 euros. Porque esa é a medida na que hai que elevar todos os tipos de ingresos, como lle dicía antes. Estamos a falar de preceptos do propio Parlamento Europeo, de que ninguén teña menos do 60 % do salario medio de renda dispoñible. Esta medida, por certo, tamén contribuiría a algo tan fundamental na nosa economía como é recuperar a demanda interna.

En fin, a pregunta segue vixente. Parécenos contradictoria co que dixo. Dixo, acaba de soste, que estaría a favor de calquera medida que contribuíra a aumentar o poder adquisitivo das persoas pensionistas galegas. Entón ¿por que non está a favor o Goberno galego de volver á revalorización das pensións anualmente conforme o IPC?

E falando de emprego, hai que falar tamén do tipo de emprego que se crea. Ese sería outro debate. Pero deamos dous datos. Vostede dixo que nunca dabamos solucións, que faciamos demagogia e que as solucións non eran fáciles. Pero é que hai recursos, non son desexos, non só son desexos. Falou de desexos e de realidades. Realidades: rematar cos beneficios fiscais dos plans de pensións privadas xa nos daría máis ou menos eses 2.000 millóns de euros que serían precisos para revalorizar todas as pensións. Ou, por exemplo, eliminar o tope máximo de cotización, ou actualízalo en lugar de conxelalo, tamén daría recursos extra. Temos recursos, non son só desexos, son realidades. Pero é unha cuestión política, trátase das prioridades políticas que temos. A nosa é realmente permitir que as pensionistas galegas teñan un efectivo maior poder adquisitivo. Vostede ten tamén a oportunidade de explicar aquí esa contradición.

¿Está a favor de que se volvan actualizar as pensións conforme o IPC anualmente? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Peche desta interpelación polo señor conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Agradezo moito o ton co que foi exposta a súa intervención, pero, en esencia, permítanme, con todo o respecto, que lle diga que creo que está botando man dun certo manual de demagogia.

Aquí tomara unhas notas, e vou tratar de explicarme un pouco mellor.

Empezaba a súa primeira intervención —non o fixo así nesta primeira intervención, outras veces teño oído nesta Cámara o concepto primeiro, que é o de demonización, normalmente referido ao PP, e outros grupos da Cámara, incluso hoxe á mañá, teñen utilizado ese recurso moi global— cunha táctica de despiste importante, botando man de determinadas cifras nun tema tan complexo como o que nos trae. Resulta que sempre botan man de determinadas cifras. Sen embargo, o que lles propón esta Administración, en vez de estar triturando unha parte das cifras, só unha nas que se senten máis cómodos, sen cuestionar, en principio, a introdución de determinadas cuestións pola súa señoría, eu creo que é unha forma moito máis sinxela. Xa a temos dado desde o ano 1995, e tivo unha evolución moi clara: Pacto de Toledo, comisión permanente. Houbo informes de todo tipo, houbo informes no ano 2011 —os penúltimos—. Os últimos son do ano 2013. ¿Por que non falar de todo isto no Pacto de Toledo, que para iso existe a comisión? É aí onde o podemos poñer.

Os últimos cambios introducidos, que nacen no ano 2011 e se materializan, unha parte deles, no ano 2013, o que nos veñen dicir —polo que respecta á súa gran pregunta da segunda intervención, que é sobre o factor de actualización— é que o factor de actualización, a nivel comparado, non é algo tan simple como ligalo ao índice de prezos ao consumo. No índice de prezos ao consumo, cando vostedes lle poñen números, resulta que é moi fácil traballar coa hipótese do 2,1 %, porque foi a última nos últimos vinte e cinco, trinta, ou trinta e cinco anos. Sen embargo, na actualidade o Banco de España —paréceme recordar que aínda no día de onte— o que nos está dicindo é que o índice de prezos ao consumo oscilará entre o 1,2 % para este 2018, e o 1,4 % ou 1,7 %, sendo esa unha cantidade que non invalida o seu razoamento total e absolutamente. Pero non é ese 2 % que estamos aquí maniqueamente traballando. Sirva isto de exemplo do que lle digo de que están triturando as estatísticas dunha maneira interesada. E a forma de facelo é poñer todo isto en común e, se se é capaz, chegar a acordos dentro do Pacto de Toledo.

Pero no que se refire ao factor de actualización si que lle quero comentar outra cuestión tamén para min moi importante: que hai que discutir destes temas, hai que discutir porque o factor de actuación non é só o IPC. Hai que falar do crecemento nos salarios. E como lle dicía anteriormente, cando nos referimos a Galicia, vemos que o comportamento que tivo Galicia no ano 2017 en conxunto é que foi a quinta comunidade de España no último tri-

mestre do ano, e segunda comunidade tanto en termos mensuais como en termos por hora traballada. E cando miramos o comportamento dos nosos novos, resulta que estamos en dous coma setenta e tantos por cento de incremento, cando moitas veces neste Parlamento se ten escoitado aquí o de precarización, precarización, precarización...

Non son verdade determinadas cuestións. Hai que falar coa suficiente sesera para darnos conta do moito que se está facendo. Volvo repetir —primeira cuestión introducida na miña primeira intervención—: o modelo funcionará se creamos emprego, máis emprego, mellor emprego e con salarios máis altos. Así se está producindo. E para mostra un botón —cando moitas veces se critica o actual sistema—: o ano 2017 é o primeiro ano, desde 2008, no que o crecemento das cotizacións á Seguridade Social manteñen un ritmo do 5 % mentres que foi o 3 % a suba do gasto derivado das pensións. Iso aínda non tapa o déficit que temos nestes momentos, pero xa é indicativo de que as cousas se están facendo ben.

E o que debemos é mirar o conxunto de todas as prestacións que nos damos no Estado do benestar en España e, por suposto, en Galicia. Hai que miralo no conxunto. Non só hai cotizacións, senón que novos empregados significan novos proxectos de vida, e poden tomar as súas decisións e incrementar outro tipo de ingresos, que tamén están contemplados nos últimos informes cando se fala do factor de actualización.

Polo tanto, poñamos todo en común, non teñamos medo a discutir sobre esta materia, pero dunha maneira suficiente, porque moito nolo agradecerán os pensionistas actuais e os que esperamos selo nun futuro. Polo tanto, eu creo que é máis o positivo que temos nesta cuestión. Creemos máis e mellor emprego —os datos están dicindo que por aí van os tiros—, miremos isto no conxunto, cumpramos con todas as regras que teñamos que cumprir e traslademos á nosa cidadanía o importante esforzo que está facendo este Goberno a nivel nacional. Aquí en Galicia tradúcese en que as medidas das que estamos a falar nestes momentos, tan importantes dentro dos orzamentos do Estado para o 2018, afectan practicamente o 70 % dos nosos pensionistas, e estamos falando de entornos do IPC. Polo tanto, sen rexeitar a maior, non xoguemos soamente coas miras cortas e traslademos unha imaxe do moi difícil que puidemos manter na etapa de crise, e seguro, seguro, que tamén superaremos a demagogia.

Sen máis, e con esta mensaxe positiva para todos os nosos pensionistas, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comunícase unha alteración na orde do día respecto da pregunta que figura en décimo lugar no punto de preguntas ao Goberno. Foi solicitado o seu aprazamento polo propio Goberno.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

Suspéndese a sesión ás tres e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e media.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión co punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno, e comezamos coa seguinte.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a posición que vai adoptar a Xunta de Galicia en relación coas reivindicacións laborais do persoal da Administración de xustiza, despois da ruptura das negociacións co comité de folga e tendo en conta o acordo parlamentario ao respecto

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente do Goberno, os traballadores e as traballadoras da Xustiza van camiño de dous meses de folga, dous meses de sufrimento, en primeiro lugar, dos propios traballadores e traballadoras, que levan eses dous meses sen cobrar; en segundo lugar, dous meses de sufrimento para as súas familias, onde non están entrando os salarios propios do traballo como consecuencia da folga que están a realizar; e, en terceiro lugar, dous meses de sufrimento para o conxunto da poboación, que ve mermado un servizo público de carácter esencial como é o servizo da propia Administración de xustiza. E todo isto por unha razón: pola falta da asistencia por parte da Xunta de Galicia ás xustas reivindicacións dos traballadores e das traballadoras.

Aínda así, durante estes dous meses o comportamento dos traballadores e traballadoras foi exemplar, ata o punto de que organizaron campañas de doazón de sangue, ata o punto de que fixeron almorzos solidarios para doazóns a colectivos con necesidades especiais ou especialmente vulnerables; en definitiva, unha mostra, unha vez máis, dun comportamento exemplar en defensa do público, en defensa do ben común e do servizo público.

Chama especialmente a atención o inxusto desta situación de folga cando non se tería que ter producido nunca, e non se tería que ter producido, e desde logo aquí lamentamos ter que vir hoxe con este tema cando xa debía de estar solucionado desde había moito tempo; sinceramente así o consideramos. E dicimos isto porque as reivindicacións que eles teñen enriba da mesa, que vostedes pouco a pouco van aceptando, que van aceptando, foron as que unanimemente acordou esta Cámara na súa sesión do 4 de decembro de 2017. Había catro reivindicacións fundamentais ás que vostedes en principio, e despois do acordo desta Cámara, se negaron en banda. A primeira delas, en relación cunhas condicións salariais dignas que os colocase polo menos na media do *ranking* das comunidades autónomas en materia de Administración de xustiza, na media polo menos. Vostedes inicialmente incluso, para non acceder á súas reivindicacións, chegaron a inventar comunidades autónomas con esta finalidade, poñendo Ceuta e Melilla nese *ranking* cando non debían de estar aí.

En segundo lugar, acabando coa discriminación da incapacidade temporal, unha discriminación que se sofre na oficina xudicial con toda crueza cando se ve que pola mesma gripe, mentres no conxunto da oficina xudicial se espolia a metade do salario aos traballadores, os

xuíces, as xuízas, os fiscais, os letrados da Administración de xustiza non sofren detración de salario. ¿Que pasa? ¿Que os traballadores de Xustiza deixan de comer cando están malos, deixan de pagar hipoteca? Non, señor vicepresidente. E por iso as reivindicacións foron xustas e foron aceptadas por unanimidade desta Cámara, tamén por vostedes —quérolle lembrar—.

Tamén o plan de amortización para poder mellorar o servizo público de Xustiza. É necesaria a dotación de medios persoais e materiais, e os medios persoais foron os que se puxeron enriba da mesa e están tardando aínda agora en ser atendidos.

E, finalmente, no plan de substitucións, é absolutamente discriminatorio que o substituínte cobre menos que o substituído, e iso está tamén recoñecido.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares, terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moi ben. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, a súa pregunta está rexistrada hai dous meses, o malo é que vostede quedou no que se falaba hai dous meses e parece que non avanzou nada, igual que se avanzou na negociación.

Mire, o outro día na comparecencia que fixen a petición propia para falar da folga da Xustiza interpeloume a súa compañeira, que era de Podemos, paréceme, hoxe interpélame vostede, que é de En Marea; imos cambiando. Vostedes na folga vanme preguntando cada un, hoxe tócalles aos de En Marea. Igual, dígolle o mesmo que lles dicía aos de Podemos.

Mire, é que aquí se avanzou moito, é que non é nin moito menos o que vostedes están dicindo. A súa compañeira... (*Murmurios.*) —non, non o queren tan mal, como vostede cre— dicía que era vostede unha das maiores eminencias en materia de Xustiza que hai en Galicia; eu non o dubido, en principio. Pero, polo tanto, se fora unha das maiores eminencias, debería saber que nun asunto tan importante como a folga da Xustiza, na que, por certo, os primeiros sufridores son os cidadáns, jeh!, con todo o respecto para os funcionarios —eles decidiron estar en folga—, os primeiros sufridores son os cidadáns, aos cales se lles están negando moitísimos servizos esenciais (*Aplausos.*) da Administración de xustiza. Inverta vostede a orde, señor Villares, e ao mellor empeza a entender de que vai este conflito. Os primeiros que están sufrindo son os cidadáns, aos que se lles está negando, en opinión da Xunta de Galicia —xa o dixeran—, moitos trámites esenciais que incluso deberían estar incluídos nos servizos mínimos, pero, en todo caso, e con todo respecto aos funcionarios que exercen o seu dereito á folga, igual que a Xunta de Galicia exerce o seu dereito a defender os orzamentos públicos e a detraer os correspondentes emolumentos aos funcionarios e funcionarias que deciden estar en folga.

Mire, vostede refírese a un acordo parlamentario. Por iso lle dicía que ten un atraso de dous meses. O acordo parlamentario exactamente o que dicía era situar as retribucións dos traballadores da Administración de xustiza en Galicia coa media; dicía: situalos coa media, non por encima —por encima é como están agora—, coa media do resto das comunidades autónomas, especialmente no complemento autonómico transitorio.

Señor Villares, vostede —supoño que para encher incluso o tempo desta pregunta— faloume doutros puntos do acordo que están concordados dende o principio practicamente, e vostede sábeo perfectamente. Isto non vai doutra cousa que dunha reclamación económica, señor Villares; sábeo de sobra, así o teñen recoñecido; ben é certo que marcha adiante e marcha atrás, pero ao final téñeno recoñecido os propios negociadores, en nome dos traballadores, os sindicatos. Isto vai dun desacordo económico, duns funcionarios que, lexitimamente —outra cousa é a cantidade que están pedindo—, queren cobrar máis, e unha Xunta de Galicia que ten por detrás o respaldo dos orzamentos que pagan todos os galegos e todas as galegas, moitos deles con impostos, cobrando bastante menos que estes funcionarios que están reclamando.

Polo tanto, primeiro, entérese de que vai a reclamación; segundo, entérese de como está o conflito; e, terceiro, se ve este cadro, (*O señor Rueda Valenzuela mostra un gráfico*) verá que o que pedía o Parlamento, o que votou este grupo, todos estes deputados, eu tamén, está acordado. Polo tanto, é unha pregunta de hai dous meses, vén con atraso. Entérese ben de como vai a cousa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Rueda, debería vostede de facer o que din os sindicatos: sentarse na mesa, porque así escoitaría directamente cales son os puntos en conflito. Como non está sentado, debe ser polo que non sabe cales son os puntos de desacordo neste momento.

Hai tres neste momento. En primeiro lugar, un relativo ás amortizacións. É necesario que ningunha das prazas que están sendo ocupadas neste momento, e non soamente as das audiencias provinciais, sexan mantidas, porque son necesarios eses recursos humanos. Polo tanto, hai un punto de desencontro aí.

En segundo lugar, con relación ás IT, é necesario que a recuperación de toda a indemnidade económica como consecuencia das IT teña en conta tamén as negociacións que se están producindo no conxunto das administracións de xustiza a nivel do Estado. ¿E isto por que? Para evitar que, despois, un acordo posterior os deixe novamente en situación de inferioridade con relación ao resto dos traballadores e das traballadoras.

E, en terceiro lugar, o de carácter salarial. Efectivamente, os traballadores están dicindo estar un posto por riba da media do conxunto do Estado, non un posto por baixo, non un

euro por riba, un posto por riba, que é acadar efectivamente a media do conxunto dos traballadores e traballadoras do Estado.

E todo isto é necesario para que se cumpra con ese mandato parlamentario.

¿Que é unha cuestión salarial este terceiro punto? Si, é unha cuestión de dignidade salarial. En primeiro lugar, para evitar as discriminacións que se producen con relación aos traballadores doutras comunidades autónomas. E isto é algo que non lle debera a vostede de asombrar, por unha razón: porque vostedes, o Partido Popular está agora promovendo unha campaña para que nas forzas e corpos de seguridade do Estado se equiparen os seus salarios aos de forzas e corpos de seguridade do Estado autonómicos, singularmente en Cataluña. Vostedes están promovendo iso, están fomentando ese tipo de acordo, e o venres nós mesmos levamos á Comisión 1ª un acordo onde terán a oportunidade de votar a favor, e sabemos que votarán a favor. A pregunta que nos facemos é: ¿por que para uns traballadores si e para outros non? ¿Por que esa táboa de equiparación na media do Estado, de equiparación entre corpos, vale para uns corpos e para outros non vale? ¿Quere vostede explicar esa diferenza?

E, en segundo lugar, o que tampouco non é xusto, o que non é de recibo é que se lle cuestione unha subida salarial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...ao conxunto dos traballadores de Xustiza, cando o propio Goberno, empezando polo seu presidente, se subiron o soldo o ano pasado un 7,5 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares, terminou o seu tempo.

O señor VILLARES NAVEIRA: En tanto en canto non se recupere un 7,5 % para o conxunto de traballadores...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo. Grazas.

Señor Villares, terminou o seu tempo. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Grazas. Xa está, señor Villares, terminou... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Villares, terminou o seu tempo. Non o están escoitando. Señor Villares, non o están escoitando porque non ten o micrófono activo, non está activo o micrófono. *(Murmurios.)*

¡Home, claro!, quiteillo eu desde aquí porque acabou o seu tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)* Non se gravou nada, pero xa saben como é a mecánica; eu nisto procuro ser...

Turno de peche, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señor Villares, o último argumento, o da subida de soldo, xa o deixou vostede para o final, cando sabía que se lle estaba acabando o tempo, para que non se lle escoitara. É un argumento que é mentira absolutamente e non se atreven a dicilo nin a maioría dos sindicatos; vostede si, porque está coa parte dos sindicatos que non quere que haxa acordo; eu téño claro dende o principio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora, dígalles a eses sindicatos que polo menos lle conten o que hai.

Señor Villares, eu non estou sentado... *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Non por interromperme vai ter máis razón, señor Villares. Eu dígolle que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, por favor, vostede é un portavoz. Vostede é o portavoz do grupo, jeh! Debería tamén de saber como vai este asunto, ¿non?, que non se pode interromper, e vostede é o portavoz.

Continúe, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Eu poderíalle dicir que está secuestrando a miña actividade parlamentaria e que lle vou facer unha interpelación. *(Aplausos.)* Pero supoña, señor Villares, que iso, se se di no Parlamento e lle dá igual, moito máis neste hemiciclo; vostede non vai reaccionar, dígase aquí ou dígase noutro sitio.

Mire, eu non estou na mesa de negociación porque os sindicatos non quixeron, precisamente porque... É que vostede non entende de que vai isto.

Con todo o respecto aos traballadores e ás traballadoras, os peores afectados son os cidadáns, que non reciben eses servizos, e eu o que pedín é que se suspendera a folga para que recibiran eses servizos, nin tan sequera polos días que durase a negociación, porque son os verdadeiramente damnificados. Céntrese niso, señor Villares. Póñase na situación dos miles e miles de cidadáns que non están recibindo un servizo tan básico. Vostede debería de saber o básico que é o servizo da Administración de xustiza, se non se lle esqueceu aínda, e ao mellor entendía de que vai o problema.

Agora dime que non, que o económico é unha parte máis, que o importante son outros acordos que non están acadados. Menos mal que os sindicatos tampouco. Xa lle digo que non ten información. Se é que todos os sindicatos están dicindo que eses puntos están acordados. E, se non, fágolle unha pregunta: ¿por que se está votando agora mesmo se se pode baixar

os 190 euros ou non, se o económico é o de menos? (*Murmurios.*) Porque é unha pregunta duns sindicatos que agora nos enteramos que non lles consultaban aos traballadores, é a primeira vez que lles van preguntar, se as posturas absolutamente maximalistas que están tendo na mesa de negociación son válidas ou non son válidas, señor Villares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Por que resulta que isto non é o económico e o referendo que se está facendo hoxe, a consulta, é simplemente de contido económico? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Villares, a oferta é dun 14 %, a oferta da Xunta de Galicia cumpre exactamente, que é tanto como dicir a oferta de todos os galegos e galegas, que pagan cos seus impostos, moitos deles xente que gaña menos que eses funcionarios e, por suposto, moito menos que vostede e ca min, pero menos que vostede, que vostede gaña máis ca min, tamén falando de subida de soldos. Teña claro iso para empezar a transmitirilles a todos estes funcionarios que ao mellor os sindicatos na súa guerra sindical non lle están contando a verdade, que teñen enriba da mesa unha oferta de entre 3.500 e máis de 4.000 euros ao ano por funcionario, que teñen encima unha oferta que cumpre exactamente o que se acordou neste Parlamento e que teñen uns deputados que queren que se acabe a folga de Xustiza para que os cidadáns sobre todo reciban un servizo fundamental, e teñen outros deputados, coma vostede, que fan preguntas por compromiso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e que non teñen información, e que que se acabe a folga parece ser que lles interesa menos que a algún sindicato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rueda.

Pregunta de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da implantación de medidas eficaces para contrarrestar todas as desigualdades denunciadas polas mulleres galegas nas manifestacións do 8 de marzo de 2018

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, esta mañá o señor Feijóo lembrábanos que previamente ao 8 de marzo o Goberno se comprometía a escoitar con respecto e atención o que manifestaran as mulleres na rúa, algo que vostede non está a facer agora mesmo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Quen lle vai responder é o Goberno.

A señora PIERRES LÓPEZ: OK. A min comunicáraseme que era o señor Rueda.

O señor PRESIDENTE: Non, o Goberno, o Goberno. (*Murmurios.*)

Silencio, silencio, por favor. Pero é que isto...

A señora PIERRES LÓPEZ: Teña en conta isto.

O señor PRESIDENTE: ...sempre foi así, eu non teño culpa de que iso fora así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, o Goberno. Pero, por favor, é que isto sempre foi así. Resposta o Goberno. Hai máis membros do Goberno na sala, ¡eh!

A señora PIERRES LÓPEZ: OK.

O señor PRESIDENTE: ¡Home, por favor! Ata aí chegamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio. Terminou isto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa está, terminou. Silencio.

Siga. Silencio. Prosiga, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: escoitar con respecto e atención —diciá—.

Logo relatounos algunhas das medidas e plans en materia de igualdade que se puxeron en marcha co seu Goberno. E a sensación que nos queda ao Grupo Socialista é que parecera que esas medidas o deixan tranquilo e cheo de méritos, por iso de ser, segundo dixó, pioneiro nalgunhas delas.

Os socialistas traballamos sempre pola igualdade, poñendo en marcha a Lei de dependencia, a Lei de igualdade e a Lei galega de traballo pola igualdade, esa que aprobou o presidente Touriño e que vostedes obviaron e ningunearon durante anos, (*Aplausos.*) pretendendo agora lavar a conciencia co anuncio dunha lei de conciliación.

Pero a igualdade non é para alardear de méritos. Por iso lles pedimos que deixen de sacar peito por poñer en marcha medidas do papel. Porque rememorar o feito no pasado e concluír que foi un éxito non é escoitar con atención e respecto, senón que constata que non teñen entendido nada da mensaxe das mulleres galegas. E cóntolle que hoxe nos acompaña na tribuna unha representante das mulleres con discapacidade de Galicia, da Asociación Acadar, ademais de Daniel, un rapaz que traballa dende Bueu para visibilizar dende a cultura, en moitas das súas accións, as mulleres. Todas elas, e mais outras que se unirán nun momento, son persoas implicadas coa igualdade. E quede tamén vostede con esta palabra, coa de implicación. A implicación dáse cando un cre en algo e vostedes, antes do 8 de marzo, non crían no importante e necesario deste movemento feminista. E só, só a masiva presenza das mulleres nas rúas pode movelos á única motivación que a vostedes lles interesa da igualdade, que é o voto.

Pero, como os vemos, francamente, faltos de escoita activa, vou tratar de explicarlles que supón a implicación que lles pedimos. Voulle ensinar unha serie de gráficos que fan refe-

rencia aos últimos cinco anos. *(A señora Pierres López mostra uns gráficos)* O primeiro fai referencia aos salarios medios de homes e mulleres en Galicia, sempre en paralelo, e sempre as mulleres por embaixo dos home; é a liña verde. Seguimos: as pensións medias; as mulleres, sempre por debaixo e sempre en paralelo. Terceiro gráfico: o traballo a tempo parcial; fíxese: é o único no que as mulleres estamos por enriba, triste privilexio. E, para rematar, este é o gráfico que debería darse coa igualdade en Galicia, un en que homes e mulleres camiñemos en igualdade, nunha gráfica cunha soa liña, en sentido ascendente.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Porque queremos ir con, non contra, nin por embaixo nin por enriba. Implíquense e provoquen este punto de inflexión xa, non dentro de cen anos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: E díganos, especifíquenos, que medidas eficaces van poñer en práctica para evitar seguir mantendo esa distancia que alimenta a desigualdade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres, terminou o seu tempo.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...e que consiga que a gráfica sexa esta liña única e ascendente.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, eu escoiteina con todo o respecto e con toda a atención e espero que vostede faga o mesmo, sobre todo tanto con respecto como con atención, porque isto loxicamente é un debate, non é un monólogo, porque moitas veces, cando se producen este tipo de debates, o Goberno traslada as respostas concretas, pero moitas veces non se quere entrar no debate.

Porque mire, a Xunta de Galicia leva traballando pola igualdade de xénero desde o emprego das mulleres dende hai vinte e cinco anos, vinte e cinco anos, non nin catro nin cinco, nin dez, non, vinte e cinco anos. E —como vostede debería de saber— o I Plan de acción aprobouse no ano 1992, o Plan de acción 1992-1994. Sabe tamén que a primeira Lei de igualdade data do ano 2004. Polo tanto, coa lei a que vostede se refire parece que a igualdade comeza co Bipartito; xa lle demostrei que non é así, pois a lei do ano 2007 é unha norma que, efectivamente, veu reforzar ese compromiso coa igualdade por parte da Xunta de Galicia.

Polo tanto, señoría, claro que este goberno tomou nota do acontecido o 8 de marzo, claro que este goberno está a escoitar todas as sensibilidades con respecto á igualdade e claro que

este goberno ten tomado medidas e vai seguir tomando medidas en prol da igualdade. A primeira delas é ese I Plan galego de conciliación e corresponsabilidade, un novo plan que vén sumar todo o esforzo que se está a desenvolver en termos de igualdade e tamén continuar co desenvolvemento do programa Emprega en feminino.

Pero, señora Pierres, eu creo que, sinceramente, negar, como está facendo vostede, que temos avanzado todos xuntos na equiparación das mulleres, incluído o eido laboral, é sinxelamente unha falta de memoria que creo que a sociedade galega non se merece.

En calquera caso, eu voulle aportar datos, porque, se nos remitimos aos datos do emprego, temos creado 10.000 empregos no último ano, o peso da afiliación feminina é o maior de todas as comunidades autónomas. En definitiva, estamos tomando medidas que están permitindo que, ademais, en Galicia a desviación salarial entre as mulleres e os homes sexa menor que a media de España. E son todas esas medidas as que nos están permitindo avanzar xuntos: o Goberno, este grupo parlamentario e loxicamente tamén o resto de grupos parlamentarios.

Polo tanto, a igualdade, señoría, non é un patrimonio do Partido Socialista de Galicia, a igualdade é un patrimonio de todos, e todos estamos traballando neste sentido.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. (*Murmurios.*) Silencio, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Señor Conde, con todos os respectos...,

O señor PRESIDENTE: Espere, espere, espere. Perdoe, que aínda non puxen o tempo. Grazas.

Réplica da señora Pierres. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: Señor Conde, con todos os respectos, penso que non entende o concepto de paralelismo. É cando non se produce ningunha tanxencia, ningún punto de encontro, ningún punto de inflexión. Estes gráficos son moi reveladores. (*A señora Pierres López mostra uns gráficos*) Se non os ve, loxicamente nunca os vai entender. (*Aplausos.*)

O Foro Económico Mundial do 2017 ten vaticinado que ao ritmo actual farán falla cen anos, cen anos, para acadar a igualdade. Esa data tan contundente é a que en parte ten mobilizado a todas as galegas o pasado 8 de marzo. As mulleres xa non temos paciencia, xa non queremos contos, nin promesas, nin plans, nin medidas que queden no papel. Non nos conte que a estratexia vai ser seguir apostando polas políticas actuais, porque iso é claramente apostar a cabalo perdedor.

¿De verdade vostede cre que, cando unha estratexia se demostra, cos anos, ineficaz para reducir a distancia da desigualdade e incapaz de que as liñas das gráficas se atopen nalgún punto, debe seguir vostede apostando por ela? ¿Non considera que o que lle transmitiron as

mulleres galegas é que ten que reconsiderar o rumbo, porque nada se está a mover na boa dirección? ¿Non se dá conta de que isto é como camiñar contra o vento, con avances e retrocesos, pero que nos alonxan da meta que perseguimos?

Eu comprendo que é difícil de entender cando un non está nin implicado nin motivado co que fai, e é normal que se desmotiven e que perdan o interese no que fan cando o grupo no que militan ten cualificado —en boca do señor Tellado— o movemento 8-M como o máis machista que se podía facer, (*Aplausos.*) que pretendía ser unha guerra de sexos e que era —ríase, señor Tellado— desviar o tiro da loita pola igualdade entre sexos. E no de desviar, señor Tellado, voulle dar a razón, porque o que se pretende é que esa gráfica se desvíe, precisamente, esa tendencia ao paralelismo, que se produzan dunha vez por todas as tanxencias.

Poñan en marcha medidas eficaces; palabra «eficacia». Demóstrannos con datos que as tendencias e distancias se reverten. E, entón, si, entón si que amosarán o necesario respecto, a atención, motivación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...e implicación, que é o que resumidamente lle teñen demandado as mulleres o pasado 8 de marzo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que que veña aquí o Partido Socialista de Galicia dar leccións de igualdade é cando menos sorprendente. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E dígolle isto con todo o respecto, porque... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

Silencio, silencio. Se non...

Por favor, non interrompan o que está no uso da palabra. (*Murmurios.*) (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, non, estou aquí para controlar, señor Losada, ata onde podo, de momento. Grazas. ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): E dígolle isto porque, loxicamente, o Goberno está a tomar medidas, está a tomar medidas que vostede

obvia na súa intervención, con datos moi concretos. Por darlle simplemente un dato: o pasado ano esta consellería, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, dedicou 71 millóns de euros para facilitar a integración laboral das mulleres, e isto supón máis da metade de todo o orzamento dos programas de orientación e programación de emprego.

Son medidas concretas que vostede quere minimizar, e o que eu lle preguntaría é: ¿cal é a fórmula máxica que ten o Partido Socialista de Galicia? Porque seguramente vostede podería traer aquí as medidas que están tomando nesas comunidades autónomas nas que vostedes gobernan, e resulta que en todas, en todas as comunidades autónomas en que o Partido Socialista goberna, en todas, hai peores datos de igualdade que en Galicia, que é curioso, señoría, que é curioso. (*Murmurios.*)

Pode ver como a fenda salarial de Asturias, Aragón, Valencia e Andalucía é maior que a que hai en Galicia. Pode vostede comprobar que Extremadura, Andalucía e Castela-A Mancha rexistran taxas de paro feminino máis altas de España. Que máis do 40 % das mulleres inactivas en Castela-A Mancha, Baleares e Extremadura son precisamente estas comunidades autónomas onde se reflicten, precisamente por desenvolver labores do fogar. E, ademais, en todas esas comunidades, señoría, gobernadas polo Partido Socialista, a porcentaxe de mulleres que se dedican a ocupacións elementais é superior que en Galicia, señoría. Vir aquí dar leccións —insisto— de igualdade o Partido Socialista de Galicia é cando menos sorprendente.

Nós, señoría, imos seguir apostando pola igualdade, imos seguir apostando polas mulleres, imos seguir apostando por medidas que permitan unha destinación positiva cun incremento do 25 % nas axudas de emprego, imos seguir coas axudas a conciliación por maternidade ou paternidade, imos seguir tamén cos programas integrados de emprego dirixidos especificamente para as mulleres, imos desenvolver unha nova edición do programa Executivas, imos aumentar tamén o 60 % das axudas para promover a igualdade e a conciliación e a responsabilidade social e empresarial e imos seguir traballando, colaborando co Consello Galego de Relacións Laborais, para abordar, precisamente, medidas a prol da igualdade retributiva.

En definitiva, señoría, nós imos seguir apostando pola igualdade e esperamos, loxicamente, que o Partido Socialista de Galicia tamén se sume a esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(*O señor Tellado Filgueira pide a palabra.*)

Si, señor Tellado, ¿para que quere a palabra?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Con base no artigo 76, por alusións e inexactitudes, para clarificarlle á señora Pierres o que eu dixen, que non foi o que ela dixo que eu dixen.

O señor PRESIDENTE: Foi aludido. Ten un turno.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moi ben. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!, ¡por favor!

O señor TELLADO FILGUEIRA: A verdade é que non tiña interese ningún en intervir neste tema, porque creo que xa lle respostou convenientemente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!, ¡silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...o señor conselleiro. O que si, non me gustaría que se interpreten as miñas palabras. E, polo tanto, señora Pierres, ante unha folga, eu non cualifiquei ningún colectivo de nada. Eu o que dixen é que unha convocatoria a unha folga, que é un dereito fundamental, á que só se convoca o 50 % da poboación é unha convocatoria machista. Díxeno daquela e repítoo agora, por se a vostede lle queda algunha dúbida. E que, polo tanto..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...a loita pola igualdade é unha loita conxunta entre homes e mulleres na nosa sociedade. *(Aplausos.)*

Se vostedes cren que só as mulleres poden conseguir a igualdade na nosa sociedade, están moi equivocadas. Isto non é unha loita de mulleres contra homes, senón que é unha loita de mulleres e homes contra machistas.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu creo que na súa intervención...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...se produciron, sen lugar a dúbidas, actitudes machistas. Eu o único que lle podo dicir... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señor Lago.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...é que dende o noso partido nos gustaría que, cando aprobamos a primeira Lei de igualdade de Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...apoiada e impulsada por un goberno do Partido Popular, fose apoiada polo seu partido. Lamentablemente, non foi así.

Moitas grazas. *(Aplausos.)(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor, por favor! ¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Todo deputado ha de coñecer o Regulamento, e ten un turno de tres minutos. Se non lemos o Regulamento, non o sabemos. As alusións teñen tres minutos e non ten réplica. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Empecemos por coñecer o Regulamento. Se non están de acordo co Regulamento, cámbienlo, pero póñanse todos de acordo. O Regulamento é claro.

Acabou o debate. Pechou, morreu o tema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdoe, vostede, para empezar, non está no uso da palabra. Polo tanto, o que ten que facer é silencio. ¡Silencio!

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a licitación do proxecto de dragaxe e rexeneración do fondo da ría de Pontevedra

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Ben, hai un dito en dereito que di: *in claris non fit interpretatio*. E, efectivamente, non é necesario interpretar as súas verbas, señor Tellado. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Señora conselleira, estas dúas fotografías (*A señora Vilán Lorenzo mostra unhas fotografías*) son do porto de Pontevedra, cheo de lama e de lodo; lama e máis lama no fondo da ría e cada vez máis lama, conselleira.

Temos que pasar a hai uns dez anos. Solicitábase por parte de Pontevedra a Portos de Galicia un proxecto para dragaxe e rexeneración do fondo da ría, uns cinco quilómetros, entre a ponte do Burgo e o dique dos Praceres. Pasou o tempo e en 2009 José Manuel Álvarez-Campana, que era presidente de Portos de Galicia, anunciaba non só a dragaxe senón que dicía que ían instalar unha estación marítima e unha liña de pasaxeiros pola ría de Pontevedra. Hoxe en día é imposible pasar case con piragua por esa zona, e moito menos barcos nunha liña de pasaxeiros.

A finais do ano 2016, o actual presidente de Portos de Galicia, o señor Durán, dicía que a finais deste ano estaría rematado e licitado o proxecto. Houbo alegacións, levamos case dez anos e non sabemos nada de nada deste proxecto, por iso vimos hoxe aquí preguntarlle.

Cremos que dende un punto de vista medioambiental, deportivo, turístico, dende un punto de vista marisqueiro e pesqueiro é imprescindible abrir a ría e é imprescindible esta dragaxe e esta rexeneración do fondo da ría de Pontevedra porque, se non, a ría vaise cegar, e o resultado está nas fotos, é evidente, e vostede tamén o sabe ben, conselleira.

Sabemos que este proxecto é un proxecto pantasma. Non sabemos que lle falta para que vostedes o rematen, cantas alegacións se fixeron, que contestaron vostedes a esas alegacións, que orzamento vai haber para este proxecto, se vostedes continúan con esa idea de colocar unha estación marítima no antigo porto das Corbaceiras, que van facer vostedes cos residuos, cos sedimentos que saquen do fondo da ría e a onde os van levar, onde os van depositar.

Como non sabemos nada, e sabemos que en Pontevedra a preocupación é moi grande, non só por parte do propio Concello, que así o acordou, senón tamén polo club naval, polas confrarías, polo fondo da ría, por iso lle preguntamos, conselleira —a pregunta é moi sinxela—: ¿cando van licitar vostedes o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría de Pontevedra?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Vilán, como vostede ben sabe, a planificación e tramitación da dragaxe da bocana do Lérez e da ría de Pontevedra comezou a andar no ano 2011 con base na gran demanda social —como vostede facía referencia— tanto das confrarías como das entidades portuarias como tamén do propio Concello de Pontevedra. Nomeadamente, facían estas petición ao Club Naval de Pontevedra as confrarías de Pontevedra, Bueu, Campelo, Portonovo, Lourizán e Raxó, e dende ese momento tomouse a decisión de facer este dragado.

Tamén, como vostede dicía, o Concello de Pontevedra solicitou esta actuación en numerosas ocasións a través de mocións plenarias que foron aprobadas case de xeito unánime, co único rexeitamento dun único grupo.

Eu o que lle teño que dicir é que esta é unha actuación complicada, que require unha complexa tramitación administrativa, especialmente no que ten que ver co ámbito ambiental. Trátase dunhas actuacións de dragaxe das máis complexas do conxunto do sistema portuario autonómico, tanto técnica como economicamente.

O proxecto prevé actuacións sobre unha superficie de 141.000 metros cadrados, nun espazo de case catro quilómetros, que serán dragados a cotas de -2, -4 e -7 metros, o que suporá unha retirada de aproximadamente 221 metros cúbicos de material, e cun investimento, como vostede me preguntaba, de 2,5 millóns de euros.

Como vostede tamén saberá, este proceso viuse reorientado en abril de 2014 para acoller, co estudo do primeiro impacto ambiental, cambios normativos que se producen en canto a tratamento dos sedimentos e tamén atendendo a peticións do propio sector. Ambas as inci-

dencias implicaron novidades profundas na tramitación, que fixeron que se alongase de xeito considerable, e entre outras cousas houbo que contratar un novo estudo de impacto ambiental, o que nos levou a ampliar a tramitación en máis de dous anos.

Esa gran complexidade vese tamén acrecentada pola existencia de múltiples cuestións a salvagardar, xa que é prioritario dispor dunha nula afectación sobre os bancos marisqueiros da ría. É esa a cuestión que nestes momentos tratamos de asegurar, buscando o consenso do sector sobre a dragaxe e o depósito dos materiais.

Polo tanto, a disposición da Consellería é ter listo o proxecto canto antes e poder licitalo de inmediato. Dito doutra maneira: temos vontade de levar adiante este proxecto, pero isto está sempre supeditado, como non podía ser doutro xeito, ao estricto cumprimento da normativa medioambiental e a acadar tamén un consenso con todos os sectores implicados na ría de Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Señora conselleira, acaba de dicir vostede que comezou en 2011, entón, o señor Álvarez-Campana, que era o presidente de Portos de Galicia, ¿por que anunciaba que se ía facer a dragaxe e a estación marítima con saída no porto das Corvaceiras? Dous anos antes dicía que se ía facer algo que, segundo vostede, comezou no ano 2011. Non, comezou moito antes, conselleira. Xa no ano 2007 houbo esa reclamación ao Goberno da Xunta de Galicia, e en 2009 houbo unha promesa electoral por parte deste señor dicindo que se ía colocar unha estación marítima en Pontevedra. Esa é a realidade. Vostedes agora veñen dicindo que foi en 2011. É que foron moitas veces as reclamacións por parte do Concello. E se comezaron en 2011, e xa vai estar feito, e estamos en 2018, é increíble que en sete anos tiveran que cambiar vostedes de declaración de impacto ambiental; unha vez non se sabe moi ben por que, tería que estar aquí a conselleira de Medio Ambiente e contarnos que foi o que ocorreu para ter que cambiar esa declaración de impacto ambiental. O que ocorreu, conselleira, sen que nolo teña dito ninguén de maneira oficial, foi que vostedes tiveron un problema porque ían colocar os lodos en calquera sitio, en concreto, despois da illa de Tambo. Iso foi o que ocorreu, conselleira. (*Aplausos.*) E as mariscadoras e as confrarías dixéronlles que non, que alí non llelos colocaban.

Vostedes teñen sitios para colocar todos os residuos e todos os sedimentos, por exemplo, no antigo espazo da antiga Sogarisa, que agora se chama doutra maneira. Hai moitos máis sitios. ¿Por que non levan vostedes eses residuos a eses sitios para tratalos? Porque economicamente hai que poñer máis cartos enriba da mesa, e como Pontevedra é a última sempre, é a grande esquecida, vostedes non se queren preocupar pola súa ría, e iso é o que vostede tiña que dicir aquí. Tiña que ser valente e dicir: non sabemos que imos facer con eses lodos.

Sen embargo, vostedes si que souberon que facer no seu día para depositar os sedimentos que se dragaron do peirao de Campelo, en Poio. ¿Por que non levan estes residuos ao mesmo sitio a onde levaron os do dragado do peirao de Campelo, en Poio, conselleira?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: O que lle pedimos dende o Grupo Parlamentario Socialista é que se poñan xa a traballar en serio, que se deixen de promesas e que fagan xa algo que está cegando a ría.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a réplica do Goberno a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Vilán, mire, eu hai algo que non entendo. Vostede dime que no 2009 fixemos unha promesa electoral. ¡Home!, eu creo recordar que gañamos as eleccións o 1 de marzo do 2009; polo tanto, pouca promesa electoral podíamos facer cando levabamos poucos meses no Goberno.

Vostede fala tamén de que isto xa se estaba demandando nos anos 2006 e 2007. Pode que si, e nos anos 2006 e 2007 gobernaban vostedes. Dixeron que era necesario facelo, pero cando chegamos á Xunta nin había proxecto, nin promesa, nin estudo, nin nada. *(Aplausos.)*

Nós pódolle dicir que si que tomamos isto con seriedade. *(Murmurios.)* Se me deixan falar, eu explícolles.

Mire, eu, a verdade, considéroa a vostede con capacidade suficiente para tomar decisións de a onde hai que levar os diferentes sedimentos que se van obter dunha dragaxe. Eu non teño eses coñecementos. E nós, en determinadas cuestións, o que deixamos é traballar aos técnicos. Nós fixemos un encargo a un proxecto técnico. Vostedes terán ocasión de ver todo o proxecto redactado porque o solicitaron polo artigo 9, e paréceme que o próximo martes van ter a ocasión de ver todo o proxecto, e verán que aí os técnicos son os que propoñen que material hai que dragar, cales son as características deses materiais a dragar e que destino debe levar cada un dos sedimentos que se atopan, porque non todos os sedimentos son iguais. Hainos máis finos, hainos menos finos, hainos que teñen contaminación, hainos quen non a teñen... Son os propios técnicos os que nos din que o punto de vertedura ideal sería Tambo, e aí atopámonos co problema de que os pertencentes ao Plan de explotación da navalla din que ese punto non lles gusta. Iso supón que, se hai que cambiar o punto de vertedura de acordo co que nos fixeron os informes dos técnicos, habería que buscar outro novo punto de vertedura e volver iniciar todos os trámites medioambientais, porque xa a declaración de impacto ambiental sería distinta.

Non fai falta que estea aquí a conselleira de Medio Ambiente para dicirlle que foi o que cambiou na normativa. Non foi unha normativa que cambiara a Consellería de Medio Ambiente, son normativas internacionais que cambiaron en canto á clasificación dos sedimentos, e os seus destinos, en función desa clasificación. Polo tanto, esa clasificación cambiou no ano 2014, cando xa tiñamos nós a primeira declaración de estudo de impacto ambiental.

Isto todo foi o que veu retrasando o proxecto, pero eu pódolle garantir que a promesa está feita, que o presuposto existe, que o proxecto está redactado e que o que estamos é intentando buscar o consenso con todos os implicados na actuación de vertedura dese dragado que hai que facer, que é necesario facer e que nós queremos facer, para evitar a menor incidencia ambiental e a menor incidencia, sobre todo, na explotación dos recursos que se está levando a cabo.

O destino dos diferentes sedimentos decídeno os técnicos, e esa non é unha decisión política.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis do G. P. de En Marea, sobre as actuacións levadas a cabo pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, Augas de Galicia e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental en relación coas verteduras producidas nunha das balsas da mina existente nos concellos de Touro e do Pino

O señor PRESIDENTE Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Casal Vidal

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro.

O outro día, falando do mesmo tema, o señor Tahoces dicía que estabamos no Día da Marmota, porque, efectivamente, este tema vén e vén e vén, pero vén e vén e vén porque, claro, chove. A causa de todo isto é porque en Galicia chove moito.

Como vostede saberá —e xa terá lido a pregunta—, a balsa mineira de Bama, na mina de Touro (O Pino), a mediados de febreiro desbordouse. Posteriormente, nos seguintes tempos, a principios de marzo, volveu desbordarse, e agora xa o señor Tahoces a verdade é que non puido dicir que non pasaba nada, que a auga estaba normal.

As fotos (*O señor Casal Vidal amosa unhas fotografías.*) son suficientemente elocuentes dos efluentes do Brandelos; ou sexa, as cores —non sei se se verá ben na Cámara— son moi elocuentes. É clarísima a situación normal de todos estes efluentes do Brandelos.

Dicía o señor Tahoces —e por iso trouxemos a pregunta ao Pleno, porque as súas explicacións nos pareceron moi insuficientes— que aínda que no efluente directo da balsa non

se apreciaban situacións de acidez fóra do normal, si que, analizando o río Brandelos, se vía que o pH era un pouco elevado e que había materias en suspensión, en concreto aluminio.

Dixo que había que esperar ás análises que se fixeron hai dúas semanas, e que non faláramos sen as análises. Alí tivemos que quedar calados, porque, efectivamente, non tiñamos as análises, pero agora si que xa as temos. E témolas dunha entidade independente, en concreto, da Universidade da Coruña. Estas análises que acaban de facerse públicas din que non soamente hai materia en suspensión, en concreto aluminio, senón que, primeiro, o pH non é un pouco fóra do normal, senón que é hiperacido, moitas veces superior ao mínimo recomendado, con altos niveis de níquel, sete veces por enriba da media permitida, zinc, cobre, aluminio, manganeso e ferro, excedentes nestes dous últimos casos en 20 e 1.000 veces respectivamente ás recomendacións da Organización Mundial da Saúde.

Tamén o señor Tahoces falou das causas de todo isto, e a causa, como xa falei, é que chove, as choivas, e que iso non ten nada que ver coa actividade mineira. Ou sexa, que haxa alí unha balsa mineira, bueno, jé o que hai!, como pasará despois de moitos anos, se seguimos tramitando esta nova autorización.

¿E que se fixo? Mire, estas son as actuacións, (*O señor Casal Vidal amosa novamente unhas fotografías.*) si, moi sustentables, porque son uns paus cuns plásticos reciclados das bolsas coas que recollen a terra das prospeccións que están a facer —a pesar de que o señor Tahoces tamén dixo que non teñen ningunha autorización para facelo—. Pero, claro, uns paus con catro plásticos non conteñen a auga, e esta foi a conclusión uns días despois, ou o mesmo día...:

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...os plásticos fóronse coa corrente.

Por iso lle preguntamos que actuacións puxo en práctica a Xunta de Galicia, e non nos chega a explicación do señor Tahoces de que fixeron análises. As actuacións teñen que ir moito máis alá. As actuacións non poden ser: como chove, contámínase o río, facemos análises, e isto é o que hai. Non, as actuacións teñen que ser evitar que, coas condicións, sexan as que sexan, as balsas non vertan de maneira incontrolada aos efluentes do río Brandelos, do Ulla e finalmente á ría de Arousa.

¿Pensan facer algo en relación con iso ou só se van dedicar a facer análises? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Casal, efectivamente, eu coincido con vostede en que parece que estamos no Día da Marmota, pero non porque chova moito en Galicia, non. Seguramente estamos no Día da Marmota porque vostedes seguen nunha campaña en contra do proxecto mineiro que se presentou en Touro, e dálles igual a realidade, dálles igual todo. E seguramente estamos no Día da Marmota porque, por moito que lles diga este goberno e lles dea todo tipo de explicacións sobre o procedemento administrativo, vostedes non escoitan. Vostedes o único que pretenden, seguramente, é buscar minutos para seguir co seu relato, pero en ningún caso abordar este tema co rigor que merece un proxecto económico, un proxecto mineiro que se está a tramitar nestes momentos por parte da Administración.

Efectivamente, vostede sabe —porque así llo trasladou o director xeral de Enerxía e Minas o xoves pasado; non hai un mes, non, o xoves pasado, señoría— que foron as abundantes choivas das semanas pasadas o motivo do desbordamento na Corta de Bama. E sabe tamén que Augas de Galicia constatou que, efectivamente, tras non apreciar escorregas, logo do cesamento das precipitacións, quedou constatada esa actuación. E por iso Augas de Galicia fixo determinacións *in situ* de todas as augas contidas na balsa e tamén do seu efluente, así como do río Brandelos e do río Ulla.

Pero, señor Casal, por falar con rigor, vostede sabe que nos resultados obtidos se aprecia, efectivamente, afección no río Brandelos, pero en ningún caso no río Ulla. Esa é a realidade. Vostede non debería faltar aquí á verdade. Polo tanto, Augas de Galicia ten aberto e ten incoado o correspondente expediente sancionador; expediente sancionador que está en tramitación e que, polo tanto, se vai substanciar por parte de Augas de Galicia. E tamén o Servizo de Minas da propia consellería levou a cabo unha inspección de toda a situación o pasado 23 de febreiro.

Polo tanto, eu creo que, efectivamente, convén esperar o resultado das analíticas e convén esperar as conclusións. Pero o máis importante —e conclúo, señoría— é que a Xunta de Galicia en ningún caso mira para outro lado que non sexa velar polo cumprimento da lei e que non sexa velar pola garantía do interese xeral. Polo tanto, nós seguiremos con todas as inspeccións e coa apertura dos expedientes que sexan necesarios.

Pero, señoría, aínda que non o queiran escoitar —porque parece que non o queren escoitar—, tamén vai ser o estrito cumprimento da legalidade o que vai ofrecer todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas para determinar se o proxecto se pode aprobar ou non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, para a réplica, o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Moitas grazas.

Efectivamente, hai que respectar a legalidade e por iso hai que ter coidado con todas estas empresas, señor conselleiro, señor Conde, porque, de momento, no anterior caso similar,

en Corcoesto, xa nos leva custado 600.000 euros a todos os galegos respectar a legalidade. Parece ser que non son vostedes tampouco tan competentes na súa tramitación de expedientes. ¡Xa nos leva custado 600.000 euros! ¿E de onde saíron estes 600.000 euros? Poderían, ao mellor, saír pois, non sei, do diñeiro que se lles dá a certos medios para que publiquen certas cousas, por exemplo. Pero non, ¿sabe de onde saíron os 600.000 euros? Das axudas a I+D+i; esas son as prioridades do Goberno galego, (*Aplausos.*) os 600.000 euros que tiveron que pagar por non facer as cousas, parece ser, moi ben.

Na mina de Corcoesto saíron dos fondos de I+D+i. E, ademais, hai que ter coidado con estas empresas —xa o falabamos o outro día co señor Tahoces— porque despois pode pasar o que lles está pasando tamén en Corcoesto, que a mesma empresa que xa lles leva sacado 600.000 agora di textualmente —titular de *Infolibre* de onte—: «*Una empresa canadiense denuncia que un intermediario pidió una mordida de 1,5 millones para Feijóo y altos cargos de la Xunta*». Non o afirmo eu, afirmo a compañía, en concreto, Eder Water. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois hai que ter moito coidado con estas empresas, porque Atalaya Mining ten un currículo moi parecido ao de Eder Water. Co cal, ademais —indo xa ao tema da pregunta de maneira máis concreta—, facer análises non é a solución; a solución é exixir a estas compañías que poñan os medios nas balsas que si son de explotacións mineiras para que, cando chove —que en Galicia chove—, non haxa desbordamentos. E din que no Ulla non chegou, pero igual que as análises de Augas de Galicia dicían que só había aluminio, e agora resulta que non só hai aluminio, senón que hai moitas máis cousas e os niveis de pH tampouco son os que eles estimaban, senón moitísimo máis baixos, máis acedos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...pois haberá tamén que pedir a organismos independentes que analicen as augas do Ulla e as augas da ría de Arousa a ver se son as análises tal e como nos están chegando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CASAL VIDAL: Por favor, señor Conde, fagan algo máis que facer análises. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Agora vostede xa non quere falar de Touro; iso está ben. Non quere falar de Touro seguramente porque, efectivamente, ve que non ten ningún tipo de argumentación para non aceptar que, ante a presentación dun proxecto, ese proxecto hai que tramitalo, hai que requirir

os informes procedentes e a partir de aí, loxicamente, identificar se ese proxecto cumpre con todas as garantías. Gustaríame saber se vostede e o seu grupo, efectivamente, están de acordo ou non con tramitar o proxecto de Touro, porque un día din unha cousa e pola tarde din a contraria.

Fálame vostede de Corcoesto. Mire, a decisión da Xunta de Galicia de resolver o expediente de caducidade e de anular o proxecto de explotación estivo legalmente fundamentada non só pola Xunta de Galicia senón tamén avaliada polo Tribunal Constitucional. Creo que debe falar de Corcoesto, cando menos, cun pouco de respecto a este goberno, que en todo momento cumpriu a legalidade, e ademais foi unha legalidade que está avaliada polo propio Tribunal Constitucional. Un proxecto da envergadura de Corcoesto precisaba das máximas garantías e a empresa non ofrecía esas garantías; polo tanto, o Goberno actuou con toda a contundencia e baixo toda legalidade.

É certo que hai unha demanda de arbitraje internacional no ordenamento xurídico nacional, e a Xunta de Galicia claro que está defendendo os intereses dos galegos e está actuando coordinada coa Avogacía do Estado para defender o interese xeral e os intereses dos galegos. E vostede, en vez de vir aquí intentar lanzar ningún tipo de comentario para xerar dúbida sobre o proceso, debería vir aquí defender este goberno, que está defendendo os intereses de todos os galegos. (*Murmurios.*)

Pero volvamos a Touro, señoría, porque creo que esta era a súa pregunta. Efectivamente, en Touro estamos actuando co proxecto actual, loxicamente, vixiando calquera afección ás masas de auga, sancionando aquelas verteduras que se poidan producir e con total transparencia, señoría, para garantir o desenvolvemento da actividade.

Ademais, vostede sabe que esta mesma semana o CSIC e a propia empresa acordaron que van facer un estudo para caracterizar quimicamente todo o contido de metais, de materia orgánica e de nutrientes e, polo tanto, para darlle garantías dende o punto de vista da influencia real que a minaría ten sobre a calidade da auga.

Señoría, eu creo que as tecnoloxías e as normas actuais garanten en Galicia que os proxectos mineiros sexan compatibles co medio ambiente e con outras actividades, e, ademais, exíxennos as máximas garantías. A min o que me gustaría saber é en que punto desta afirmación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...vostede e o seu grupo non están de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Teresa Egerique Mosquera e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das conclusións e resultados do encontro levado a cabo en León, o día 18 de xaneiro de 2018, polas comunidades autónomas de Galicia, Asturias e Castela-León en materia educativa

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Diálogo, consenso e responsabilidade son tres palabras claves que creo que deben estar presentes —eu creo que todos coincidimos en que deben estar presentes— no debate político sobre a educación, por unha razón fundamental: o diálogo, porque estamos a falar de futuro, e cando falamos de futuro, hai que establecer un diálogo sincero na procura dun interese común; pero, ademais, consenso, porque estamos pretendendo ou buscando acadar un marco normativo con vocación de estabilidade e de durabilidade para eliminar, precisamente, a incerteza do sistema educativo —niso é no que se estaba traballando e no que se segue traballando no contexto nacional para acadar un pacto social e político pola educación—; e tamén responsabilidade, porque estamos a falar do futuro dos nosos fillos e, por extensión, tamén, polo tanto, do futuro da nosa sociedade.

Tendo todo isto presente, eu quero, en primeiro lugar, trasladar os parabéns á consellería —e, neste caso, a vostede como conselleiro—, pero tamén aos gobernos de Asturias e Castela-León por ter presentes na súa realidade, no seu debate político educativo, que é necesario contar con diálogo, con consenso e con responsabilidade. Estes son os piares que guiaron, por exemplo, o encontro celebrado o pasado 18 de xaneiro entre estas tres comunidades: Galicia, Asturias e Castela-León. Neste encontro abordouse a realidade dos tres sistemas educativos. Ademais, eu creo que é un encontro que viña ser un bo exemplo, precisamente, da liña que hai que seguir no contexto estatal para acadar ese Pacto social e político pola educación.

E, tendo isto presente, desgraciadamente, tamén temos que ter presente cal é a realidade actual. A realidade actual é que, tras o pasado 6 de marzo, algunhas forzas políticas, nomeadamente o Partido Socialista e Unidos Podemos, decidiron apartarse desta liña do diálogo, do consenso e da responsabilidade, abandonando as negociacións na subcomisión do Congreso dos Deputados para acadar un pacto social e político pola educación. Dende logo, eu creo que é a todas luces unha actitude que é un erro de dimensións históricas, pero, evidentemente —como todos sabemos—, a historia é un xuíz; a historia e o tempo saben xulgar perfectamente e poñer a cada un no seu lugar.

Tendo isto presente, gustaríame preguntarlle, con base nese encontro que se produciu o pasado 18 de xaneiro entre as comunidades de Galicia, Asturias e Castela-León, ¿cal é a valoración que fai o Goberno galego deste encontro no que o diálogo, o consenso e a responsabilidade presidiron o que ten que ser o debate político sobre a educación?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade, señor deputado, é que isto non debería ser noticia. Non debería ser noticia que tres comunidades autónomas no eido da súa responsabilidade se senten a falar e a traballar conxuntamente; isto debería ser absolutamente normal. E a verdade é que, nos tempos que corren, que precisamente tres comunidades autónomas de cores políticas diferentes, con sistemas de goberno diferentes, se senten e intenten falar, intenten entenderse e intenten aprender unhas das outras, pois pensamos que ten un gran valor; e pensamos —como vos tede ben dixo— que é unha boa práctica. Pensamos que a suma de esforzos sempre é unha boa fórmula.

Baixo esta premisa, no mes de xaneiro —a mediados de xaneiro— tres comunidades autónomas —Galicia, Castela-León e Asturias— puxémonos a traballar. Tivemos unha reunión inicial con responsables políticos, con equipos técnicos, quixemos poñer en común as respectivas políticas educativas —políticas educativas das cales todos temos que ensinar e aprender—, intercambiamos experiencias e tamén buscamos e exploramos, dalgún xeito, novas vías de colaboración entre os territorios.

Obviamente, isto non sae da nada, hai detrás unha experiencia previa, o acordo dos presidentes autonómicos no primeiro encontro de gobernos autonómicos que houbo en decembro, tamén neste marco de Castela-León, Asturias e Galicia. Somos tres comunidades autónomas que compartimos problemáticas importantes cunha repercusión directa no eido educativo —pensemos no envellecemento, pensemos na dispersión—, pero que tamén temos bos resultados tanto a nivel de calidade como de equidade. E nese sentido creo que os puntos que tratamos foron interesantes; tratamos diferentes cuestións: escolas rurais, escolas conectadas, calidade, persoal docente, FP dual, universidade, etc. Obviamente, tiñamos unha visión naquel momento —e algúns seguímola tendo— de que este tipo de encontros sirvan como pequenos pasos, pequenas liñas de acción, orientadas a lograr algo que todos desexamos —estou seguro— no ámbito educativo, que é acadar un pacto de estado social e político pola educación. Obviamente, non todas as formacións políticas o queren facer, e vese claramente cando hai un interese en traballar a prol da educación, en traballar a prol dos nenos, das nenas, dos alumnos, das alumnas; é dicir, do futuro do país, que poden ser incluso formacións políticas a nivel autonómico que están no ámbito do Partido Socialista, ou cando se priman intereses puramente partidarios, que, obviamente, xeran moita inquietude, xeran moita decepción, na comunidade educativa e realmente pensamos que é un auténtico erro.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, efectivamente, falaba na miña primeira intervención de diálogo, consenso e responsabilidade como as tres guías que tiñan que estar presentes no debate político arredor da educación, e por oposición están os conceptos de bloqueo político, de partidismo e de irresponsabilidade, que son precisamente os tres conceptos que habería que desterrar dunha vez por todas do debate político sobre á educación; pero desgraciadamente estamos a comprobar como na actualidade —como ben se dicía— non todas as forzas políticas pensan o mesmo.

Eu teño dito en varias ocasións, e continúo a defendelo agora, que neste grupo estamos completamente de acordo en que, parafraseando unha formulación do imperativo categórico kantiano, a educación nunca pode ser un medio para acadar un fin, senón que ten que ser un fin en si mesmo, e ese é un punto de partida clave para o progreso do sistema educativo e un punto de partida clave para que a comunidade educativa teña confianza novamente na política como capacidade ou como ferramenta para resolver os problemas.

A verdade é que, desgraciadamente, estamos nunha situación de bloqueo político que xa se produciu durante un ano na pasada lexislatura fallida; pero ademais estamos nunha situación caracterizada polo partidismo, porque se emprega a educación con fines unicamente partidarios; e estamos, ademais, nunha situación na que destaca profundamente a irresponsabilidade dalgunhas forzas políticas, que, dándolle a espalda ao que a sociedade ten demandado ao longo de moitos anos, se levantan desta negociación polo pacto de Estado social e político pola educación.

Evidentemente, agardamos que se reconsiderere esta posición, e nese sentido invitámoslos á consellería e a vostede a que sigan buscando vías de consenso con outras comunidades autónomas, a que non desistan no empeño de acadar un pacto social e político pola educación, e a que lles fagan chegar o modelo destes encontros a outras comunidades autónomas para ampliar o espectro e acadar o que outras forzas políticas están empeñadas en bloquear, que é ese pacto de Estado social e político pola educación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra, para o turno de réplica por parte do Goberno, o señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Certamente, señor deputado, 3 comunidades autónomas, 3 gobernos autonómicos: Galicia, Asturias e Castela-León, tivemos a suficiente altura de miras para sentarnos a traballar conxuntamente co fin de abordar os sistemas educativos para ver onde podemos mellorar e para ver que podemos ter en común, en que aspectos nos entendemos.

A verdade é que non sabemos se finalmente vai ser posible acadar este pacto de Estado. Nós imos seguir traballando, pero hai quen prefire tirar pola borda o traballo de moitos meses de moitas institucións; tirar pola borda o esforzo de moitísimas persoas, de moitísimos colectivos, e desprezar unha oportunidade histórica que todos nos tiñamos dado. Do que estamos falando é un bo exemplo de intentar traballar conxuntamente; un exemplo que como boa práctica tamén vai seguir tendo percorrido. De feito, esta iniciativa de tres comunidades autónomas vai seguir. A mediados do mes que vén, neste caso en Zaragoza, e seguindo unha metodoloxía de traballo practicamente idéntica, moi semellante, imos ampliar o espectro das comunidades autónomas. Imos ter seis comunidades autónomas: as tres xa ditas pero tamén Aragón, La Rioja e Castilla-La Mancha. Imos atoparnos con tres comunidades autónomas do Partido Popular e con tres comunidades autónomas gobernadas polo Partido Socialista, con diferentes maiorías parlamentarias, o cal quere dicir que no ámbito autonómico prima, en certa medida, a sensatez; sensatez que non hai noutros ámbitos, neste caso do Partido Socialista.

Obviamente, nós pensamos que hai moitas máis cousas que nos unen que que nos separen. Pensamos que temos unha grande oportunidade para poder seguir avanzando na estabilidade do sistema educativo. Galicia e España teñen avanzado moito no sistema educativo nos últimos anos, nas últimas décadas, e fixémoslo todos xuntos, pero aínda nos queda moito por facer. Por iso lamentamos moitísimo que certas forzas políticas, neste caso o Partido Socialista do señor Sánchez, xoguen ao curtopracismo, xoguen ao regate curto, vexan só intereses políticos nesta dinamización do que foi o pacto educativo. Estase tirando pola borda unha oportunidade histórica —non se logrou— do período democrático.

Obviamente, os que temos certa responsabilidade neste ámbito —polo menos pola nosa parte así será— non imos caer na melancolía pensando que puido ser e non foi, imos seguir traballando para que todos xuntos, o conxunto da comunidade educativa, das forzas políticas, dos axentes educativos, poidamos ter certa estabilidade, e proba diso é que en Zaragoza, dentro de pouco tempo, 6 comunidades autónomas con maiorías parlamentarias moi diferentes imos seguir traballando máis no que nos une que no que nos separa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para a promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Preguntámoslle hoxe por unha cuestión que ficou aprazada da anterior sesión plenaria e que preocupa enormemente entre os sectores culturais do noso país; todos os sectores culturais que padecen e padeceron as consecuencias dos recortes continuados do Partido Popular na Xunta de Galiza desde o ano 2011. Referímonos ao patrocinio asinado pola Axencia Galega de Turismo cunha unión temporal de empresas, sen concurso público e sen publicidade, para financiar con nada máis e nada menos que 3 millóns de euros un macrofestival de tres días, e cinco concertos máis en 2018, no marco —como se dicía na exposición da pregunta— da programación previa ao Xacobeo 2021.

Tres millóns de euros, conselleiro, para pagar nun só ano, para gastar nun só ano, mentres para todos os festivais a Agadic destina este ano 2018 280.000 euros en axudas. O Culturgal, que é a única e a maior feira de industrias culturais do noso país, contou no ano 2017 con 57.000 euros da Xunta de Galiza. É dicir, 52 veces menos fondos para apoiar a única feira de industrias culturais do noso país que para gastar nun só ano no patrocinio do Xacobeo 2021.

Poderíamos seguir así con cada unha das partidas, das convocatorias, que ten agora mesmo activas a Agadic para axudar a moitos e distintos sectores culturais do noso país, e que non suman todas elas nin sequera a metade do que decidiron destinar vostedes para un único macrofestival.

Dixémosllo ao secretario xeral de Cultura en comisión e repetímosllo agora a vostede: para o BNG é obsceno, é irracional e ademais é un insulto á cultura galega e, sobre todo, en galego, que o Goberno da Xunta invista 3 millóns de euros públicos para patrocinar o Xacobeo mentres se teñen desatendido ao longo de tantos anos as responsabilidades e as obrigas de manter o apoio, o fortalecemento e o impulso á creación cultural do noso país.

Neste senso, ao BNG preocupánnos, e consideramos ademais reprobábeis, dúas cuestións. A primeira, que se invistan eses 3 millóns de euros públicos, saídos dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país, sen concurso nin publicidade; é dicir, a dedo: ¡3 millóns de euros públicos a dedo! Un festival, por certo, que vostedes anunciaron —nota de prensa do 12 de xaneiro de 2018— que ía ser organizado pola propia Xunta de Galiza, agora é un patrocinio. E a segunda é que nos están devolvendo a tempos pasados que non sempre foron mellores, e a tempos onde se confunden a cultura e o espectáculo.

Por iso lle preguntamos, ¿por que se asinou un contrato por valor de 3 millóns de euros, sen concurso nin publicidade, para patrocinar ese conxunto de actividades arredor do Xacobeo 2021? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora Rodil, o primeiro que hai que dicir é que a Xunta de Galicia non é a promotora deste festival, vostede o sabe perfectamente; nin do festival nin dos concertos que vai haber polas

principais cidades do país. Este é un proxecto privado, de iniciativa privada, que conta cun patrocinio, que neste caso é da Administración autonómica. Os promotores deste evento son empresas galegas tremendamente solventes no ámbito da organización de grandes eventos musicais, e en xeral esta UTE, os seus membros, son exemplos de boas prácticas: crean emprego cultural, xeran negocio para os profesionais no ámbito cultural, e certamente tamén teñen unha repercusión importante a nivel económico e a nivel social nos ámbitos onde desenvolven as súas actividades.

A Xunta de Galicia —como xa lle digo— é o patrocinador deste evento, e a organización e a produción dos concertos son desta UTE de promotores, que, obviamente, van facer un investimento tremendamente superior á contía deste contrato, un contrato de patrocinio.

Vostede di que sen concurso nin publicidade, como se houbera algunha mancha legal. Menos mal que non dixo que era ilegal ou que se tiña feito á marxe da legalidade, como se ten dito nalgunhas declaracións por parte dalgúns membros destas bancadas. Pois mire, este é un contrato de patrocinio que fixo a Axencia Galega para o Turismo; un contrato de patrocinio que é unha fórmula tremendamente habitual en todas as administracións públicas para facer promoción de eventos públicos, deportivos, culturais, musicais, etc. Todas as administracións o fan, incluso algunha gobernada polo Bloque Nacionalista Galego fai concursos de patrocinio, sen concurso e sen publicidade, exactamente igual a este. Poden cambiar as contías, pode cambiar a orientación etc., pero fano exactamente os seus gobernos, fano exactamente igual. Hai un marco legal, do ano 1988 e do ano 2009, onde se regula claramente este tipo de contratos. E, como digo, todos os partidos políticos e todas as administracións o fan.

A segunda cuestión que vostede plantexa aquí refírese, segundo a súa opinión, aos supostos efectos negativos para as industrias culturais. Nós pensamos que é ao contrario, que incluso é unha oportunidade. ¿Por que? Porque este contrato de patrocinio podía dedicarse a calquera outro tipo de evento, a un evento deportivo, por exemplo, ou a rotular avións, por exemplo. Podíase facer porque é un contrato de patrocinio para promover neste caso unha marca turística, co cal, que se faga no eido cultural, que vai xerar emprego no ámbito cultural, na produción, na comercialización etc., eu creo que é positivo, e vai convivir perfectamente coa moi boa rede de festivais de música que xa temos no país, vai convivir perfectamente e son absolutamente compatibles. A verdade é que son modelos diferentes que poden convivir: as redes de festivais xa existentes e un festival específico que ten un patrocinio por parte da Administración autonómica, neste caso para promover un acontecemento de tipo turístico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós non poñemos en dúbida a profesionalidade das empresas. Tampouco puxemos en dúbida o éxito que poden acadar as bandas que compoñen o cartel, o que sabemos do cartel, porque

aí hai asinado un patrocinio e nin sequera se coñece o conxunto de bandas para as que van ir destinados eses 3 millóns de euros.

A pregunta, señor conselleiro, onde queremos levar o debate, onde nós queremos centrar o debate, ademais de na falta de transparencia, porque non houbo nin concurso nin publicidade para ese contrato de patrocinio de 3 millóns de euros, é en se ese é o papel que ten que cumprir a Administración pública. Por iso eu lle centraba e por iso eu lle poñía enriba da mesa cal é a realidade que viven os sectores culturais do noso país, cal é a realidade que viven os distintos sectores da cultura galega e, sobre todo, os distintos sectores que fan cultura no noso país, no noso idioma, desde o ano 2011.

¿A vostede, de verdade, parécelle lóxico e normal que o papel que teña que cumprir, que a política cultural que teña que desenvolver unha administración pública, un goberno, sexa destinar 3 millóns de euros públicos, saídos dos petos das traballadoras e dos traballadores deste país, para financiar un evento privado? É verdade, dixo vostede —e incluso agradezo e alégrame que o sinale desta maneira— que vostedes actúan apenas como patrocinadores, ¡3 millóns de euros públicos nun patrocinio!, por tanto tamén nos gustaría que se nos remitisen, como temos solicitado desde do 27 de febreiro, os pregos de condicións, para saber onde van ser dirixidos en realidade eses cartos, para saber que contraprestacións hai por parte desas empresas que van ser financiadas con eses tres millóns de euros. E se a vostede lle parece lóxico e lle parece que é o papel que debe cumprir a Administración, a política cultural que debe desenvolver un Goberno, destinar tres millóns de euros a un macrofestival e despois 57.000 para apoiar a única feira das industrias culturais que hai na Galiza, ou 178.000 euros par a edición do libro en galego, 70.000 euros para as salas de artes escénicas, 43 veces menos do que van vostedes gastar nun macrofestival en só un ano.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si que é verdade que son dous modelos culturais completamente antitéticos, pero o modelo cultural e a política cultural do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Popular están nas antípodas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Rodil.

Ten a palabra para o turno de réplica por parte do Goberno o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Rodil, vostede creo que está aquí intentando mesturar unha cousa con outra. Nós lle estamos dicindo que esta é unha estratexia de promoción cun contrato de patrocinio. Unha administración pode elixir un sistema de promoción dun evento como pode ser o Xacobeo, como, por exemplo, un concello pode rotular avións ou pode poñer publicidade na camiseta dun club deportivo ou pode pagar outras cuestións. Hai concellos neste país que poñen na roupa deportiva o seu logo, é o mesmo, é o mesmo. Non mesturen as cousas, non intenten xerar un fado de demagogia porque realmente ao final non lle queda nada.

Eu creo que a señora Rodil está preocupada por unha cousa. Vostede está preocupada porque pensa que ao mellor —dígoo en plan chascarrillo— eu ou señor Feijóo ou calquera membro

do Partido Popular vai presentar estes grupos co micrófono na man antes de que actúen. Ao mellor está preocupada por iso. Non teña dúbida, (*Aplausos.*) non teña dúbida, iso non se vai facer. Non vai ver a ningún membro do Partido Popular nestes concertos cun micrófono presentando estes grupos. Diso non teña dúbida ningunha que non o vai ver. Creo que sabe perfectamente por onde llo digo.

E creo que son perfectamente compatibles todas as cuestións que vostede di que estamos apoiando co que vostede está dicindo, ¡absolutamente compatibles! E voulle dicir, ao final a cuestión é se esta estratexia de promoción turística é efectiva ou non. Eu creo que hai datos que avalan claramente o éxito desta iniciativa. De feito, vendéronse arredor de 20.000 entradas en dúas horas. Eu creo que van traer a practicamente 10.000 persoas de fóra de Galicia. É unha estratexia turística que ten repercusión. O retorno no sector hoteleiro, no sector económico, vai ter unha repercusión importante. E insisto, é claramente unha decisión política de estratexia, de promoción e de patrocinio turístico que serve, apoiándose precisamente na cultura, no potencial que ten a cultura, e na tradición que ten Galicia de grandes festivais —hai moitísimos grandes festivais en Galicia—, para impulsar esta acción. E creo que os resultados están encima da mesa, co cal a verdade é que intenta vostede xerar dicindo e repetindo sen publicidade en varias ocasións, como se non houberse contratos feitos pola Administración do BNG seguindo exactamente o mesmo sistema, ¡seguindo exactamente o mesmo sistema! Co cal pode vostede estar en desacordo, pode facelo, pode a vostede non gustarlle este festival, pero si que lle digo unha cousa, ao final, os datos e os resultados desta estratexia turística foron moi rápidos e creo que todos eses malos augurios que se plantexaban quedan fóra de lugar. Co cal, estamos nunha actividade promocional de carácter turístico, que encaixa e se apoia na cultura para lograr un obxectivo, que é promocionar neste caso un evento cultural, ao que non lle vexo eu ningunha maldade, salvo, obviamente, o que lles dixen a vostedes, que teñan medo de que o Xacobeo saia ben e que a vostedes, como sempre estiveron de espaldas ao Xacobeo, non lles guste.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para mellorar o servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor conselleiro, sinceramente non sei que lle fixemos en Ourense para que a súa consellería pareza emperrada en que non teñamos garantida unha sanidade de primeira e poñernos constantemente unha carreira de obstáculos, tanto ás profesionais da sanidade como ás persoas usuarias, que temos que estar continuamente mobilizándonos e presionándoos para que fagan vostedes os seus deberes e leven a cabo actuacións que deberan facer xa de oficio.

Só nos últimos dous meses tiveron tanto a doentes como a profesionais ás portas do CHUO protestando por falta de persoal, falta de apertura de camas e saturacións de urxencias. Hai menos dun mes tiveron vostedes unha folga das traballadoras do servizo de limpeza para algo tan elemental como que se cubriaran as baixas, porque deben pensar vostedes que un edificio novo se limpa só. E agora mesmo segue aínda enquistada a situación de folga do servizo de mantemento, polo consentimento da súa xerencia e da súa consellería diante da vulneración das condicións de traballadores e traballadoras do siderometal.

A preocupación que traemos hoxe desde o BNG é unha máis neste caldo de cultivo —e non é nova—, sobre a situación da cociña do CHUO. Compartirá vostede comigo que se a seguridade industrial e a hixiene son dous piares básicos de calquera infraestrutura sanitaria, concretamente na cociña teñen un papel fundamental. Por iso, temos que lamentar unha vez máis, en sede parlamentaria, que durante estes anos ignoraran as melloras que necesitaba a cociña actual. Máis que de melloras falamos dun mantemento mínimo que non se levou a cabo, e a día de hoxe temos unha cociña que, por exemplo, ten moitos problemas no chan que provocan continuamente caídas, ten electrodomésticos obsoletos que teñen numerosas avarías, e un longo etcétera denunciado constantemente polos traballadores e traballadoras,

Neste contexto, as obras de ampliación do hospital, ese novo edificio que xa está comezando a funcionar, eran para nós, para a sociedade ourensá, unha esperanza de que chegaría unha nova cociña e de que con ela chegaría un avance neste sentido. Porén, cos dous anos e pico de atraso dese novo edificio, temos que ver que cando se empezaron a trasladar doentes aínda non estaba a cociña. De feito, en setembro os grupos parlamentarios con representación nesta Cámara fomos visitar as futuras instalacións e díxonos alí o xa decapitado xerente López Bellido que era inmediata a licitación da cociña. Isto en setembro, e vostedes acaban de facelo aínda na última semana. ¡Curioso concepto de inmediatez! Cando menos, vemos que traer preguntas a este parlamento serve para que aceleren o seu ritmo.

A cuestión é que a día de hoxe non temos data para a execución desa cociña. Eu agardo que hoxe vostede primeiro nos confirme cal é a data de horizonte para que esa cociña sexa unha realidade, pois de momento non temos eses prazos. E tamén que nos diga que melloras van implementar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...en canto iso non se verifica na cociña actual, porque está a ter moitos problemas, e sabe vostede perfectamente que os traballadores están a facer unha media de doce quilómetros diarios, ¡doce quilómetros!, cuns carros obsoletos, para levar a comida ás habitacións do novo hospital.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, esas dúas cuestións, señor conselleiro: que data manexamos para a nova cociña e que vai facer vostede para garantir seguridade e condicións óptimas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...na cociña actual en canto esa non estea construída. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Goberno o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

A verdade é que non sei se coincide que a pregunta estaba metida e loxicamente nós traballamos arreo para a mellora da situación sanitaria. Sempre partindo de que temos un bo sistema sanitario en Galicia, dos mellores de España e de Europa, e desde logo en Ourense non podía ser doutro modo, estamos apostando de forma importante pola Área sanitaria de Ourense. Investimento de 41 millóns de euros, por exemplo, para xerar unha nova superficie de 52.000 metros cadrados, dos que máis de 24.000 corresponden á área de hospitalización, con 7 plantas e 15 unidades, ben comunicadas co resto das áreas de ingresos, quirófanos, probas diagnósticas, urxencias e críticos; unha fachada magnífica que a oposición aproveita para sacarse fotos. É algo moi habitual aproveitar as fachadas dos novos edificios que se fan en sanidade para dicir que eles están preocupados pola sanidade desa área. Pois nós estamos preocupados

A apertura do novo edificio de hospitalización o pasado mes de outubro permitiu reordenar a distribución espacial dos distintos servizos do Hospital Universitario de Ourense, agrupando e centralizando as áreas de hospitalización nun único núcleo, formado pola ampliación e os edificios Cristal, Cirúrxico e Materno Infantil, dedicando o edificio Santa María Nai en exclusiva á atención ambulatoria sen ingreso, ademais de acoller distintas unidades administrativas e de xestión. Tratar de reorganizar unha importante reorganización é o que estamos facendo alí.

E polo que se refire á cociña actual, está funcionando con normalidade a través do seu persoal, formado por 83 persoas: 39 pinches e 6 cociñeiros de turno de mañá; 33 pinches e 5 cociñeiros en turno de tarde. A verdade é que ten unha magnífica calidade a comida do hospital de Ourense, así é comentado por todos os cidadáns que pasan por alí. Elabora entre 24 e 30 pratos en cada turno —distintos, evidentemente—, que cobren aproximadamente 850 menús diarios de compoñen as 42 dietas basais e terapéuticas deste complexo hospitalario. Funciona con sistema de cadea quente e se distribúe aos pacientes dos distintos centros en bandexa isotérmica.

A cociña actual deixará de funcionar tan pronto como se poña en marcha a nova cociña, que contará co mesmo persoal. Evidentemente, se pensáramos que esta cociña actual era a ideal en canto ao espazo —ten un espazo moi limitado—, non habería ningunha variación, pero se a queremos variar precisamente é por isto, porque entendemos que aínda podemos mellorar o nivel da cociña do hospital de Ourense.

O persoal da cociña é estatutario e seguirá sendo o mesmo para nova cociña. Somos conscientes —como dicía— da importancia de ofrecer aos nosos pacientes o mellor servizo, con menús adaptados ás súas necesidades e en moitas ocasións personalizados.

Imos, desde logo, seguir traballando, mellorando a calidade do servizo sanitario en Ourense, que —como dicía— xa é dun nivel alto, pero nós imos seguir sumando, incluso como estímulo da oposición por traer preguntas a este parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Mire, señor conselleiro, a oposición deste país ten a seriedade que a vostedes lle falta. (*Aplausos.*) Vostede sabe perfectamente, igual que o señor Feijóo, igual que o señor Baltar, igual que o señor Jesús Vázquez, que aquí quen empregou ese edificio unha e outra vez, con meses e meses e meses de atrasos, para sacarse fotos, foron vostedes, porque debe ser o edificio da historia de Galiza que máis veces se anunciou e reinaugurou na porta de entrada. Iso é o que fixeron vostedes, cando nalgún caso nin sequera tiñan organizado urbanisticamente o acceso a ese hospital, un edificio novo que chega con máis de dous anos de atraso e de forma incompleta.

Efectivamente, esa cociña aínda non é unha realidade nova, polo tanto, atopámonos unha vez máis con vaguidades e vaguidades. Temos aquí estes anos de atraso e temos, aínda por riba, que vostede non é quen de darnos unha data de cando esa cociña será unha realidade. Entón, ¿vostede que pretende?, ¿que nos conformemos cunha cociña que nun período máis amplo, de tres anos, ten numerosísimos problemas? Saberá vostede, porque seguramente lle remiten tamén tanto as organizacións de traballadores como a propia comisión de centro como —agardo— a propia xerencia, os problemas que hai nesa cociña. Por exemplo, que no último mes xa houbo un problema cos conxeladores, co risco que ten sanitariamente o proceso de desconxelado dos alimentos, e que non se poida arranxar iso de forma inmediata, ou que ardeu o tren de lavado. ¿Ou será que iso tamén o soñamos as persoas da oposición?

Hai outra cuestión que non quero deixar pasar. A min alármame que coa cuestión referida ao persoal da cociña do CHUO vostedes teñan a mesma estratexia que coas traballadoras da limpeza. Un edificio novo e teoricamente máis camas de hospital, e teoricamente somos as persoas da oposición as que reducimos nas nosas intervencións o número de camas e mesmo o persoal. ¿Estame dicindo vostede, entón, que para a cociña, con máis capacidade do hospital, é suficiente o mesmo persoal? Pois, desde logo, eu pediríalles que non agarden a ter unha folga laboral para pedir máis persoal.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS. E tamén que recapaciten sobre a situación actual, porque durante estes meses que quedan ata que esa cociña sexa unha realidade —e máis tendo en conta os ritmos que ten a Xunta de Galicia para o hospital de Ourense— ...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...¿pretenderá que os traballadoras e traballadores contiñan facendo eses quilómetros diarios para levar unha comida que acaba chegando fría ás doentes que están nese novo edificio?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desde logo, para o BNG ese non é o horizonte de cociña en condicións óptimas que lle exiximos a vostede. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas pola súa pregunta.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Mire, señora Presas, eu recordo un edificio..., non había edificio, era maqueta, que foi moito máis presentado, moitas veces, e foi o de Vigo. *(Aplausos.)* O hospital de Vigo presentouno o Goberno bipartito do Partido Socialista e do BNG cinco veces, ¡cinco veces! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E despois eu teño fotos do Álvaro Cunqueiro, xa construído polo Goberno do Partido Popular, fotos de todos os que foron portavoces presidentes dos partidos da oposición, de todos, e de cada un tres ou catro porque foron cambiando. Temos fotos de todo tipo.

Pero miren, somos conscientes de que desde a construción e a posta en funcionamento do novo hospital as distancias de distribución son maiores, afectando a tempos de servizo, pero para iso tamén hai bandexas isotermas; isotermas: que manteñen a temperatura. Procedeuse, para que iso non ocorrera, a reforzar a distribución das comidas con tres novos profesionais por cada turno, para dar cobertura en tempo e forma á repartición de carros e poder atender de maneira eficaz o servizo das unidades do novo edificio. Evidentemente, na nova cociña, onde temos xa o espazo baleiro, vai estar máis próxima á hospitalización actual, á nova hospitalización, esa nova hospitalización que merecían os veciños de Ourense, con plantas con moitísimas luminosidade, con habitacións individuais ou dobres. A verdade é que isto vai acabar de completarse con esta reorganización.

Desde o servizo de cociña, todos os pratos elaborados cumpren coa normativa vixente en lexislación alimentaria e o sistema de autocontrol implantado. Tómanse rexistros das distintas temperaturas dos alimentos á hora de ser empratados, oscilación entre 70 e 90 graos centígrados ao saír das nosas instalacións. E vólvense tomar en planta, de maneira aleatoria, oscilando os rangos entre 50 e 70 graos; é dicir, que está estudado, está traballado e non é algo aleatorio.

Desde a semana pasada está publicada no DOG e na plataforma de contratos de Galicia a licitación da nova cociña, que ten como obxecto a subministración de equipamento de cociña coa adecuación de espazos con destino ao novo edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Tamén no DOG do pasado luns, 19 de marzo de 2018, está publicada. A data límite de presentación das ofertas é do 11 de abril de 2018 e o importe é de 3.750.000, importe con IVE.

Tras un proceso de valoración técnica, a decisión tomada sobre o modelo é que a nova liña de cociña será mixta, fundamentalmente quente, pero tamén fría.

Como é natural, unha vez finalizado o prazo de presentación das ofertas, procederá ao seu estudo e valoración por parte da Mesa de contratación, para poder proceder á súa adxudicación.

Evidentemente, nin o conselleiro nin ninguén da consellería vai precisar que día a Mesa de contratación terá establecido cal é a empresa adxudicataria, pero, evidentemente, estamos falando de pouco prazo. O 11 de abril de 2018 é a data límite para presentar as ofertas. Polo tanto, pronto contaremos cunha cociña magnífica, como o novo edificio de hospitalización, e, desde logo —como digo—, seguir mellorando os servizos sanitarios.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a dotación dos medios humanos e materiais suficientes ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Boa tarde ás compañeiras de Urgencias do Clínico que nos acompañan hoxe dende a tribuna e que están agardando unha repostada por parte do conselleiro de Sanidade.

A situación das urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela é unha situación urxente tamén, é unha situación límite. As traballadoras e os traballadores xa non poden máis e levan semanas protestando ás portas do seu centro. Non se pode traballar, señor Almuíña, nestas condicións: falla de persoal crónica e estrutural do servizo, falla de recursos, cada vez peor, e nunha situación que non é puntual, que se arrastra dende hai unha década.

O problema é que o material, evidentemente, co paso do tempo cada vez está máis desgastado, cada vez hai menos material, e o persoal cada vez é máis insuficiente. Persoal que ademais chegou ao seu punto límite de paciencia cos últimos colapsos do Servizo de Urgencias vividos nestes meses de inverno. Unha situación de saturación total, na que as persoas non están sendo atendidas coa calidade asistencial que se merecen e os profesionais non dan máis, afogados pola elevada carga de traballo. Unha situación moi seria dun servizo que atende aproximadamente a 4,6 concellos e a arredor de 400.000 persoas.

Cada estancia media, señor Almuíña, no Servizo de Urgencias ronda as 11 horas de media, ¡11 horas de media!, segundo nos trasladan os traballadores e as traballadoras. E, dende logo, ás estancias máximas xa non nos imos nin a referir porque a situación é altamente grave.

Profesionais totalmente asfixiados, falla de persoal estrutural, como indicaba; unha falla estrutural que corresponde á totalidade do Servizo Galego de Saúde. En todos os servizos de urxencias hai problemas moi graves de falta de persoal, pero é que no caso de Compostela, nalgúns casos, incluso hai unha deficiencia moitísimo máis elevada significativamente —como vostede xa coñece— que no resto de servizos. Os traballadores e traballadoras teñen entregado unha táboa comparativa, que ten sido analizada por parte da Xerencia ou do director de procesos asistenciais, na que se indica que hai 10 enfermeiros e enfermeiras menos en plantilla que en Coruña e Vigo, 19 auxiliares de enfermería menos, e no caso dos celadores e celadoras as cifras son moitísimo máis elevadas.

Esta situación é inadmisíbel, e estamos acumulando doentes nos corredores. Pero é que ademais sufrimos tamén a obsolescencia dos materiais. O respirador máis novo ten 18 anos, falamos de aparellos de raios de 18 anos, que se avarían continuamente, falamos da ausencia de padiolas, da ausencia de camillas, e de situacións nas que teñen que estar retirando camillas as ambulancias médicas para poder atender os doentes.

A situación é totalmente urxente, señor Almuíña, non admite ningunha demora. Levamos anos, e levamos meses agardando medida que incrementen os profesionais e os recursos materiais.

¿Vai tomar vostede algún tipo de medida? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para respostar ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores parlamentarios, o desenvolvemento dos servizos de urxencias nas últimas décadas é unha cuestión indiscutible: reformas estruturais, dotación de persoal, plan de continxencias estacionais, diferentes procesos, vías clínicas, circuítos alternativos.

Así, en reformas estruturais temos renovado e reforzadas as infraestruturas do servizo de urxencias, e seguimos coas melloras. Os pacientes son sempre atendidos, primeiro, a través do proceso de triaxe, implantado en todos os hospitais galegos no ano 2013, e, en función deste, coa prioridade establecida.

Posteriormente, en función desta selección, distribúense os pacientes nas distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valoradas polo facultativo en función dos niveis desta clasificación e non segundo a hora de chegada aos servizos de urxencias. Desta forma, e con esta clasificación internacional, asegúrase que os pacientes críticos e urxentes sexan atendidos antes de aqueles que non o son.

No Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago atendemos no ano 2017 154.763 pacientes, o 80 % adultos e o 20 % pediátricos. Aproveito para saudar ao persoal dos servizos de urxencias que estea visitando hoxe na tribuna de invitados, e a ver-

dade é que é un orgullo para min representar eses 38.000 traballadores, profesionais dunha larga experiencia e, dende logo, cunha actitude de trato persoal e profesional moi moi importante.

Supón que neste ano 2017 houbo un incremento de 3.119 urxencias máis que no ano anterior. Un incremento a expensas das urxencias de adultos fundamentalmente, máis que pediátricas; en total, un 2,8 % máis. Ingresaron un 15 % das urxencias atendidas, mesma porcentaxe que no ano anterior, o que supón máis de 23.000 pacientes ingresados, e unha media de 63 ingresos diarios.

Este volume de urxencias distribúese por quendas da seguinte forma. Nas urxencias de adultos en turno de mañá recíbese aproximadamente o 45 % das demandas de atención urxente; no turno de tarde o 38,1 % e no de noite o 16,8 %. É dicir: o 83 % das demandas de atención prodúcese durante o día.

Nas urxencias pediátricas, aínda que a proporción mantense similar ao 80 % durante o día, fronte ao 20 % durante a noite, é durante o turno de tarde cando se recibe unha maior demanda, o 50 %, fronte ao 30 % pola mañá.

O tempo de asistencia, é dicir, o tempo entre a entrada en urxencias e o primeiro contacto, de media en total, no ano 2017, foi de 47 minutos, fronte aos 51 no ano 2016, 4 minutos menos, o que indica —como dicía— a eficiencia do equipo profesional que temos alí.

Por outra parte, no Servizo Galego de Saúde somos conscientes da importancia da atención primaria, que foi quen de acadar un nivel de resolución de urxencias nos puntos de atención continuada de un 91,28 no 2017. Só 8 ou 9 pacientes que foron ao PAC tiveron que ser remitidos a urxencias hospitalarias.

Ademais, temos outros programas que permiten que os pacientes non teñan que achegarse aos hospitais para ser atendidos, entre eles está o programa Telea, a hospitalización a domicilio...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e non me podó olvidar tamén do importante apoio que realiza para todas as urxencias e emerxencias en Galicia o 061.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, creo que os traballadores e as traballadoras teñen xa representantes, que son os seus representantes sindicais, vostede de momento creo que está aquí para adminis-

trar e xestionar os recursos de sanidade. Talvez algún día sexa vostede admitido nalgún sindicato, non o sei. (*Aplausos.*) Pero por agora podería aproveitar, á parte de darme uns datos que son moi interesantes, (*Murmurios.*) relativos á asistencia, podería aproveitar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere intervir, seguramente no próximo Pleno lle permiten facer algunha pregunta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Vega.

Silencio, que están no uso da palabra. Silencio. Silencio é silencio, non é si e seguimos falando.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, os datos son importantes, son relevantes e está moi ben coñecelos, pero a min gustaríame que vostede respostase á pregunta que eu lle traio neste Pleno, que é a súa obriga, por outra parte.

Trasládolle e trasladeille as deficiencias de persoal estruturais que denuncian tanto no caso das auxiliares de enfermería, no caso das enfermeiras e enfermeiros e no caso dos celadores e celadoras. Neste caso, a plantilla de Compostela fórmala 24 profesionais, a de Coruña, 42, e a de Vigo, que son hospitais cun volume grande de atención, 89.

A realidade é que os profesionais non poden máis, e vostede hoxe aquí debería de dar unha resposta, non só saudalos, que tamén está moi ben. De feito, ao rematar o Pleno pode ir falar con eles e trasladarlles cando van tomar algún tipo de medida. Entre outras cousas, porque están cansos de trasladalo, antes de que vostedes mudasen a Xerencia e voltasen poñer á señora Eloína, que xa non sei onde vai acabar, a verdade.

Pero é que ademais, señor Almuíña, o director de procesos asistenciais admitiu e recoñeceu precisamente as deficiencias de persoal e comprometeuse a poñer sobre a mesa medios humanos e materiais e un plan de reorganización. Iso foi en novembro, pasaron os meses e non hai nin unha soa medida. En xaneiro, a señora xerente anunciaba a mesma medida. Pero é que despois, ante as protestas, voltaron unha vez máis a anunciála. O persoal non pode máis, téñenos arriba. Hai xente nos corredores continuamente, por deficiencias estruturais de persoal no servizo, e, dende logo, o que tampouco é admisible é material obsoleto de hai 18 anos e que nin sequera haxa camillas para colocar as persoas maiores e enfermas.

Resposte e dea algunha solución.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Para o turno de réplica por parte do Goberno ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Eu non me nomeei como representante de ningún sindicato, eu son o conselleiro da Consellería de Sanidade e creo que represento os 38.000 traballadores. (*Aplausos.*)

E mire, de verdade que tamén é triste que fale da xerente de Santiago dicindo que a volvemos pór en Santiago. Non entendo. O outro día preguntaban cantas xerentes hai na Consellería de Sanidade. Hai 1 en Santiago, e parece que se ataca estea onde estea. Ou sexa, que eu creo que hai que actuar segundo a valía persoal das persoas.

E mire, voulle describir, porque creo que é bo saber o que hai, porque con fotos desde a fachada non se coñece o que hai.

Mire, na área de adultos hai 2 consultas de triaxe; 9 consultas: 6 polivalentes, 1 de otorrino, 1 de oftalmoloxía, 1 de psiquiatría; 4 postos de reanimación, 6 boxes de monitorización, 20 boxes de exploración convencional, 49 boxes de observacións con 4 de illamento, 20 sillóns para tratamento, 1 sala de xesos e sala de curas.

A urxencia pediátrica conta con triaxe, 3 consultas polivalentes, 1 sala de reanimación, 7 boxes de exploración, 1 sala de xesos.

A área de urxencias obstétricas xinecolóxicas conta con 1 consulta e 1 box de exploración.

En canto ao equipamento, o servizo está dotado na actualidade de 15 monitores multiparamétricos, 8 desfibriladores, 6 respiradores, 4 equipos para ventilación non invasiva, 9 electrocardiógrafos, 2 tensímetros, 7 pulsiosímetros, 4 gasómetros, 1 ecógrafo.

Eses equipos fóronse incrementando nos últimos 2 meses coa adquisición de 20 sillas de rodas, 10 camillas, 3 tensímetros, 3 pulsiosímetros e 2 electrocardiógrafos.

Este equipamento responde de forma continua, sempre en función das necesidades asistenciais e do seu desgaste e deterioración polo uso. Evidentemente, haberá algúns que teñan máis anos de antigüidade e outros son máis recentes.

A dotación de persoal. Creo que se olvidou algo do persoal. Eu falo de todo o persoal de Urxencias porque todos son profesionais que atenden a urxencia. Son 187 profesionais, 41 facultativos, 70 enfermeiros e enfermeiras, 44 TCAE, 32 celadores; creo que é un cadro que o podemos comparar con calquera outro non de Galicia, de España. Temos que ver o número de urxencias, evidentemente.

Este cadro viuse reforzado durante os últimos meses coa presenza dun médico máis en turno de tarde, 2 enfermeiros/enfermeiras máis no turno diúrno, 2 TCAE máis no turno diúrno e un celador en turno de tarde. E se a demanda asistencial o require, reforzase con máis persoal segundo as necesidades. Nós, desde logo, estamos sempre actuando e reforzando segundo as necesidades, e Urxencias necesítas, necesita que se reforce.

Pero, mire, voulle dar un dato máis. As sociedades científicas, tanto nacionais como internacionais, aceptan que un médico de urxencias pode atender 4.445 urxencias/ano. Neste momento nós estamos exactamente nunha ratio inferior, en 2.992 pacientes/ano, que divididos entre os 220 días laborais supoñen unha media de 13,6 pacientes por facultativo e profesional.

O número de queixas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que hai do Servizo de Urxencias é moi pequeno. Exactamente, no ano pasado foron 175 queixas que se puxeron sobre o Servizo de Urxencias, que é o 0,11 % do total da actividade. Pese a todo, consideramos —como dicíamos anteriormente no caso de Ourense— que nós seguimos estudando día a día as demandas e as necesidades, e adaptámonos a elas. Tanto en mellora de instalacións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...como en contratación de persoal. E imos seguir nesa liña, preguntando que necesitan os nosos cidadáns para dotar os nosos hospitais e os nosos centros de saúde tanto de equipamento como de persoal.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego en relación coa implantación e o funcionamento das casas niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleiro.

Dende hai máis de vinte e cinco anos cada ano morren en Galicia máis persoas que nacen. Ademais, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2016 —que son os últimos que coñecemos—, dos 313 concellos que hai en Galicia, só 14 tiveron saldo vexetativo positivo. E destes, a maioría dos nacementos, 4 de cada 5, foron nas provincias atlánticas; hai que dicir, ademais, que o 78,2 % das nais superaban os 30 anos.

Estes datos non son exclusivos de Galicia, son similares aos de moitas zonas de España, practicamente todo o país, e tamén de Europa. O reto demográfico, sen embargo, é un problema por moito que sexa común, é un problema para nós. O reto demográfico supón tamén solucionar o noso futuro: o futuro económico e o futuro social, algo que entendeu perfectamente a Xunta de Galicia, quen marcou na súa axenda política como prioritarias as políticas demográficas. Políticas demográficas con medidas transversais que van dende axudas directas ata servizos e medidas de conciliación. Tan só en escolas infantís pasouse de 12.000

a 24.000 prazas; tamén o Bono Concilia, o Bono Coidado, medidas fiscais... en fin, unha serie de medidas que van destinadas especificamente á demografía.

Porque, señor conselleiro, ninguén pode obrigar a unha muller ou a un home a ser nai ou pai, pero si temos a responsabilidade, tanto os que estamos no Lexislativo como os que están no Goberno, de crear os medios favorables para que aqueles que queiran selo teñan as mellores condicións. E neste sentido, dentro destas medidas, creo que unha das máis positivas, valorada en todas partes fóra de Galicia —e cónstame porque estiven en foros onde así se puxo de manifesto—, son as casas niño. Unha medida pensada para ámbitos rurais de menos de 5.000 habitantes, para que tamén as familias do rural teñan medidas de conciliación, para que tamén os homes e mulleres do rural teñan as mesmas posibilidades que os da cidade; que ademais crean emprego e que ademais asentan a poboación na zona do rural.

Unhas casas niño nas que se leva investido máis de 5 millóns de euros nos últimos dous anos, dende que se puxeron en marcha, e que favorecen, ademais, que as persoas que viven no rural poidan ter ese servizo de forma absolutamente gratuíta.

Por iso eu lle quería preguntar hoxe ¿cal é a valoración que fai o Goberno das casas niño como recurso de conciliación nos núcleos rurais? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, señorías, moi boas tardes.

Compartimos a preocupación, polos datos que acaba de poñer de manifesto, no que pensamos que é un dos retos fundamentais para afrontar non só o presente, senón moito máis importante, o futuro da nosa terra.

Dentro dese reto, o apoio á infancia, ás familias e á conciliación constitúe un dos piares fundamentais que caracterizan o impulso que este Goberno está a dar ás políticas sociais. De aí que o orzamento autonómico para esta área, para a área de familia e conciliación, aumentase nun 54 % dende que hai case tres anos se creou a Consellería de Política Social, alcanzando neste orzamento do ano 2018 os 133 millóns de euros.

Este reforzo orzamentario permítenos, obviamente, dar maiores servizos en escolas infantís, que son un elemento esencial de conciliación. Permítenos tamén estender a Tarxeta Benvida ata os tres anos; e tamén estendela a aquelas familias que adoptan un menor, durante o primeiro ano, con independencia da idade que teña o menor no momento de ser adoptado.

O obxectivo, polo tanto —como vostede puña de manifesto na súa pregunta—, é xerar as condicións máis adecuadas para que as persoas poidan desenvolver unha familia, por-

que Galicia tampouco se entendería sen no noso rural. A este compromiso cos galegos e galegas, especialmente do medio rural, responden as casas niño, que constitúen un recurso de conciliación que puxemos en marcha de maneira totalmente innovadora en Galicia no 2016, para dotar precisamente de recursos de atención continuada e profesional a infancia, aos nenos e nenas de ata 3 anos de idade. Un servizo cunha atención gratuíta —que é algo moi importante e que o diferencia de moitos outros servizos de carácter público—, en pequenos grupos, con horarios flexibles. Na actualidade temos un total de 29 casas niño. A estas estanse a sumar outras 17 casas niño da convocatoria do ano 2017. E ademais, señorías, anúnciolles que no primeiro semestre deste ano 2018 temos previsto a publicación dunha nova convocatoria —a terceira—, que permitirá poñer en marcha 15 novas casas niño. En definitiva, con esta medida, e con soamente tres convocatorias de axudas, estamos facendo posible a creación dunha rede de atención á infancia no ámbito rural, en materia de conciliación, de 61 casas niño, cun orzamento previsto de 6 millóns de euros.

Todas estas medidas fan posible que Galicia teña hoxe unha ratio de cobertura superior ao 40 % de nenos e nenas de 0 a 3 anos, superando os 7 puntos da ratio recomendada pola Unión Europea.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra para a réplica a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señor conselleiro, escoitándoo a vostede unha dáse conta de que vai sendo certo iso que a vostede mesmo lle teño escoitado moitas veces, e ao propio presidente, de converter a Galicia no mellor lugar para nacer e para vivir.

Pero, ademais, escoitándoo a vostede estou convencida de que todos os que estamos neste hemiciclo, independentemente da nosa ideoloxía, pensamos que as casas niño son un bo recurso. Que é un bo recurso para o rural porque é un recurso que incide en tres elementos dos que aquí todos os grupos falamos a cotío: é un magnífico recurso para a conciliación, algo que sempre se reclama; que fixa poboación no rural, algo no que tamén incidimos sempre; e que xera emprego, favorecendo o reequilibrio territorial.

Medidas para o rural que se veñen sumar a outras como os impostos cero, as facilidades para a creación de empresas, ou mesmo para a restauración de núcleos. Un rural do que tanto falamos todos aquí, pero no que eu ás veces creo que ao mellor non se cre tanto por parte dalgúns. Porque, mire, cando estivemos aquí a demandar a creación de máis casas niño, a oposición non fixo caso; ou, bueno, fixo caso dicindo que non as consideraba necesarias. Alégrome de que vostedes non tiveran en conta esa opinión, de que vostedes seguiran traballando, e de que —se as contas non me saíron mal nunha suma que fixen agora a raíz do que vostede me dixo— poidamos contar xa no 2018 con 60 casas niño e con 300 novas prazas no ámbito rural. Algo que ata o de agora era case impensable, que concellos con 1 ou 2 nenos puideran ter ese recurso de conciliación.

Xa sei que isto é unha pregunta, pero eu faría un inciso pedindo aquí a unanimidade de toda a oposición cando falemos de demografía; que nos deixemos tanto do non polo non e que, se unha medida é boa, a apoiemos, como é a das casas niño.

Perdón, señor conselleiro, por este inciso.

Xa para rematar, simplemente preguntarlle neste turno de réplica se nos pode explicar un pouco máis os pormenores de funcionamento destas casas e se van incidir vostedes nas medidas de conciliación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

O programa das casas niño constitúe, como dicía, unha clara aposta deste Goberno por que os pais e as nais do ámbito rural non sexan diferentes aos pais e ás nais do ámbito urbano. É moito máis fácil ter recursos, neste caso recursos sociais de conciliación, nos ámbitos urbanos que nos ámbitos rurais. Parecía practicamente imposible en Galicia hai uns anos pensar que, efectivamente, 60 concellos que non tiñan recursos de conciliación, tres anos despois puidesen telos.

A nosa ambición como Goberno, respondendo ao que entendemos que é un compromiso cos galegos e galegas, é precisamente seguir estendendo esa rede. Por iso anunciei hai pouco tempo unha nova convocatoria para esta anualidade de 15 novas casas niño, que significarán nin máis nin menos que 15 concellos que non tiñan ningún recurso público de conciliación pasen a ter un recurso de conciliación.

Ao mesmo tempo, para nós, ademais dos recursos de conciliación —que son imprescindibles e son unha das columnas vertebrais de calquera política social, porque promoven a igualdade de oportunidades e promoven unha educación igualitaria dende o momento do nacemento—, tamén é moi importante a súa ubicación, porque contribúe dunha maneira significativa á dinamización da contorna rural mediante fórmulas de autoemprego e fórmulas de economía social.

Consegue en moitos casos que xente con preparación importante, que abandonara o ámbito rural, poida volver precisamente ao ámbito rural coa titulación necesaria precisamente para desenvolver así a súa profesión. Baixo a blindaxe dunha convocatoria de axudas públicas, unha axuda ao investimento de 15.000 euros para a posta en marcha da actividade social das casas niño, e despois unha blindaxe anual dun importe algo superior aos 19.000 euros, que permite —xa digo— desenvolver esta actividade. Polo tanto, non só son un recurso de con-

ciliación, non só son un recurso social, senón que son un recurso importante para reter e para atraer poboación nova no rural galego e fomentar tamén o reequilibrio territorial. Porque un medio rural atractivo, vivo e dinámico pasa tamén porque os veciños e veciñas destes concellos teñan ao seu alcance estes novos recursos.

No que resta de lexislatura, señora deputada, o Goberno seguirá traballando para impulsar a natalidade, seguirá traballando para apoiar o coidado dos fillos, para mellorar a conciliación familiar e laboral e para reforzar tamén as axudas directas ás familias, como base para que Galicia siga sendo unha comunidade onde maiores facilidades teñen as familias para ser pais e para ser nais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.


Da seguinte pregunta saben vostedes que foi solicitado o seu aprazamento. Polo tanto, debatidos todos os puntos, remata a sesión.

Boa tarde.

Remata a sesión ás seis e vinte minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25